

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 21 de decembro de 2018
--

No salón de sesións do Pazo Provincial da Deputación de Ourense, ás dez horas do día vinte e un de decembro de dous mil dezaoto, reúnese o Pleno da Corporación Provincial, baixo a presidencia de don José Manuel Baltar Blanco, presidente da Deputación, co fin de realizar a sesión ordinaria da Deputación Provincial en primeira convocatoria, constituíndose a Corporación cos deputados don Rosendo Luís Fernández Fernández, don Jorge Pumar Tesouro, don Plácido Álvarez Dobaño, don Pablo Pérez Pérez, dona Montserrat Lama Nóvoa, don Manuel Doval Soto, don Antonio Montero Fernández, dona Ana M.^a Villarino Pardo, dona Consuelo Vispo Seara, don Juan Anta Rodríguez, don José Antonio Feijóo Alonso, don Miguel Antonio Cid Álvarez e dona M.^a Teresa Cerdeira Valiñas, do Grupo Popular; don Francisco José Fraga Civeira, don Miguel Bautista Carballo, don José Ignacio Gómez Pérez, dona Elvira Lama Fernández, dona Isabel Gil Álvarez, dona Susana Rodríguez Rodríguez, don Vicente Gómez García e don Adolfo González Nóvoa, do Grupo do PSdeG - PSOE; don Gonzalo Pérez Jácome e don Armando Ojea Bouzo, do Grupo de Democracia Ourenzana; e don Ramiro Rodríguez Suárez, do Grupo do BNG.

Actúa como interventora dona Mónica Legaspi Díaz. Dá fe do acto o secretario xeral da Corporación, don Francisco Cacharro Gosende.

O deputado de Democracia Ourenzana, don Gonzalo Pérez Jácome, estivo ausente na votación dos puntos terceiro, cuarto, quinto, sexto e oitavo da orde do día.

O deputado do Grupo Socialista, don Miguel Bautista Carballo, estivo ausente na votación do punto terceiro da orde do día.

Durante a votación do punto sétimo da orde do día ausentáronse dos seus escanos os/as deputados/as do Grupo Socialista (agás a súa portavoz, dona Elvira Lama Fernández).

O deputado do Grupo Socialista, don José Ignacio Gómez Pérez, ausentouse cando se trataba o punto oitavo da orde do día e non regresou.

Antes de entrar a tratar os asuntos incluídos na orde do día o deputado portavoz do BNG, don Ramiro Rodríguez Suárez, fixo a seguinte intervención:

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG: bos días a todas e a todos. Unha cuestión previa, se me permite antes de iniciar o Pleno, antes do primeiro punto. Simplemente para dicir que nós accedemos a cambiar a data do Pleno porque nos parece que en política nada debe ser ríxido e pensabamos que esa flexibilidade tamén significaba que, o ao acurtase o prazo para a presentación de iniciativas, houbera unha certa relaxación.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 21 de decembro de 2018
--

Por iso presentamos, tal como quedaramos na Xunta de Portavoces unha moción o mesmo día que se celebraban as comisións coa convicción plena de que entraría para o Pleno e sería debatida e, sorprendentemente, non se nos aprobou esa urxencia e no foi ditaminada; co cal, terá que esperar para o seguinte Pleno. Isto para nós abre un precedente, por iso, xa lles anuncio que, de aquí en adiante, non aceptaremos ningún cambio de data no Pleno e limitarémonos a dar cumprimento do acordado no Pleno de organización. Simplemente quería deixar isto aclarado con antelación antes de iniciar este Pleno do día de hoxe. Nada máis. Moitas grazas.

O Sr. Presidente cédelle a palabra ao señor secretario para que aclare esta cuestión:

D. Francisco Cacharro Gosende, secretario xeral da Deputación: simplemente o que quería era aclarar que o acordado, se mal non lembro, na Xunta de Portavoces era que se prorrogaba ata o día 10 o prazo para presentar as mocións correspondentes ás comisións que se convocaban o día 7, venres, e esa moción da que vostede fala creo que se presentou o día 13. Por outra banda, era unha moción relativa á cooperación cos concellos en materia de riscos laborais e a comisión de Cooperación tivera lugar o día anterior, o mércores 12.

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación e que está dispoñible integramente no portal de vídeo acta da Deputación Provincial de Ourense, no seguinte enlace: videoacta.depourense.es

1º.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á EXTRAORDINARIA DO DÍA 6 DE NOVEMBRO DE 2018.-

A Presidencia pregúntalles aos membros asistentes se existe algunha observación que formular ao borrador da acta da sesión extraordinaria do día 6 de novembro de 2018, que foi distribuído coa convocatoria da sesión.

Non se formulan observacións e a acta do 6 de novembro de 2018 é aprobada por unanimidade.

2º.- RESOLUCIÓN DE RECLAMACIÓNS E APROBACIÓN DEFINITIVA DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE.-

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa de Transparencia e Administración Provincial.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 21 de decembro de 2018
--

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG: grazas señor presidente. Bo día outra vez a todas e todos. Simplemente repetir o que xa dixemos na aprobación inicial; moi resumido en todo caso. Nós, daquela, xa votamos en contra desta RPT e basicamente era por dúas cuestións. Primeiro, porque debuxa unha pirámide de postos de traballo por grupos profesionais para o ano 2018 que medraba por riba e diminuía por abaixo e porque tamén nos atopamos cunha RPT carente de racionalidade na que existen 200 xefaturas, é dicir, un 22% dun total dos 908 postos de traballo, é dicir, estamos a falar dun xefe por cada catro traballadores e medio. Entón, como agora estamos resolvendo alegacións e aprobando definitivamente a RPT, nós vamos a manter o voto que mantiveramos orixinalmente que vai ser, como xa dixen, o voto en contra. Moitas grazas.

D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz de Democracia Ourensana: hola, buenos días. Nosotros, primero decir que nos extraña que al Bloque no se le haya dado esa prerrogativa de presentar una moción, con los tiempos más abreviados, debido a lo que ha ocurrido, por varios motivos. Primero, porque el mismo secretario ha dicho que todavía no tiene el acta porque no le ha dado tiempo, con lo cual está claro que los tiempos se han acertado; pero es que además de eso van a traer ustedes ahora, aquí, por vía de urgencia el tema de las obras. Entonces, realmente, nos parece una falta de respeto que al Bloque no se le permita eso. Lo entenderíamos perfectamente que no se nos permitiera traer una moción de urgencia a nosotros, a Democracia Orensana, eso lo entenderíamos perfectamente; pero hombre, al Bloque que el Bloque, *carallo*, o al PSOE... A nosotros lo entenderíamos, pero al Bloque o al PSOE, joder, tenéis que permitirselo. Bueno, con este tema de la Relación de Puestos de Trabajo tengo que decir varias historias, que es la gran diferencia que hay entre José Manuel Baltar y Jesús Vázquez, el alcalde de Orense, el todavía alcalde de Orense y este, también, el todavía presidente de la Diputación, le quedan 5 meses, estamos a 5 meses de las elecciones; *quédanlle 5 meses para estar ahí* y al alcalde igual. Entonces, hay una gran diferencia entre José Manuel Baltar y Jesús Vázquez y todo tiene que ver a la importancia que le des a las prioridades y lo que tú consideras; para José Manuel Baltar son muy importantes todas estas medallas de, entre comillas, hacer aparentar que lleva todo perfectamente, como es la Relación de Puestos de Trabajo. Si bien es cierto, hoy le dan un golpe porque había tenido a cinco falsos autónomos empleados en el Paco Paz y una sentencia hoy ha dicho que los tenía ahí

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 21 de decembro de 2018
--

encubiertos; eso al margen de toda la telaraña de enchufados que tiene. Entonces, por un lado eso, que tiene sus defectos; pero es una persona que intenta siempre cumplir los plazos, de hecho siempre presume que es el primero de España, que es algo absurdo, pero bueno, el primero de España en presentar los presupuestos. Por contra, está Jesús Vázquez, el alcalde de Orense, que es el primer alcalde de una capital de provincia en la historia que no ha presentado los presupuestos y tardó tres años en presentarlos al Pleno. Cuando los presentó, los traía con fallos de Intervención que, obviamente, por eso se le echaron fuera, pero no los volvió a presentar. Entonces, ¿por qué este señor los presenta en tiempo y plazo? José Manuel Baltar presenta la Relación de Puestos de Trabajo, mientras que Jesús Vázquez, en cuatro años, no ha presentado la Relación de Puestos de Trabajo, ni ha renovado concesiones. ¿Por qué este señor lo hace y Jesús Vázquez no? Muy fácil, por las prioridades. Este señor cree que es importante de cara a la galería hacer todo eso; aunque luego lo importante, que es que la provincia va abajo, pues eso ya da igual. Pero estas medallitas las cuelga. Por otro lado, Jesús Vázquez (hola, tengo poco audio), Jesús Vázquez piensa que todo eso no es importante, porque Jesús Vázquez cree que lo más importante es ir a los actos, saludar a la gente, salir en fotos y la prensa. Entonces, son dos prioridades distintas. Jesús Vázquez está convencido que lo está haciendo bien electoralmente porque él dice, bueno, yo tengo muchos allegados que han trabajado con él que dice que lo importante es la prensa, si sales en las fotos, esa es la clave. Entonces, esto es un tema burocrático. Baltar tiene otra opinión, cree que hay que hacer estas medallitas, presidir el consejo de no sé qué, irse a Bath a hacer una foto, o sea, estando en rollos burocráticos. Este es más burocrático y el otro de fotos; obviamente, a los dos le gustan las fotos. Sin embargo la realidad la trae precisamente su periódico, *La Región*, y la traía ayer aquí diciendo: *la economía crece en Orense por debajo de la media de Galicia*. Esta es la realidad, la realidad es que Orense va para abajo e incluso el periódico *La Región* lo dice, *la economía crece en Orense por debajo de la media de Galicia*. Respecto a esto de aquí, decir que José Manuel Baltar no fue capaz de atajar lo que él dijo que era reducir empleados públicos, sigue teniendo una cuota desproporcionada de empleados públicos, prácticamente todos enchufados. Yo soy la primera persona que puede decir, al margen de que aquí el PSOE en su día hizo una denuncia para denunciar esos 109, o ciento y pico, que había enchufado su padre; pero el resto de trabajadores de la Diputación, el noventa y pico por cien, están enchufados. ¿Cómo se sabe o cómo se puede asegurar, sin riesgo a que me denuncien, que me

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 21 de decembro de 2018
--

lleven a los tribunales, de que están enchufados? Hombre, obviamente, por los expedientes de contratación. Si nosotros vemos, por ejemplo, cómo ha entrado la señora interventora, el señor secretario, fue por un proceso de oposiciones donde había cientos de aspirantes para, a lo mejor, 25 plazas. Entonces, obviamente una oposición nacional como la que aprobó el señor secretario, o la señora interventora, vemos que es un proceso competitivo donde obviamente eran muchos y, ahí lo vemos, un temario extenso, se convocó en tiempo y forma y, para pocas plazas, había miles o cientos de aspirantes. Es la gran diferencia, ¿no? Son titulados nacionales. En la Diputación, ¿cómo son todos? Si vemos los expedientes, vemos como, a lo mejor se presentaron 3 personas para 2 plazas, o 2 para 2. Entonces, más claro agua de que entraron todos por enchufe; igual que en el Concello. Por eso, nadie me puede denunciar por lo que estoy diciendo, porque es totalmente cierto. Cualquier juez que vea el expediente de contratación del 95% de los empleados de la Diputación, ¡hombre!, nos tiene que dar la razón a nosotros que, obviamente, entraron por enchufe. Y nada más que es una pena, en realidad esto se viste como reamente correcto, como realmente aprobado en tiempo y forma; pero lo que subyace de fondo es que todos entraron por enchufe. Ojo, fíjate hasta qué punto es una persona despreciable, José Manuel Baltar, que incluso toda esa gente que entró por enchufe, enchufada por el padre principalmente, se rebelan contra él y la mayoría no le van a votar porque es una persona que cae tan mal a los suyos, que incluso los que enchufó no lo van a votar.

D.^a Elvira Lama Fernández, portavoz do Grupo Socialista: grazas presidente. Bos días a todas e a todos aos que nos acompañan e aos que nos ven polas canles de televisión. Trátase dun documento administrativo de estimación ou non estimación das reclamacións dos traballadores desta casa, nas que, en teoría non deberíamos de entrar a valorar politicamente. En canto á aprobación definitiva da RPT desta casa, visto que no Pleno de aprobación inicial votamos en contra, non procede que mudemos o voto. Pero antes quería facer un par de consideracións. Efectivamente como acaba de dicir o portavoz que me precedeu na palabra, aquí sigue habendo lugares escuros e sitios onde as contratacións seguen a facerse de xeito irregular. Aí está a sentenza que recolle hoxe a prensa, onde nos vén a dicir que hai contratacións que antes lle chamaban de asistencia técnica, concretamente de profesores que prestan algún tipo de servizo en actividades do Paco Paz. Por un lado temos que dicir dúas cousas, eses falsos autónomos como se denomina comunmente nos últimos tempos, pois

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 21 de decembro de 2018
--

resulta que teñen que pasar a engrosar as filas de contratos a dedo desta casa; xente á cal se lle fai un contrato para unha actividade determinada, que se lle paga unha cantidade fixa, polo tanto teñen unha relación contractual con esta casa e cando acoden aos tribunais son os propios tribunais os que, mediante sentenza, lle obrigan ao señor presidente a adóptalos e a telos en *plantilla* fixos e membros desa RPT. Por outro lado, *bueno*, dicir que isto non é algo novo. Xa que non podemos contratar a dedo porque as leis agora nolo impiden, pois facemos outras cousas peores. Poño por exemplo un recente proceso para a contratación dun mestre de gaita, onde resulta que se presentan varias persoas, nun concurso de méritos, e que curioso que as bases están feitas ad hoc para a persoa que se vai seleccionar. É dicir, non é de recibo que unha persoa que presenta aquí os seus méritos académicos, teña máis e mellores méritos que outros que simplemente teñen uns cursos impartidos por esta Deputación. Iso é o mesmo que se eu quero contratar nun concello un xardineiro para que faga tarefas nos parques e xardíns, pero poño especificamente que ten que saber podar, pois non sei, roseiras; pois o resto de xardineiros non se poderán presentar. Dito sito, pensamos que esta casa segue a ser o que foi sempre, unha, quizais, a maior empresa desta provincia, ou polo menos unha das que ten máis postos de traballo, e dicir que é unha mágoa, señor presidente, que teñamos que dedicar recursos públicos, recursos desta Casa que ben se poderían dedicar a outras cousas; mentres seguimos pagando actividades, por exemplo, no Paco Paz para xente que vive e reside en Ourense, ¿por que temos que pagarlle actividades no Paco Paz a xente que vive en Ourense, mentres que a xente que vive en Xinzo, en Trasmiras, no Barco de Valdeorras, en Ribadavia ou en Petín resulta que esa xente ten que pagarse as súas propias actividades? Polo tanto, un concello que en teoría manexa máis recursos dos que manexa esta casa, ben podería pagar precisamente eses profesores e esas actividades que se están a impartir no Paco Paz. Repito, como nós esas reclamacións, as que se presentan aquí, non son un documento no que teñamos que entrar a valorar politicamente; aínda que si facendo as apreciacións que acabo de facer e as consideracións, me pregunto, ou nos preguntamos, onde están os informes de secretaría, de intervención e dos técnicos desta Casa, que hai moitos, para poñer reparo a esas contratacións que, supostamente non, os tribunais confirman que son irregulares, ¿onde están eses reparos, señor presidente? Polo tanto, como aquí neste punto leva implícito ou vai a aprobación definitiva da RPT, pois nós, igual que fixemos na aprobación inicial vamos a votar en contra.

D. Jorge Pumar Tesouro, do Grupo Popular: sí, gracias presidente. Buenos días a

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 21 de decembro de 2018

todas y a todos. Vamos a ceñirnos al punto del orden del día que es a lo que venimos, que es la resolución de las alegaciones de un expediente administrativo reglado que es la Relación de Puestos de Trabajo. Como saben ustedes, este expediente ya vino aquí a sesión plenaria, el 29 de junio. Hubo un período de exposición al público donde cualquier trabajador de esta Administración pudo hacer sus alegaciones. Ustedes no dijeron el número de alegaciones que hubo, se lo digo, hubo 67 alegaciones, de las cuales fueron informadas individualmente por servicios técnicos y jurídicos de esta Administración. De los cuales, 67 fueron admitidas, parcialmente, 10 reclamaciones e íntegramente 8 reclamaciones. Un total de 18 reclamaciones aceptadas. A mayores, en este período de tiempo, hubo dos mesas generales de negociación, con todo lo que es el Comité de Empresa, la Junta de Personal y los diferentes sindicatos que componen esta Administración. Estas mesas generales de negociación fueron el día 7 de diciembre y el 13 de diciembre. Toda esta información la tuvieron ustedes en la comisión de Transparencia y Administración de este mes, tuvieron toda la información y esto es lo que venimos a aprobar, unas alegaciones de empleados públicos de esta Administración que están en su derecho de reclamar lo que consideren oportuno. De estas 67 reclamaciones, una es consideración de estructura orgánica y las demás son de conceptos retributivos, de las cuales se aceptaron, como dije anteriormente, 10 parcialmente y 8 íntegramente. Señora Elvira Lama, le digo una cosa, no encienda el gallinero en el sentido de que en todos los procesos de selección de esta Administración no tiene por qué haber reparo administrativo de ningún funcionario de esta Casa si se hacen correctamente. Todos los procesos que están en vigor, que se están elaborando, si no hay ningún reparo es porque se hacen correctamente. En relación a lo que dicen ustedes del Paco Paz, yo creo que viven en el pasado, viven en el pasado. En el tema del Paco Paz, ya vino aquí en el Pleno del año pasado, cuando aprobamos la Relación de Puestos de Trabajo, cuando aprobamos la Oferta Pública de Empleo, publicada en el Diario Oficial de Galicia el 5 de abril de 2018 (tengo aquí copias para que ustedes la vean), aquí ya está regularizado el tema de los monitores del Paco Paz; regularizado, donde nosotros aprobamos una Oferta Pública de Empleo para que estas personas puedan concurrir en concurrencia competitiva con otras personas que quieran a optar a estos puestos de trabajo. Esto yo creo que es una información que sale hoy muy pasada, incompleta y, de alguna manera, yo creo que ustedes deben ver más los expedientes y ver que esto ya vino aquí en el Pleno del año pasado y publicado en el Diario Oficial de Galicia. Muchas gracias.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 21 de decembro de 2018
--

D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz de Democracia Ourensana: sí, yo sí voy a hacer uso del turno. Primero, tengo que darle aquí la bienvenida a la nueva portavoz del PSOE y también darle la bienvenida al próximo que venga, porque a este ritmo cambiarán dentro de poco. Bueno, no sé si es portavoz o *portavoza*, porque una vez los del PSOE habían reclamado ese término de *portavoza*, entonces bueno, que bienvenida. Me hace gracia porque el señor Pumar empezó diciendo, bueno, *vamos a ceñirnos al punto del orden del día* y, es verdad, el punto del orden del día es hacer el paripé. ¿A qué venimos aquí? ¿Tú realmente crees que con esto.? ¿Por qué no hicimos nosotros alegaciones? Porque no vamos a perder el tiempo en algo que, realmente, es una tomadura de pelo. Me hace gracia porque hablabais del Paco Paz y es donde iba a entrenar Marta Míguez, aunque era la coordinadora del Pabellón; o sea, *iso como o panadeiro que vai comprar o pan á panadería de enfronte, máis ou menos*. Que por cierto, Marta Míguez es la primera alto cargo que ¿cómo tendría que ser para que a los dos años la echaran de allí y volviera para aquí? *Aos dous anos botárona fóra* y vuelve para su puesto de trabajo, normalmente los recolocan por Santiago en un buen cargo; *esta volve para aquí de coordinadora para o pabellón*. Coordinadora que significa, durante una hora hacer los horarios de toda la semana, una hora; el resto de la semana no sabe qué hacer y cobra en torno a 2.000 € al mes. Bueno, decir, simplemente por aclarar algunos puntos que se han dicho que no tiene mucho que ver con la Relación de Puestos de Trabajo, pero que sí es importante, lo ha dicho la portavoz del PSOE; hablaban del Paco Paz. Es curioso porque me hace gracia lo poco que entiende, muchos de los profesionales que están aquí y algunas de las personas con las que he hablado, abogados, de cómo funciona la Diputación realmente y cuál realmente sería su cometido. Me hace gracia porque esto tiene que ver con un tópico, el otro día me decía una persona del Partido Popular, que estuvo en 20 elecciones, me dijo que en las próximas municipales (es un tópico y me hace gracia que él diga ese tópico), que diga que es muy difícil conseguir un concejal en Orense, porque al conseguir uno ya consigues el segundo; o sea, es muy difícil porque por la Ley d'Hont al conseguir uno consigues el segundo. Es una auténtica aberración, es una leyenda urbana, y me llama la atención que lo sigan diciendo profesionales de la política, es algo que no tiene sentido. Curiosamente, me hace gracia por lo que decía aquí la portavoz del PSOE, diciendo por un lado por qué motivo se le pagaba el Paco Paz, con dinero público, a las personas que vivían en Orense. Entonces, por un lado puede tener razón en el sentido que en Orense ese mercado, esa oferta podría estar cubierta por otros servicios –

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 21 de decembro de 2018
--

no solo privados, sino que también hay el Pabellón- y en los pueblos, aquellas personas que viven obviamente en el rural, si no tienen un servicio básico es donde lo público tiene que ir a socorrerlos en un tema tan vital como es poder hacer deporte, no. Pero por otro lado, era, como así, diciendo que los ciudadanos de Orense no tienen derecho a disfrutar (los ciudadanos de la ciudad e Orense) del dinero que invierte la Diputación porque el dinero de la Diputación está realmente para el rural. Esto es totalmente falso, el otro día decía un abogado, decía que incluso se debería prohibir que el dinero de la Diputación de invirtiera en la ciudad de Orense. Aquí es donde quiero decir yo que hay un error muy grande. Por un lado, el motivo por el que nacen las diputaciones, efectivamente, es para dar ciertos servicios básicos al rural; sin embargo los presupuestos de los que se nutre la Diputación no tienen nada que ver con este cometido, ya que estos presupuestos se confeccionan en relación también al número también de habitantes de la provincia y, obviamente, la ciudad de Orense es parte vital para conseguir ese dinero, con lo cual sería totalmente injusto que la ciudad de Orense, obviamente gracias a la ciudad de Orense se consiguiera dinero, que luego no revirtiera una parte en Orense ciudad. Sería realmente eso aberrante. Nada más en esta última intervención.

D.ª Elvira Lama Fernández, portavoz do Grupo do PSOE: si, grazas presidente. Sería bo que xa que estamos nun Pleno, e o Pleno do mes de decembro, de Nadal, que non nos enredamos moito; pero *bueno*. Señor Pumar, non é a miña intención, para nada, alterar o galiñeiro; pero simplemente o que é certo é que a vostedes as verdades altéranlle un pouco o sangue, entón voulle a dicir dúas cousas. Fálame de que as reclamacións son legais, ¡faltaría máis!, en todo o procedemento administrativo, no período de alegacións, cada un pode alegar o que queira e estimaranllas ou non llas estimarán. Por suposto que estamos de acordo con que os traballadores o fagan, ¡faltaría máis! é un dereito recoñecido. Polo que me di de que si se fan as contratacións correctamente. ¡Home, correctamente, correctamente, non! Porque vostedes incluso fixeron unha oferta de persoal que lla tombou o Tribunal Superior de Xustiza; por certo, logo despois cando as sentenzas lles din, ou van en contra do que vostedes fan, entón *bueno*, poñen en cuestión as sentenzas. Vamos a falar moito de sentenzas hoxe, parécemo. Mire, tamén me di, contéstame que *vivimos en el pasado* porque esa xente que traballaba, xa que nomeadamente fixemos mención a eles, no Paco Paz, eses monitores, pois xa se lles regularizou o seu posto de traballo en abril do ano 18 para que poidan concorrer a eses postos de traballo... ¿que me está dicindo?, que logo despois facemos unha bases nas

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 21 de decembro de 2018
--

cales, como lle mencionei antes no caso do mestre de gaita, se pon nesas bases que como mérito preferente será ter tido traballado, ou ter tido impartido non sei cantas horas de actividade para esta casa. É dicir, mire señor Pumar, hai un dito que moitas veces se di que *el que hace la ley, hace la trampa*. Entón, pensamos que moitas veces iso sigue sendo un coladeiro para contratar a persoas afíns a vostedes. De momento nada máis e reiteramos que vamos a votar en contra.

D. Jorge Pumar Tesouro, do Grupo Popular: sí, simplemente presidente por lo que acaba de comentar la portavoz del Grupo Socialista y que, como consta en acta eso, me parece bastante grave lo que acaba de decir usted; porque, le repito, lea la publicación de la oferta ordinaria de la Oferta de Empleo del año pasado, año 2017. Como va a poder comprobar usted son de acceso libre, acceso libre, eso es sinónimo de igualdad, mérito y capacidad y no promoción interna como dijo usted anteriormente. Y que conste en acta lo que acaba de decir. Gracias.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 2º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 2º](#).

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (14), o voto en contra do Grupo Socialista (8) e do BNG (1) e a abstención de Democracia Ourensana (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º) Resolver as alegacións formuladas contra a aprobación inicial da Relación de Postos de Traballo da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2018 no sentido seguinte:

- a) Non admitir a trámite a reclamación n.º 67, ao terse presentado fóra de prazo.
- b) Desestimar integramente as reclamacións n.º 1, 2, 3, 4, 5, 7, 8, 11, 14, 17, 18, 19, 20, 21, 22, 23, 24, 25, 26, 27, 28, 29, 30, 31, 33, 35, 36, 39, 40, 41, 42, 43, 44, 45, 46, 47, 48, 49, 51, 52, 53, 54, 56, 57, 63, 65, 66
- c) Estimar parcialmente as reclamacións n.º 6, 9, 10, 12, 15, 16, 34, 50, 58, 64
- d) Estimar integramente as reclamacións n.º 32, 37, 38, 55, 59, 60, 61, 62

A resolución das reclamacións fundaméntase nos motivos e se concretan nos termos que constan na proposta da Presidencia, uníndose o extracto correspondente desta proposta á notificación aos interesados, para os efectos da motivación da resolución.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 21 de decembro de 2018
--

2º) Aprobar definitivamente a Relación de Postos de Traballo da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2018, conforme co documento aprobado inicialmente no Pleno de 29 de xuño de 2018, coas modificacións recollidas no apartado anterior, ordenando a súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica da Deputación Provincial, e a súa remisión á Administración Xeral do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia.

De conformidade co establecido no artigo 38.3 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, determínase a obriga de incorporar as previsións da RPT definitivamente aprobada, nos orzamentos da Deputación, incorporación que se realizará nos orzamentos para o exercicio 2019.

As determinacións da RPT que se indican a continuación, aplicaranse con efectos económicos do 1 de xaneiro de 2018, ao existir nesa data os supostos de feito necesarios para a súa eficacia:

- a) O incremento do 1,5% na contía do complemento específico en todos os postos, e ademais, con efectos do 1 de xullo de 2018, un incremento adicional do 0,25%.
- b) A revisión o complemento específico dos postos de xefatura da Secretaría Particular da Presidencia e Protocolo, encargado do Parque de Maquinaria e xefatura do equipo de maquinaria e cooperación.
- c) O incremento do complemento de destino dos axudantes de maquinaria.
- d) Os efectos económicos da unificación dos postos de operario báscula portátil e aforos, laborantes, operario de báscula e acopios, e os de operario de sinais e laborante.
- e) As modificacións dos complementos de destino e complemento específico derivadas da estimación parcial ou total das reclamacións formuladas no trámite de exposición pública.

3º.- APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO PARA O EXERCICIO 2019 DO CONSORCIO PROVINCIAL DE OURENSE PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO.-

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa especial de Contas e de Facenda e Economía.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 21 de decembro de 2018
--

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG: grazas señor presidente. Este é outro deses asuntos, pois, loxicamente ao ser un orzamento, que de xeito recorrente e periódico ven ao Pleno, co cal nós xa temos expresado en numerosas ocasións cal é a nosa posición ao respecto do funcionamento e da xestión do consorcio provincial e, sobre todo, da súa privatización. En coherencia co que temos dito ao respecto deste modelo co que estamos en absoluto desacordo e en coherencia, tamén, co que temos feito noutros anos, vamos a repetir ese voto que é o voto en contra. Nada máis. Moitas grazas.

D.^a Elvira Lama Fernández, portavoz do Grupo Socialista: si, grazas presidente. Tal como manifestou o noso representante no Consorcio no Pleno celebrado o día 4 de decembro do 18, vamos a optar pola abstención.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 3º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 3º](#).

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (14), o voto en contra do BNG (1) e a abstención do Grupo Socialista (8) e de Democracia Ourenzana (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente o orzamento do Consorcio Provincial de Ourense para o Servizo Contra Incendios e de Salvamento para o exercicio 2019, conforme co proxecto aprobado polo pleno do Consorcio o 4 de decembro de 2018, por importe de 4.302.000 €

O dito orzamento intégrase no orzamento xeral da Deputación Provincial para todos os efectos.

2º.- Someter a exposición pública o orzamento inicialmente aprobado polo prazo de 15 días hábiles, mediante anuncio no BOP. Durante o dito prazo os interesados poderán presentar reclamacións ante o Pleno nos termos previstos no artigo 170 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais. O orzamento do Consorcio considerarase definitivamente aprobado se durante o dito prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario o Pleno da Deputación disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

Unha vez definitivamente aprobado o orzamento do Consorcio inserirase, resumido por capítulos, no BOP, entrando en vigor no exercicio 2019.

4º.- ORDENANZA REGULADORA DO SERVIZO PROVINCIAL DE ASISTENCIA A ENTIDADES LOCAIS EN MATERIA DE REGA E BALDEO DE ESPAZOS

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 21 de decembro de 2018
--

PÚBLICOS LOCAIS.-

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG: moitas grazas señor presidente. Ben, é unha ordenanza que non presenta grande complicación. En todo caso nós vamos a optar pola abstención neste caso, porque a tarifa que se contempla é unha tarifa que, aínda que está bonificada a un 50%, é unha tarifa igual, é plana, por dicilo dalgunha maneira, para todos os concellos e pensamos que, ao mellor, se debería contemplar algún tipo de bonificación ou de fórmula para non cobrarlle exactamente o mesmo aos concellos que dispoñen de máis recursos que aqueles que dispoñen de menos. Entón, en todo caso, feita esta apreciación, esta salvedade que, ao mellor, se poderá ter en conta para o futuro, nós, como digo, vamos a optar pola abstención. Nada máis moitas grazas.

D.^a Elvira Lama Fernández, portavoz do Grupo Socialista: si, grazas presidente. É a regulación dun servizo que se vai a prestar aos concellos, polo tanto nada que obxectar. Ese é o fin último desta casa, cooperar e prestar axuda aos concellos. Esperamos, simplemente, que as peticións se atendan por estrita orde de entrada; xa se contempla que teñen que presentar a solicitude, como dixo o secretario, con vinte días de antelación; salvo casos de emerxencia ou urxencia. Polo tanto, neste senso vamos a votar a favor.

D. Pablo Pérez Pérez, do Grupo Popular: moitas grazas presidente. Moi bos días señoras deputadas, señores deputados. Hoxe traemos aquí unha ordenanza máis dun novo servizo que esta Deputación pon a disposición dos concellos. Fai uns anos, un ano, un ano e algo, que mercamos este camiión e, sen apenas publicitalo, xa tivo bastante demanda entre os concellos; incluso entre algúns dos presentes na bancada da oposición. Este servizo é único en comparacións coas outras deputacións de Galicia, igual a cesión da maquinaria, as brigadas de obras, as de regas, servizos moi demandados por todos os concellos. Isto é un Plan único, dun goberno único nunha Deputación galega, xa que no resto das deputacións de Galicia nin goberno único. Moitas grazas señor presidente

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 4º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 4º](#).

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 21 de decembro de 2018
--

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (14) e do Grupo Socialista (8), e a abstención de Democracia Ourensana (1) e do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente a Ordenanza reguladora do servizo provincial de asistencia a entidades locais en materia de rega e baldeo de espazos públicos locais, co seguinte contido:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I. Os servizos de limpeza viaria son, dende sempre, competencias tradicionais dos municipios que hoxe veñen condicionados por normas estatais e autonómicas en materia de residuos urbanos.

O artigo 4.2 da Lei 10/2008, de 3 de novembro de residuos de Galicia considera os residuos procedentes da limpeza ordinaria de vías públicas, zonas verdes e áreas recreativas como residuos urbanos ou municipais (a Lei estatal 22/2011, de 28 de xullo de residuos e solos contaminados fala de residuo doméstico). Polo tanto, ao ser considerado como residuo, o servizo destinado á súa limpeza englobase dentro do dereito de todos os españois a gozar dun medio ambiente adecuado para a persoa e do correlativo deber de conservalo (artigo 45 da Constitución) e a súa retirada e tratamento está vinculado polas normas vixentes nesta materia, tanto estatais (Lei 22/2011, de 28 de xuño de residuos e solos contaminados que traspón a Directiva 2008/98/CE do Parlamento Europeo e do Consello de 19 de novembro de 2008 sobre os residuos e o Real Decreto Lexislativo 1/2016, de 16 de decembro polo que se aproba o texto refundido da Lei de prevención e control integrados da contaminación) como autonómicas (Lei 10/2008, de 3 de novembro de residuos de Galicia).

A preservación das condicións estéticas e sanitarias, de pulcritude e ornato da vía pública e o cumprimento dos principios de prevención, minimización, máximo aproveitamento, responsabilidade compartida, óptimo económico-ambiental, e todos os que, en xeral, deben rexer a sostibilidade das accións a realizar polas administracións públicas, de acordo cos compromisos internacionais, constitúen unha obriga dos poderes públicos. Máis tamén dos cidadáns. En reforzo desta idea o artigo 65.3 da Lei 10/2008 contempla a posibilidade de que as ordenanzas municipais, como sanción nos supostos de

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 21 de decembro de 2018
--

infracción leve, substitúan a sanción pecuniaria por unha prestación persoal de servizos de limpeza na vía pública

II. Os municipios teñen entre as súas competencias as de limpeza viaria (artigo 26.1.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das bases de réxime local, en adiante LRBRL) como servizo de carácter obrigatorio. Doutra banda, entre as competencias propias das Deputacións Provinciais está a da prestación de asistencia técnica e económica aos concellos para a prestación dos seus servizos (artigo 36.1.b) da LRBRL).

III. Ao contrario do varrido de rúas, que se remonta a tempos antigos, o baldeo, tal e como se concibe actualmente, é un tratamento de limpeza relativamente recente. O baldeo de rúas con auga a baixa ou media presión está considerado como o instrumento de limpeza máis eficaz que poida utilizarse nas rúas dunha cidade. A auga arrastra todos os residuos que se encontran sobre os pavimentos, incluso os de menor granulometría, ata os embornais ou sumidoiros. Isto é porque parte dos residuos viarios están constituídos por po, contendo partículas de metais pesados, derivados do benceno producidos polos automóbiles, a industria ou as calefaccións, polos excrementos de animais, por graxas de diversos orixes, etc. Todos estes elementos teñen efectos medioambientais negativos e ningún pode retirarse completamente co tratamento de varrido. Recorrer ao uso da auga é un dos elementos útiles para que a súa eliminación sexa definitiva. O emprego da auga, nas cantidades precisas para obter un adecuado nivel de limpeza, non pode considerarse nin un capricho nin un luxo, senón unha necesidade medioambiental, porque alcanza ao campo da hixiene e da saúde, que pode previr ou reducir a incidencia de determinadas alerxias e enfermidades bronquiais e respiratorias. Tamén as redes de evacuación de augas residuais se benefician, sobre todo en épocas de chuvias escasas, cando a auga empregada no baldeo corre polas súas conducións, arrastrando os residuos, repondo os peches sinfónicos e eliminando malos cheiros.

IV. A presente ordenanza regula a prestación do servizo de asistencia a entidades locais da provincia (na súa modalidade de asistencia técnica e tamén económica, dado que os prezos públicos regulados son inferiores aso custes do servizo, representando unicamente o 50 % do custe determinado no estudo económico realizado pola Área de Medio Ambiente) consistente na posta a disposición destas entidades do sistema de limpeza consistente na proxección de auga a presión contra os residuos depositados na superficie

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 21 de decembro de 2018
--

viaria con obxecto de arrincalos e transportalos pola corrente de auga ata os embornais do sumidoiro máis próximo. A auga pode provir dunha manguera conectada á rede de rego da cidade, caso no que se denomina baldeo manual; das tobeiras dun vehículo cisterna con bomba de presión, baldeo mecánico; ou ben, dunha manguera conectada a un vehículo de este tipo, baldeo mixto.

A Deputación Provincial de Ourense conta cun vehículo cisterna de rega e baldeo de 8000 litros de capacidade apto para este uso.

V. O mandato normativo de prestación de asistencia aos municipios (en particular, no referente a servizos de carácter obrigatorio, como é a limpeza viaria) xustifica o cumprimento dos principio de necesidade, eficacia e proporcionalidade esixidos no artigo 129 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas. En cumprimento dos principios de seguridade xurídica e eficiencia, os trámites establecidos pola ordenanza baséanse na singularidade da materia e na actividade propia dos entes locais sen que supoñan a esixencia de cargas administrativas innecesarias ou irracionais.

VI. A ordenanza ten catro artigos. Debido a súa escasa extensión non se considera necesario a división en títulos. No artigo primeiro defínese o seu obxecto e establécense as definicións para os efectos da regulación establecida. No artigo segundo regúlase o contido do servizo. O artigo terceiro regula a forma na que as entidades locais interesadas poden acceder ao servizo e o artigo cuarto fixa os prezos públicos a aplicar e a súa forma de devindicación. A ordenanza contén unha disposición derogatoria e unha disposición derradeira relativa a entrada en vigor.

VII. Esta ordenanza dítase sobre a base no establecido no artigo 36.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das bases do réxime local e 109 da Lei 5/1997, de 22 de xullo reguladora das Administración local de Galicia.

VIII. A presente ordenanza non ten un impacto significativo na actividade económica nin impón obrigas relevantes aos destinatarios (propriamente, non impón ningún tipo de obriga, dado que o acceso ao servizo é totalmente voluntario para as entidades locais), polo que, de conformidade co establecido no artigo 133.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a súa tramitación non esixe o trámite de consulta pública previa.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 21 de decembro de 2018
--

As posibles suxestións da cidadanía incorporaranse, de ser o caso, no trámite de información pública trala aprobación inicial cumprindo, con ambos trámites, o principio de transparencia establecido no artigo 133 da Lei 39/2015.

Artigo 1.- Obxecto e definicións

1.- Constitúe o obxecto desta ordenanza a regulación do servizo público provincial de asistencia a entidades locais consistente na rega e baldeo de espazos públicos locais realizada mediante un vehículo cisterna manexado por un condutor.

2.- O servizo provincial de asistencia en materia de rega e baldeo é un servizo público de titularidade da Deputación Provincial de Ourense, creado no exercicio das competencias de cooperación cos concellos atribuídas ao goberno provincial polos artigos 36.1.b) da Lei de bases de réxime local e 109.1.b) da Lei de administración local de Galicia.

3.- O obxecto e finalidade do dito servizo público é a prestación do servizo de rega e baldeo dos espazos públicos locais, en réxime de dereito público e a prol das entidades locais da provincia de Ourense que exerzan a súa competencia de limpeza da vía pública, calquera que sexa o modo de xestión deste servizo.

4.- Considerase espazo público a efectos de limpeza viaria as avenidas, paseos, rúas, beirarrúas, zonas peonís, travesías, camiños, pontes, túneles e resto de bens de uso público municipal destinados directamente ao uso común xeral dos cidadáns, incluídas as zonas con servidume de uso público. Tamén se inclúen as zonas e espazos públicos onde teñan lugar as distintas festas e acontecementos populares e as afectadas por mercados, feiras recreativas e tradicionais debidamente pavimentadas e cuxa limpeza sexa susceptible de realizarse con auga a presión.

Logo da solicitude previa específica do ente local, debidamente xustificada por razóns de interese público, poderán ser obxecto de limpeza outros espazos.

Artigo 2.- Contido do servizo provincial de asistencia en materia de rega e baldeo de espazos públicos.

1.- O servizo provincial de asistencia a entidades locais en materia de rega e baldeo de espazos públicos comprende a realización da prestación de baldeo dos ditos espazos mediante un vehículo cisterna manexado por un condutor, tanto con carácter ordinario como extraordinario con motivo de festexos, celebracións, probas deportivas ou calquera outro tipo de acto análogo.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 21 de decembro de 2018
--

2.- Non se inclúe no servizo a disposición dos hidrantes, o consumo da auga e a retirada e traslado a xestor autorizado dos residuos, que deberá realizar a entidade local interesada inmediatamente despois da súa extracción. A entidade local deberá dispor dos medios materiais e humanos necesarios para estas tarefas, e coordinalos co servizo da Deputación.

Artigo 3.- Acceso ao servizo: prazos de solicitude e procedemento

1.- Para acceder ao servizo, a entidade local interesada deberá presentar unha solicitude previa dirixida á Presidencia da Deputación, a través do rexistro electrónico dispoñible na sede electrónica da Deputación Provincial (www.sede.depourense.es), na que se indicara o tipo de servizo solicitado e localizacións, segundo o Anexo I.

2.- Deberá solicitarse, como mínimo, cunha antelación de vinte días hábiles a data na que se interese a actuación. Por razóns organizativas non se atenderan aquelas peticións cun intervalo menor, agás situacións de emerxencia ou urxencia debidamente xustificadas, imposibles de prever con dita antelación.

3.- O procedemento resolverase mediante resolución da Presidencia que será debidamente notificada a entidade local a través de medios electrónicos. No suposto en que só se poida atender a un número inferior ao de solicitudes existentes, as entidades locais beneficiarias determinaranse por rigorosa orde cronolóxica de entrada no Rexistro Xeral Electrónico da Deputación. .

Artigo 4.- Prezos públicos. Contía e modo de pago

1.- O prezo público establécese en 175,00 €/día (mais o IVE vixente en cada momento). No suposto de que o servizo se preste durante mais dun día consecutivo, o segundo día e seguintes facturaránse por xornada completa ou fraccións de media xornada.

2.- Será requisito necesario para a prestación do servizo o depósito previo do importe total do prezo público liquidado na conta corrente de titularidade provincial que se indique na resolución da Presidencia á que se refire o artigo 3.3 esta ordenanza, cunha antelación mínima de cinco días naturais á data prevista para o inicio da acción. No suposto en que a entidade local interesada non realice o ingreso nese prazo, entenderase que desiste da súa petición, cancelándose automaticamente a prestación do servizo.

Non obstante o anterior, quedan exceptuadas da obriga de depósito previo do prezo público as entidades locais que teñan delegada na Deputación Provincial a recadación dalgún dos seus tributos. Nestes casos, a Deputación procederá á retención das cantidades

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 21 de decembro de 2018
--

correspondentes da recadación líquida dos tributos municipais, entendéndose que a solicitude do servizo implica a conformidade para a realización da dita retención.

Disposición derogatoria

Queda derogada calquera disposición xeral de igual ou inferior rango xerárquico no que se opoña, contradiga ou resulte incompatible con esta ordenanza.

Disposición derradeira

Esta ordenanza entrará en vigor ao día seguinte da publicación do seu texto íntegro no BOP unha vez cumprimentados os trámites establecidos na Lexislación de réxime local.

2º.- Someter o expediente e a ordenanza a información pública e audiencia dos interesados polo prazo de 30 días hábiles contados dende a publicación de anuncio no BOP, realizándose tamén a pertinente publicación no Portal de Transparencia da Deputación Provincial de Ourense.

Durante o expresado prazo poderanse presentar as reclamacións e suxestións que se estime oportunas, que serán resoltas pola Corporación Provincial, coa aprobación definitiva, se é o caso. De non presentarse reclamacións ou suxestións entenderase elevado a definitivo o acordo de aprobación inicial adoptado.

5º.- ACEPTACIÓN DA DELEGACIÓN DE COMPETENCIA FORMULADA POLO CONCELLO DE BEARIZ PARA A TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE EXPROPIATORIO PARA A EXECUCIÓN DA OBRA “CONSTRUCCIÓN DE CEMITERIO MUNICIPAL”, NO MUNICIPIO DE BEARIZ.

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG: grazas señor presidente. Alégranos que parece que a idea proposta por nós do Plan Único vai callando no goberno. E a respecto deste punto, nós dicir que vamos a optar pola abstención. Nada máis, moitas grazas.

D.ª Elvira Lama Fernández, portavoz do Grupo Socialista: perdón, presidente. Como é a aceptación da delegación dun concello para expropiar obras que se van a levar a cabo no cemiterio, nese espírito de colaboración vamos a votar a favor. Grazas

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 21 de decembro de 2018
--

O contido íntegro das intervencións transcricas anteriormente recóllese no punto 5º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 5º](#).

Non se producen máis intervencións e co favorable do Grupo Popular (14), do Grupo Socialista (8) e de Democracia Ourensana (1) e a abstención do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aceptar a delegación de competencia formulada polo Concello de Beariz para a tramitación do expediente expropiatorio para a execución da obra “construción de cemiterio municipal”.

2º.- Comunicarlle ao Concello de Beariz que deberá asumir os custos do pago dos importes do prezo xusto dos bens e dereitos afectados polo expediente expropiatorio.

6º.- PROGRAMA BENOURENSE DE COOPERACIÓN ECONÓMICA COAS ENTIDADES LOCAIS DA PROVINCIA PARA O SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR BÁSICO NO EXERCICIO 2019.

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa de Igualdade, Benestar e Emprego.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG: grazas señor presidente. Ben, aquí tamén parece ser que a nosa proposta que ía recollida nese Plan Único tampouco caeu en saco roto e, como ben nos explicaron na comisión, este ano dividiron aos concellos en grupos en función de variables como as que nós propoñiamos, precisamente, para ese Plan Único, co cal, volvo a insistir, de algo serviu polo menos. En todo caso, nós como vimos dicindo habitualmente, valoramos o esforzo que se fai desde esta casa para complementar este servizo; pero tamén repetimos e insistimos, que debería ser unha competencia que exercera e que financiara a propia Xunta de Galicia. Co cal, nós vamos a manter a postura que vimos mantendo habitualmente que é a de optar pola abstención. Nada máis. Moitas grazas.

D.ª Susana Rodríguez Rodríguez, do Grupo Socialista: moitas grazas presidente. Moi bos días a todos e a todas. Somos coñecedores de que estamos diante dunha competencia impropia desta Deputación. Para este tipo de achegas debería prestalas a Xunta de Galicia; pero dende o ano 2012, no Decreto polo que se regulan os servizos sociais comunitarios, o seu financiamento son accións que se lle corresponden á Deputación. Estas bases reguladoras, que

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 21 de decembro de 2018
--

hoxe nos traen aquí, teñen un importante cambio, recollen un importante cambio, inclúen criterios da incidencia da perspectiva demográfica; é dicir, tendo en conta factores como o envellecemento da poboación, como a perda da poboación, a taxa de natalidade e a situación demográfica de cada concello. O rural de Ourense, ano tras ano sufrimos uns datos demoledores en canto á perda de poboación. Estas bases, como ben dicía, son unha aposta por estes servizos sociais, son unha aposta para manter estes servizos sociais e esperamos que sexan as primeiras bases nas que se teñan en conta este tipo de criterios. Nada máis. Moitas grazas.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular: grazas presidente. Bos días señoras deputadas, señores deputados, público presente e demais que nos seguen a través de internet. Falando de único, señor Rodríguez Suárez, a ver se hoxe é un Pleno único polo breve e con espírito *navideño* e deixemos eses comentarios que vostede fai que, *bueno*, vámolos deixar polo espírito *navideño*. Simplemente, que sabe que eu axústome sempre aos puntos da orde do día, porque sabe que debe ser así, quero recordarlle que si vostede e máis eu e os demais nos xuntamos en Xunta de Portavoces, valla a redundancia, e adoptamos acordos, señor Rodríguez Suárez, é para cumprilos; senón non nos xuntamos máis. Vostede sabe o que acordamos na Xunta de Portavoces con relación á presentación de mocións e vostede incumpriuna; polo tanto non pida que se incumpra o que vostede mesmo acorda cos demais. E non entro en máis consideracións. Ao que nos ocupa. Pois ben, se no Pleno do pasado mes de novembro aprobamos o Plan BenOurense para técnicos de servizos sociais nos Concellos; hoxe traemos –como xa se avanzou aquel día– a este Pleno a aprobación do programa BenOurense de cooperación económica coas entidades locais para o servizo de axuda de fogar básico de 2019, no marco do que preside todas as nosas actuacións de goberno que é a cooperación cos concellos. Un programa que presenta unha novidade substancial, como aquí xa se apuntou, con respecto a outros anos ao incorporar como criterio de repartición económica a perspectiva do reto demográfico. Isto supón aplicar un novo modelo na distribución de axudas tendo en conta a situación demográfica de cada concello (lamentable, por certo), partindo dos criterios establecidos polo Ministerio de Fomento, pero adaptándoos á realidade do noso territorio, como non podería ser doutro xeito. Máis adiante, neste mesmo Pleno, o nos compañeiro e vicepresidente desta Deputación, don Rosendo Fernández, falaranos detalladamente, estou seguro, deste tema;

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 21 de decembro de 2018
--

pero, agora mesmo, permítame que me centre na súa aplicación aos servizo de axuda no fogar para o ano 19 que trata de dar resposta á realidade demográfica de cada concello que, aínda que en moitas cousas somos moi similares, nalgunhas hai particularidades que debemos ter en conta. Así, as bases reguladoras deste servizo establecen unha clasificación para os Concellos en base a dous criterios moi claros. Un primeiro criterio referido ao concellos sen prioridade demográfica, ou grao cero, que son aqueles concellos que cumpren algunhas das seguintes condicións, detálloas:

- Estar incluídos nunha área urbana en aplicación ao Atlas Estatístico das Áreas Urbanas de España do Ministerio de Fomento, como antes xa dixen.
- Ter máis de 10.000 habitantes, ou ben ter entre 5.000 e 10.000 habitantes e gañar poboación na última década (poucos, desgraciadamente)

E un segundo criterio referido aos concellos con prioridade demográfica e serán considerados como tales, aclaro, aqueles non incluídos nalgunhas das áreas urbanas ás que me referín anteriormente e nos que conorra, tamén, algunha das seguintes características: aqueles que teñen unha poboación menor ou igual a 5.000 habitantes, ou ben aqueles que, tendo unha poboación entre 5.000 e 10.000 habitantes, perderan poboación na última década (que é o habitual). Neste segundo caso, os concellos con prioridade demográfica clasifícanse en tres graos para os que se teñen en conta, á súa vez, a poboación, a situación xeográfica, a perda de poboación, a densidade demográfica municipal, o índice de envellecemento e a taxa de natalidade. Non vou a entrar no detalle de todos estes aspectos, perfectamente recollidos no Anexo I das bases reguladoras, así como a clasificación dos concellos da provincia que figuran no Anexo II e que teñen vostedes á súa disposición. No Anexo III destas Bases tamén poden vostedes ver a repartición económica por concellos que agora inclúe un tramo fixo común en función do grao de clasificación. Estes tramos fixos son os seguintes (considero importante detallalos):

- *Grao 0*. Para os concellos sen necesidade demográfica, 2.000 € Son 10 concellos unicamente.
- Para os concellos con prioridade demográfica:
 - o *Grao 1*: 3.000 € 21 concellos.
 - o *Grao 2*: 3.500 € 48 concellos.
 - o *Grao 3*: 4.000 € 12 concellos.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 21 de decembro de 2018
--

Estas contías complementaríanse co tramo variable, segundo o establecido no Anexo III do Decreto, tantas veces citado, 99/2012 modificado, á súa vez, polo Decreto 148/2014, de 6 de novembro. Para a concesión destas axudas, a Deputación conta cun orzamento un pouco superior a 900.000 € e os beneficiarios serán todos os concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes; como todos sabemos, todos menos un, o da capital. E remato xa, pero antes quixera incidir nun aspecto importante do que tamén se falará cando discutamos o Plan Provincial de Obras e Servizos do vindeiro ano. A adhesión a este programa, o BenOurense, que hoxe traemos aquí é un requisito indispensable para beneficiarse das axudas para o servizo de axuda no fogar básico. Lembro isto, non por nada, senón porque considero necesario que todos nos fagamos cargo de tal esixencia e todos saben do que falo. Logo, non critiquen ao goberno provincial e ao seu presidente porque, segundo vostedes, nalgún caso algúns concellos non quedan dentro do reparto de fondos. E eu diría que o único que non fan son os deberes que deben facer, *por exemplo*, manifestar en prazo a súa adhesión a este programa ou a algún máis. As entidades locais, incidindo neste, que non se adhiran en prazo, que non se adhiran en prazo, entenderase que renuncian a participar no programa, causando baixa inmediata nas súas previsións. Neste suposto (espero que non) os remanentes do seu cofinanciamento non utilizados incrementarían de forma lineal, e digo de forma lineal, o importe total asignado aos concellos clasificados en Grado 3; é dicir, os máis prexudicados no ámbito demográfico (non sei por qué suscitei algún sorriso). E no ánimo de non facer unha *farragosa* e técnica intervención, repito que os criterios de clasificación dos concellos e as contías previstas para cada un quedan perfectamente reflectidas nos Anexos destas bases aos que me referín anteriormente. Nada máis, moitas grazas pola súa atención.

O contido íntegro das intervencións transcricas anteriormente recóllese no punto 6º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 6º](#).

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (14) e do Grupo Socialista (8) e abstención de Democracia Ourense (1) e do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 21 de decembro de 2018
--

1º) Aprobar inicialmente o Programa BenOurense de Cooperación Económica coas Entidades Locais da Provincia para o Servizo de Axuda no Fogar Básico no exercicio 2019, conforme coas seguintes bases reguladoras:

I).- Obxecto, fundamento competencial e dotación orzamentaria.

O Programa BenOurense SAF básico regula a concesión de subvencións en réxime de concorrencia non competitiva destinadas ás entidades locais da provincia de Ourense de menos de 20.000 habitantes que presten o servizo de atención no fogar básico (SAF básico). Inclúense tamén as mancomunidades intermunicipais que xestionen servizos sociais dun conxunto de municipios con menos de 20.000 habitantes, ao tratarse de meras entidades instrumentais dos concellos que exercen competencias delegadas por aqueles.

O presente programa establécese no exercicio das competencias atribuídas á Deputación polos artigos 36.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local, 109.1.b) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, 63 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e 31 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, modificado polo Decreto 148/2014, de 6 de novembro, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

Para a concesión destas axudas reservase un crédito, dentro da partida orzamentaria 23111 46200 de novecentos mil catrocentos oitenta e nove euros (900.489€).

II .- Beneficiarios.

Tendo en conta o disposto no artigo 31.3 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, modificado polo Decreto 148/2014, de 6 de novembro, a Deputación subvencionará, a través deste programa, ás entidades locais da provincia de Ourense, de menos de 20.000 habitantes, que presten o SAF básico, tanto nos supostos de xestión directa como de xestión indirecta do servizo.

Considérase SAF básico para os efectos deste programa aquel cuxas persoas usuarias accedan ao servizo en réxime de libre concorrencia. Considerarase tamén como persoas usuarias en réxime de libre concorrencia ás persoas que teñan recoñecido o estatuto de persoas dependentes no marco da Lei 39/2006, de 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoa e Atención ás persoas en situación de dependencia, en tanto o seu programa de atención individualizada (P.I.A), non goce de efectividade.

III. - Contía da subvención.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 21 de decembro de 2018
--

1. O importe da subvención por entidade local determínase da forma seguinte:

a) Tramo fixo: asígnase un primeiro tramo fixo según o grado no que esté clasificado o concello adherido. Os concellos aparecen clasificados por graos no anexo II.

b) Tramo variable: para o cálculo deste tramo aplicarase a ratio de cobertura por habitante recollido no anexo III do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, modificado polo Decreto 148/2014, de 6 de novembro, asignándose un importe por unidade de convivencia resultante de dividi-lo crédito orzamentario dispoñible – logo de restarlle o importe total destinado ó tramo fixo-, entre o número de unidades existentes, conforme co seguinte:

b.1) Concellos de áreas caracterizadas como semiurbanas:

- De 10.000 a 20.000 habitantes: 1 unidade de convivencia atendida por cada 400 habitantes.

- Menos de 10.000 habitantes: 1 unidade de convivencia atendida por cada 350 habitantes.

b.2) Concellos de áreas caracterizadas como áreas rurais:

- De 12.000 a 20.000: 1 unidade de convivencia atendida por cada 250 habitantes.

- Menos de 12.000: 1 unidade de convivencia atendida por cada 175 habitantes.

-b.3) Concellos de áreas rurais de alta dispersión: 1 unidade de convivencia por cada 75 habitantes.

Nos supostos en que o SAF básico sexa prestado por mancomunidades, a contía será o resultado de suma - las cantidades correspondentes dos distintos concellos que a integran.

O cadro de distribución inicial das subvencións por entidades beneficiarias, cos importes correspondentes conforme coas regras precedentes, figura como anexo III do presente Programa.

2. A contía máxima inicial prevista por entidade local - que aparece recollida no anexo III deste programa-, queda condicionada a que esta contía non supere o custo neto do SAF básico para a entidade local calculado conforme as regras seguintes:

a) Xestión directa do servizo:

O custo total do SAF estará determinado pola suma dos seguintes custos:

- O custo total do persoal auxiliar de axuda no fogar (básico e dependencia).

- O custo dos desprazamentos do persoal de axuda no fogar (básico e dependencia).

- O 10 % da suma dos importes anteriores, en concepto de gastos xerais.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 21 de decembro de 2018
--

A partir do custo do SAF total determinarase o custo bruto do SAF básico multiplicando o custo do SAF total (básica e dependencia), polo número de horas de servizos prestados de SAF básico, e dividindo o resultado entre o número de horas de servizos prestados do SAF total.

Obtido o custo bruto do SAF básico, o seu custo neto será a diferenza entre o custo bruto e os ingresos liquidados pola entidade local (ou entidade que xestione o servizo por conta da entidade local) en concepto de taxas ou prezos públicos pola súa prestación.

b) Xestión indirecta do servizo: o custo neto do SAF básico determinarase multiplicando o número de horas de servizo prestadas pola empresa adxudicataria polo prezo unitario por hora establecido no contrato administrativo correspondente. No caso de que o contrato administrativo non estableza ese prezo unitario, este será determinado pola Deputación Provincial coa información subministrada pola entidade local interesada.

A determinación do custo neto do SAF básico realizarase unicamente a través da xeración automática da certificación a través da plataforma informática, sendo a contía reflectida na certificación o gasto efectivamente xustificado para os efectos deste programa.

IV.- Procedemento de adhesión dos concellos e mancomunidades.

Ao abeiro do establecido na Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no artigo 14.2, a presentación de solicitudes tramitarase exclusivamente mediante o uso de medios electrónicos, sendo obrigatoria a presentación de solicitudes conforme co previsto nesta base.

Os concellos e mancomunidades interesados en participar no Programa deberán comunicarlle a súa adhesión á Deputación Provincial, mediante resolución da Alcaldía (ou órgano delegado, se é o caso), na que se manifeste expresamente a asunción das obrigas e compromisos previstos no Programa, para o que deberán utilizar obrigatoriamente os modelos facilitados pola Deputación e que deberán ser descargados na aplicación informática <http://benourense.depourense.es> .

A comunicación da adhesión asinarase dixitalmente polo/a alcalde/alcaldesa, presidente/a ou secretario/a da entidade local e remitirase telematicamente a través da plataforma no prazo máximo de quince días hábiles contados dende o día seguinte ó de publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia. Non se admitirá ningunha solicitude de adhesión formulada en data posterior.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 21 de decembro de 2018
--

A Deputación Provincial poderá conceder un prazo de ata 10 días hábiles para a corrección de deficiencias nas solicitudes de adhesión.

A presentación da solicitude telemática en tempo e forma determinará a adhesión da entidade local ao Programa, sen necesidade de máis trámites. Sen prexuízo do anterior, e para os efectos de publicidade, as subvencións concedidas e os seus importes declararanse expresamente mediante resolución da Presidencia que será obxecto de publicación no BOP. Nesta mesma resolución da Presidencia denegarase a adhesión a aquelas entidades cuxa solicitude non se axuste ao establecido no presente Programa ou no modelo de adhesión.

A adhesión das entidades locais beneficiarias constitúe un requisito de efectividade do Programa, polo que as entidades locais que non se adhiran no prazo sinalado no parágrafo anterior se entenderá que renuncian a participar no Programa, causando baixa automática nas súas previsións. Neste suposto, os remanentes de co -financiamento non utilizados incrementarán de forma lineal o importe total asignado ós concellos clasificados en grao III, de forma que a contía total do remanente dividirse entre o número de concellos de grao III e a contía resultante será na que se incremente a contía xa recollida para cada un destes concellos no anexo III destas bases.

Coa adhesión, os concellos e mancomunidades manifestarán expresamente a asunción das obrigas previstas neste programa e, de forma específica, a aceptación das normas de uso da plataforma informática <http://benourense.depourense.es> no programa de SAF básico.

V.- Réxime xurídico.

De conformidade co establecido na disposición adicional 8ª da Lei xeral de subvencións e no artigo 10 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Ourense, as subvencións previstas no presente Programa rexeranse polo establecido nas presentes bases, sendo as normas da Lei xeral de subvencións e da dita Ordenanza de aplicación supletoria.

Non obstante o anterior, serán de aplicación as normas xerais das subvencións da Deputación en todo o relativo á xustificación, reintegro, perda do dereito á subvención e control financeiro, no que non contradiga expresamente o establecido nas presentes bases.

VI.- Xustificación e pagamento.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 21 de decembro de 2018
--

A subvención prevista no presente Programa entenderanse automaticamente concedida ás entidades locais adheridas regularmente conforme coa base IV, procedéndose á súa xustificación e pagamento nos seguintes termos:

1. Pago anticipado a conta da xustificación final:

Antes do 1 de abril, a Deputación Provincial procederá, de oficio, ao libramento, en concepto de anticipo a xustificar, do 70 % do importe total de subvención previsto a cada concello. O 30% restante aboaráselle unha vez remitida a xustificación final conforme o previsto nestas bases.

2.Xustificación e pago final.

A xustificación da subvención realizarase de modo sucesivo e con periodicidade mensual, mediante o emprego da plataforma informática <http://benourense.depourense.es>, do seguinte xeito:

a) Antes do día 10 de cada mes, a entidade local introducirá na plataforma as previsións relativas á prestación do servizo (usuarios, persoal adscrito, horas de prestación) correspondentes ao mes en curso.

b) Posteriormente, a medida que se vaian producindo, as entidades locais introducirán na dita plataforma as modificacións dos datos que se produzan con respecto ás previsións inicialmente comunicadas. En todo caso, antes do día 10 do mes seguinte ao da prestación dos servizos deberán introducirse a totalidade das modificacións producidas, debendo terse comunicado nese prazo a través da plataforma os datos definitivos de prestación do servizo. Concluído o prazo sinalado, non se poderán introducir novos datos no sistema, agás que se acredite causa xustificativa que impidise a súa introdución en prazo. Neste supostos, a entidade local interesada deberá solicitar da Presidencia autorización para a introdución extemporánea dos datos. A Presidencia resolverá de modo motivado estas solicitudes, estimándoas no caso de que se aprecie a existencia de causa xustificativa da demora, habilitando ao seu través un prazo suplementario para a introdución ou corrección dos datos de que se trate.

c) O sistema automatizará a emisión da certificación final sempre que se teñan cumprimentados os datos conforme o procedemento descrito anteriormente. Esta certificación remitirase telematicamente, asinada electronicamente polo funcionario

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 21 de decembro de 2018
--

responsable dos servizos de intervención da entidade beneficiaria, a través do propio sistema ata o 31 de novembro de 2019.

Para proceder a este libramento tanto na fase de anticipo como de pago final, as entidades adheridas deberán estar ao día nas súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e coa Seguridade Social, para o que presentarán certificacións que así o acrediten salvo que autoricen á Deputación de Ourense a consultalo automaticamente a través da plataforma de intermediación de datos, para o que deberán cumprimentar o anexo IV destas bases reguladoras.

Excepcionalmente, se por calquera razón non se puidese acceder á consulta automatizada destes datos, solicitarase á entidade que os engada telematicamente con carácter anterior ó libramento do anticipo.

Aquelas entidades que non presenten a xustificación unha vez finalizado o prazo final previsto nestas bases, terán unha penalización equivalente ó 30% da subvención no caso de que finalmente xustifiquen a subvención, ao abeiro do previsto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

VII.- Obrigas de reintegro e perda do dereito a cobro.

A Deputación Provincial poderá declarar a obriga de reintegro ou a perda do dereito ao cobro da subvención, segundo proceda, por calquera das causas previstas na lexislación xeral de subvencións e nas bases do presente programa.

Non obstante o anterior, non será necesaria a tramitación do expediente de reintegro ou de perda do dereito a cobro nos supostos en que o importe do gasto xustificado (correspondente o custo neto do SAF básico) polas entidades locais beneficiarias sexa inferior á contía inicial máxima da subvención prevista no presente programa. Neste supostos, a cantidade que deberá aboarse reaxustarase automaticamente segundo proceda, compensándose do mesmo xeito co anticipo librado, de se-lo caso.

VIII.- Control financeiro das subvencións.

Sen prexuízo das obrigas de xustificación impostas aos beneficiarios, as actuacións de prestación de servizos sociais comunitarios das entidades locais adheridas que constitúen o obxecto das subvencións previstas no presente Programa quedarán suxeitas as actuacións de control financeiro que poida acordar a Intervención da Deputación, ao longo dos exercicios 2019 e 2020. O control financeiro incluírá actuación de supervisión e control das

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 21 de decembro de 2018
--

actividades subvencionadas, tanto no relativo a prestación dos servizos como á súa xestión e tramitación administrativa. Os controis serán realizados por persoal da Área de Benestar, baixo a dirección da Intervención provincial, conforme co establecido na Lei xeral de subvencións e, en función dos seus resultados, poderá dar lugar á apertura de expediente de reintegro no suposto en que ao seu través se detectase a concorrencia dalgunha das causas legais de reintegro previstas na lexislación vixente.

O sometemento a control financeiro das entidades adheridas ao programa poderá ter carácter xeral para todas elas ou ben limitarse a unha mostra aleatoria de cando menos dez entidades, que serán determinadas mediante sorteo realizado en acto público, cuxa celebración anunciarase coa debida antelación na sede electrónica da Deputación Provincial. O resultado do sorteo e o inicio das actuacións de control financeiro comunicaranse ás entidades afectadas cunha antelación mínima de quince días naturais respecto da data do inicio das actuacións inspectoras. En todo, a Intervención provincial dará conta á Presidencia tanto da decisión de someter a control financeiro o programa como do contido das actuacións realizadas.

IX.- Obrigas de información e publicidade das entidades locais adheridas:

Con independencia da obriga de sometemento ao control financeiro previsto na base xeral anterior, as entidades locais adheridas ao presente programa estarán obrigadas a:

1.- Facilitarlles aos servizos da Deputación Provincial toda a información relativa ao funcionamento do SAF básico que se lles demande. A negativa a facilitar esta información, ou a demora inxustificada no seu envío, poderá lugar á exclusión da entidade local do presente Programa, coa conseguinte perda do dereito a cobro ou reintegro, segundo proceda, das subvencións percibidas ou concedidas ao seu abeiro, ou ao reintegro ou perda parcial do ditos dereitos, en función da gravidade do incumprimento. A declaración de reintegro ou perda total ou parcial do dereito á subvención será resolta pola Presidencia da Deputación, trala tramitación previa do oportuno expediente contradictorio con audiencia da entidade interesada.

2.- A identificar o servizo co- financiado pola Deputación de Ourense, dende o momento en que se publique a resolución de concesión da subvención no Boletín Oficial da Provincia de Ourense. Transcorridos quince días dende esta publicación remitirase telematicamente á Deputación de Ourense fotografías nas que conste a identificación do servizo como

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 21 de decembro de 2018
--

cofinanciado pola Deputación e que responderá as normas de información e publicidade que se farán chegar pola Deputación de Ourense para que sexan observadas polas entidades adheridas. O incumprimento das obrigas de publicidade dará lugar ao reintegro ou perda do dereito ao cobro da subvención, con carácter parcial, e ata un importe do 20 % da subvención concedida, determinándose de conformidade co principio de proporcionalidade e en atención á gravidade do incumprimento comprobado. A declaración da obriga de reintegro ou da perda do dereito ao cobro da subvención realizarase por resolución da Presidencia da Deputación, trala tramitación previa do oportuno expediente contradictorio con audiencia da entidade interesada.

2º) Someter o programa inicialmente aprobado ao trámite de información pública por prazo de dez días hábiles, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co establecido no artigo 10 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Ourense. Durante o dito prazo, as persoas ou entidades interesadas poderán formular as alegacións, reclamacións ou suxestións que estimen oportunas, que deberán ser obxecto de resolución expresa polo Pleno da Deputación. En caso de no formularse alegacións en prazo, se entendera automaticamente elevado a definitivo o acordo de aprobación inicial.

ANEXO I

Clasificación dos concellos para determinar a “Prioridade Demográfica” e os GRAOS

1. Criterios para determinar a “prioridade demográfica”

Os criterios que se teñen en conta para determinar a “prioridade demográfica” dos concellos da provincia aos efectos do programa benOurense SAF 2019, son os seguintes:

1. **Poboación.** Os concellos clasificaranse en :
 - a. Ata 1.000 habitantes.
 - b. De 1001 a 5.000 habitantes.
 - c. De 5001 a 10.000 habitantes.
 - d. De 10.001 a 20.000 habitantes

Para determinar a poboación para os efectos deste programa terase en conta a cifra oficial de poboación INE do último ano dispoñible.

2. Situación Xeográfica.

- a. Concellos pertencentes a “ áreas urbanas” do Atlas Estatístico das Areas

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 21 de decembro de 2018

Urbanas do Ministerio de Fomento.

- b. Concellos que non pertencen a unha “área urbana” do Atlas Estatístico das Areas Urbanas do Ministerio de Fomento.

3. Perda da poboación.

- a. Concellos que gañaron poboación na última década.
- b. Concellos que perderon poboación nunha porcentaxe menor ao 10% na última década
- c. Concellos que perderon entre un 10% e un 15% de poboación na última década.
- d. Concellos que perderon máis dun 15% e menos dun 20% de poboación na última década.
- e. Concello que perderon un 20% ou máis de poboación na última década.

Os datos serán sempre tomados dos últimos dispoñibles e publicados polo INE.

4. Densidade demográfica municipal.

Neste índice tense en conta a relación entre a cifra de poboación municipal e a súa superficie, expresada en quilómetros cadrado. Para o dato de poboación terase en conta os últimos datos publicados polo INE. En atención a este criterio a clasificación será:

- a. Concello con densidade igual ou inferior a 10 habitantes/km².
- b. Concellos con densidade maior a 10 habitantes/km² e menor a 15 habitantes/km².
- c. Concellos con densidade igual ou maior a 15 habitantes/km² e menor a 20 habitantes/km²
- d. Concellos con densidade igual ou maior a 20 habitantes/km²

5. Índice de envellecemento.

Para o cálculo deste índice terase en conta a relación entre a cantidade de persoas adultas maiores e a cantidade de nenos e novos; calcularase o cociente entre persoas de máis de 64 anos –segundo as últimas cifras de poboación publicadas polo INE-, e as persoas menores de 15 anos e este cociente será multiplicado por 100 para obter este índice. Segundo o cal os concellos se clasificarán entre:

- a. Concellos cuxo índice sexa superior a 750.
- b. Concellos cuxo índice sexa igual ou superior a 600 e inferior ou igual a 750.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 21 de decembro de 2018

- c. Concellos cuxo índice sexa inferior a 600

6. Taxa de Natalidade.

Esta taxa obterase do cálculo de relacionar o número de nados vivos por cada 1000 habitantes en cada municipio, para o que se tomará a cifra media de nacementos do últimos tres anos (datos INE), e a poboación en igual período (datos INE), en atención ao que os concellos clasificaranse en:

- a. Taxa inferior a 2.
- b. Taxa igual ou superior a 2 e inferior a 3.
- c. Taxa igual ou superior a 3.

2.- Aplicación dos criterios para a clasificación dos concellos en graos

1. Concellos Sen Prioridade Demográfica: GRAO 0.

Serán considerados “concellos sen prioridade demográfica” ou en grao 0 , aqueles incluídos nunha “área urbana”, en aplicación ao Atlas Estatísticos das Áreas Urbanas de España do Ministerio de Fomento ou que cumpran, algunha das seguintes condicións:

- a. Ter unha poboación maior a 10.000 habitantes.
- b. Ter unha poboación entre 5.000 e 10.000 habitantes e que na última década gañasen poboación.

2. Concellos Con prioridade Demográfica. GRAO 1.

Serán considerado “con prioridade demográfica” os concellos que non están incluídos nunha “área urbana” e que cumpran, ademais, algunha das seguintes condicións:

- A. Poboación igual ou inferior a 5.000 habitantes.
- B. Poboación maior a 5.000 habitantes que presentan perda de poboación na última década.

Cando un concello é clasificado como de “prioridade demográfica”, automaticamente considéraselle en GRAO 1. Para ser clasificado de Grao 2 ou de Grao 3, terán, ademais de ser considerados “ con prioridade demográfica”, ou grao 1, cumprir as condicións do Grao 2, ou do Grao 3.

En todo caso, se un mesmo concello pode ser clasificado en mais dun grao, consideraráselle sempre no grao superior por ser de condicións máis vantaxosas.

GRAO 2.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 21 de decembro de 2018
--

Concellos con prioridade demográfica, que ademais cumpre algunha das seguintes realidades:

- a. Concellos de menos de 1.000 habitantes que na última década perdesen entre un 15% e un 20% da súa poboación.
- b. Concellos de menos de 1.000 habitantes que teñan unha densidade de poboación superior a 10 habitantes/km² e inferior a 15 habitantes/km²
- c. Concellos de menos de 1000 habitantes cunha taxa de envellecemento superior a 750.
- d. Concellos de menos de 1.000 habitantes cun índice de natalidade inferior a 3.
- e. Concellos de máis de 1.000 habitantes que na última década perdesen máis de 15% da súa poboación.
- f. Concellos de máis de 1.000 habitantes que presentan unha densidade de poboación menor de 15h/km²
- g. Concellos de máis de 1.000 habitantes cunha taxa de envellecemento superior a 750.
- h. . Concellos de máis de 1.000 habitantes cun índice de natalidade menor a 2.

GRAO 3.

Concellos con prioridade demográfica que, ademais, cumpren algunha das circunstancias seguintes:

- a. Concellos de menos de 1.000 habitantes, cunha perda de poboación na última década maior ao 20%.
- b. Concellos de menos de 1.000 habitantes, cunha densidade de poboación menor a 10 h/km².
- c. Concellos de menos de 1.000 habitantes, cunha perda de poboación na última década maior ao 15% e menor do 20% e onde ademais cúmprese algunha das seguintes características:
 - a. Teñen unha taxa de envellecemento superior a 750 e/ou
 - b. Teñen unha taxa de natalidade inferior a 2

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 21 de decembro de 2018
--

ANEXO II
CLASIFICACIÓN DE CONCELLOS

	ENTIDADE LOCAL	CLASIFICACIÓN RETO DEMOGRÁFICO
1	Allariz	Sen prioridade
2	Amoeiro	Grao 1
3	Arnoia, A	Grao 1
4	Avión	Grao 2
5	Baltar	Grao 2
6	Bande	Grao 2
7	Baños de Molgas	Grao 2
8	Barbadás	Sen prioridade
9	Barco de Valdeorras, O	Sen prioridade
10	Beade	Grao 3
11	Beariz	Grao 2
12	Blancos, Os	Grao 3
13	Boborás	Grao 3
14	Bola, A	Grao 1
15	Bolo, O	Grao 2
16	Calvos de Randín	Grao 3
17	Carballeda de Avia	Grao 2
18	Carballeda de Valdeorras	Grao 1
19	Carballiño, O	Sen prioridade
20	Cartelle	Grao 2
21	Castrelo de Miño	Grao 2
22	Castrelo do Val	Grao 2
23	Castro Caldelas	Grao 2
24	Celanova	Grao 1
25	Cenlle	Grao 2

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 21 de decembro de 2018
--

26	Chandrea de Queixa	Grao 3
27	Coles	Sen prioridade
28	Cortegada	Grao 2
29	Cualedro	Grao 2
30	Entrimo	Grao 1
31	Esgos	Grao 2
32	Gomesende	Grao 3
33	Gudiña, A	Grao 2
34	Irixo, O	Grao 2
35	Larouco	Grao 3
36	Laza	Grao 2
37	Leiro	Grao 2
38	Lobeira	Grao 2
39	Lobios	Grao 1
40	Maceda	Grao 1
41	Manzaneda	Grao 3
42	Maside	Grao 1
43	Melón	Grao 2
44	Merca, A	Grao 1
45	Mezquita, A	Grao 2
46	Montederramo	Grao 3
47	Monterrei	Grao 1
48	Muíños	Grao 2
49	Nogueira de Ramuín	Grao 2
50	Oímbra	Grao 1
51	Ourense	Sen prioridade
52	Paderne de Allariz	Grao 1
53	Padrenda	Grao 2
54	Parada de Sil	Grao 2
55	Pereiro de Aguiar	Sen prioridade

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 21 de decembro de 2018
--

56	Peroxa, A	Grao 2
57	Petín	Grao 2
58	Piñor	Grao 1
59	Pobra de Trives, A	Grao 2
60	Pontedeva	Grao 2
61	Porqueira	Grao 3
62	Punxín	Grao 2
63	Quintela de Leirado	Grao 2
64	Rairiz de Veiga	Grao 2
65	Ramirás	Grao 2
66	Ribadavia	Grao 1
67	Riós	Grao 2
68	Rúa, A	Grao 1
69	Rubiá	Grao 1
70	San Amaro	Grao 2
71	San Cibrao das Viñas	Sen prioridade
72	San Cristovo de Cea	Grao 2
73	San Xoán de Río	Grao 3
74	Sandiás	Grao 1
75	Sarreaus	Grao 2
76	Taboadela	Grao 1
77	Teixeira, A	Grao 3
78	Toén	Grao 1
79	Trasmiras	Grao 2
80	Veiga, A	Grao 2
81	Verea	Grao 2
82	Verín	Sen prioridade
83	Viana do Bolo	Grao 2
84	Vilamarín	Grao 1
85	Vilamartín de Valdeorras	Grao 2

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 21 de decembro de 2018
--

86	Vilar de Barrio	Grao 2
87	Vilar de Santos	Grao 2
88	Vilardevós	Grao 2
89	Vilariño de Conso	Grao 3
90	Xinzo de Limia	Sen prioridade
91	Xunqueira de Ambía	Grao 2
92	Xunqueira de Espadanedo	Grao 2

ANEXO III

CADRO CONTÍAS SAF BÁSICO 2019

	ENTIDADE LOCAL	TOTAL CONTÍA
1	Allariz	18.281,80
2	Amoeiro	9.027,99
3	Arnoia, A	5.737,05
4	Avión	8.525,58
5	Baltar	6.085,74
6	Bande	13.700,67
7	Baños de Molgas	7.885,22
8	Barbadás	16.578,23
9	Barco de Valdeorras, O	37.413,32
10	Beade	5.110,49
11	Beariz	6.153,29
12	Blancos, Os	6.193,96
13	Boborás	10.417,07
14	Bola, A	6.380,11
15	Bolo, O	6.034,41
16	Calvos de Randín	6.210,17
17	Carballeda de Avia	7.163,81
18	Carballeda de Valdeorras	7.385,22

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 21 de decembro de 2018
--

19	Carballiño, O	37.929,65
20	Cartelle	10.749,26
21	Castrelo de Miño	7.404,28
22	Castrelo do Val	6.277,58
23	Castro Caldelas	11.683,23
24	Celanova	17.739,00
25	Cenlle	6.677,46
26	Chandreja de Queixa	7.114,42
27	Coles	10.313,82
28	Cortegada	6.539,67
29	Cualedro	8.150,01
30	Entrimo	10.464,52
31	Esgos	6.618,02
32	Gomesende	6.102,10
33	Gudiña, A	12.074,11
34	Irixo, O	7.604,22
35	Larouco	5.275,31
36	Laza	7.096,26
37	Leiro	7.825,78
38	Lobeira	8.701,21
39	Lobios	14.316,56
40	Maceda	10.900,43
41	Manzaneda	9.711,87
42	Maside	10.557,28
43	Melón	6.888,21
44	Merca, A	8.198,50
45	Mezquita, A	10.018,84
46	Montederramo	8.791,41
47	Monterrei	10.173,61
48	Muíños	13.045,00

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 21 de decembro de 2018
--

49	Nogueira de Ramuín	8.993,01
50	Oímbra	7.912,10
51	Ourense	0,00
52	Paderne de Allariz	6.820,52
53	Padrenda	8.466,14
54	Parada de Sil	7.238,56
55	Pereiro de Aguiar	18.827,59
56	Peroxa, A	8.639,06
57	Petín	5.988,47
58	Piñor	6.166,66
59	Pobra de Trives, A	17.054,66
60	Pontedeva	5.040,10
61	Porqueira	6.291,23
62	Punxín	5.426,47
63	Quintela de Leirado	5.161,68
64	Rairiz de Veiga	7.093,56
65	Ramirás	7.687,98
66	Ribadavia	16.766,31
67	Riós	7.847,40
68	Rúa, A	15.047,88
69	Rubiá	6.950,21
70	San Amaro	6.504,54
71	San Cibrao das Viñas	9.003,39
72	San Cristovo de Cea	9.555,01
73	San Xoán de Río	7.536,82
74	Sandiás	6.407,13
75	Sarreaus	6.796,35
76	Taboadela	6.939,41
77	Teixeira, A	6.137,22
78	Toén	6.211,24

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 21 de decembro de 2018
--

79	Trasmiras	7.085,45
80	Veiga, A	5.950,65
81	Verea	6.083,04
82	Verín	37.995,85
83	Viana do Bolo	22.186,51
84	Vilamarín	8.241,73
85	Vilamartín de Valdeorras	8.285,11
86	Vilar de Barrio	7.174,62
87	Vilar de Santos	5.796,64
88	Vilardevós	8.825,49
89	Vilariño de Conso	7.517,91
90	Xinzo de Limia	28.681,51
91	Xunqueira de Ambía	7.385,37
92	Xunqueira de Espadanedo	5.542,66
		900.489,00

ANEXO IV

CONSENTIMENTO EXPRESO DE CONSULTA DE DATOS

A presente autorización outórgase para os efectos do recoñecemento, seguimento e control das subvencións recollidas no programa BenOurense SAF básico da Deputación de Ourense.

A/s persoa/s abaixo asinantes, actuando en nome e representación das entidades locais solicitantes AUTORIZAN á Deputación Provincial de Ourense a consultar e/ou solicitar a calquera administración ou organismo público, a información que se enumera a continuación que sexa necesaria para o recoñecemento, seguimento e control do dereito para percibir subvención para o programa BenOurense SAF Básico

AUTORIZO a solicitar/consultar que a entidade á que represento se atopase ao día nas súas obrigas coa Axencia Estatal de Administración Tributaria para o pago anticipado e para o pago final previstos nas bases reguladoras do programa.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 21 de decembro de 2018
--

AUTORIZO a solicitar /consultar que a entidade á que represento se atopa ao día en obrigacións de seguridade social para o pago anticipado e para o pago final previstos nas bases reguladoras do programa.

AUTORIZO a solicitar/ consultar que a entidade local á que represento se atopa ao día nas súas obrigas coa Consellería de Facenda da Xunta de Galicia para o pago anticipado e para o pago final previstos nas bases reguladoras do programa.

Asdo. D/Dª.....

Alcalde/alcaldesa do Concello de

Presidente/presidenta da Mancomunidade de

7º.- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR PARA REPROBACIÓN DO PRESIDENTE DA FEGAMP DON ALFREDO GARCÍA RODRÍGUEZ.

O Sr. presidente cédelle a palabra ao Grupo Popular para que expoña o contido da moción.

D. Pablo Pérez Pérez, do Grupo Popular: moitas grazas presidente. Na primeira parte da miña intervención lereille a moción porque creo que algúns de vostedes estiveron esta semana bastante perdidos e ás probas nos remitimos; uns presentando mocións fóra do prazo acordado, outros cambiando de portavoces... *bueno*, vamos a ler para centrarnos un pouquiño todos. Miren. A Deputación de Ourense ten encomendado o goberno autónomo e máis o da provincia (interioricen ben esta palabra, o de autónoma) segundo establece o artigo 141 da Constitución Española e concordantes que, ao tempo, reconece a esta institución a súa condición de entidade local con personalidade xurídica propia. Baixo estas premisas o goberno provincial de Ourense desenvolve as súas obrigas baixo o respectuoso criterio da autonomía municipal e o obxectivo principal do servizo aos pequenos concellos, sen entrar a valorar os seus criterios de goberno e distribuíndo de xeito igualitario unha partida única habilitada no Plan anual de Cooperación aos Concellos. A Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) como entidade asociativa constituída por concellos, deputacións e mesmo entidades menores de Galicia ten, segundo establecen os seus estatutos, a finalidade de promover, representar e defender os interese dos organismos locais galegos respectando, fomentando e defendendo a autonomía local de cada un dos seus asociados. O 11 de xullo de 2017, a través dun correo electrónico con orixe no

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 21 de decembro de 2018
--

Gabinete da Presidencia da Federación Galega de Municipios (aquí está o correo, porque igual alguén di que non se convocou esta reunión) o presidente desta institución, D. Alfredo Laudelino García Rodríguez, convocou aos alcaldes e alcaldesas da provincia a unha reunión que se celebrou no Centro Cultural Marcos Valcárcel para falar dun posible plan de obras e servizos na provincia de Ourense. Unha reunión que foi un absoluto fracaso ao non acudir o 85% dos concellos convocados e xerar malestar, incluso, entre os presentes pola xénese dese encontro. Esta xuntanza rachou co máxima da autonomía local que recollen os Estatutos da FEGAMP, así como do debido respecto institucional que merece calquera institución. Pero máis aínda, todos e cada un dos asociados da FEGAMP e mesmo do consenso que vén de presidir a toma de decisións nesta Federación; en tanto que a convocatoria desta xuntanza realizouse con total escurantismo e sen consultarse con ningún dos órganos directivos desta Federación na que o Partido Popular está representado. Estes son a Xunta de Voceiros, o Comité Executivo, ou o Comité Federal do que eu son membro (do Comité Executivo e do Comité Federal). Convocar unha cuestión destas características, dunha entidade que debería ter por bandeira a obxectividade e a independencia, só responde a un uso sectario e partidista, uso sectario e partidista dunha institución. Unha rexeitable mostra de intromisión ilexítima nas competencias dun goberno provincial que cuestiona gravemente a capacidade do seu presidente, don Alfredo Laudelino García Rodríguez, para seguir ao fronte da FEGAMP pola súa falta de altura política para representar ao municipalismo en Galicia. Unha actitude totalmente antidemocrática que pretende impoñer criterios de actuación nunha institución autónoma que, ademais, conta co único goberno provincial de Galicia dunha maioría absoluta, froito do respaldo obtido nos concellos da provincia. En virtude do exposto, propoñémoslle ao Pleno da Deputación Provincial:

1º.- Reprobar a don Alfredo Laudelino García Rodríguez pola utilización sectaria e partidista da FEGAMP, organización á que pertence esta Deputación.

2º.- Darlles conta deste acordo aos concellos da provincia de Ourense, aos membros do Consello Federal, a Comisión Executiva e a Xunta de Portavoces da FEGAMP, ao presidente da Xunta de Galicia e ao presidente do Parlamento de Galicia.

Por agora, nada máis. Moitas grazas.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 21 de decembro de 2018
--

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG: moitas grazas, señor presidente. O que está a acontecer nesta Deputación en relación co respecto aos procedementos é absolutamente intolerable. Que se filtre o informe do secretario por parte dun deputado nas redes sociais, que se suba á web da Deputación antes de que os grupos solicitantes teñan no seu poder unha copia deste, é revelador do tipo de institución e do uso espurio que se está facendo dela. En todo caso, tampouco é nada novo. Hai xa moito tempo que están instalados nunha especie de esquizofrenia que lles fai cometer todo tipo de arbitrariedades porque pensan que este é o seu *cortijo* e, en todo caso, vamos ir á cuestión que nos ocupa. O Xulgado do Contencioso Administrativo N.º 2 de Ourense anulou o acordo aprobado pola Deputación o 9 de agosto de 2017 no que, grazas a un artificio legal, reprobaban vostedes ao presidente da FEGAMP. Nesta sentenza, con data 11 de decembro, o Xulgado considera que se tratou de aproveitar a convocatoria do Pleno para sinalar a unha persoa como instigadora dun suposto movemento que, en opinión dos deputados que votaron a favor, buscaría prexudicar ao grupo maioritario, o Grupo do Partido Popular. Respecto diso, o Tribunal considera que isto non pode admitirse, xa que convertería aos Plenos extraordinarios en actos baleiros de contido e actividade algunha e, aínda por riba, a Deputación ten que asumir as costas. Naquel Pleno eu pedinlle ao secretario accidental que informara ao respecto da legalidade do acordo. O secretario avalou a proposta de emenda, mais aínda así nós negámonos a votar unha proposta por considerar que era unha tomadura de pelo, levantándonos do Pleno. O que era unha sensación, acabouse convertendo nunha certeza, cando o secretario xeral desta Deputación emitiu un informe no que dixo que o acordo non se axustaba a dereito; tal e como vén de ratificar o Xulgado. E non facía falta ter chegado ata aquí, porque ademais de ser un acto ilegal e antidemocrático, tamén ten consecuencias económicas para as arcas provinciais como xa dixen. Este é un claro exemplo de cómo vostede se pasa, como se di coloquialmente, polo Arco do Triunfo as normas. Cando algo non lles gusta utilizan a maioría absoluta pala desvirtualo e baleiralalo de contido; nomeadamente estamos a falar e a referirnos ás propostas que presentan os grupos da oposición. Non aceptan as críticas, nin as suxestións porque no fondo teñen vostedes un problema grave de intolerancia; sobre todo de soberbia e prepotencia. Nós presentamos unha emenda a esta moción que vostedes nos traen aquí que despois ao final farei referencia a ela. E en relación co informe do secretario, o informe que se emitiu esta

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 21 de decembro de 2018
--

semana, estes días, temos que dicir varias cousas. En principio abre unha opción que nos parece interesante, o señor secretario di que a nosa emenda non procede – aínda cando se trata dun Pleno ordinario e non extraordinario, como aconteceu no de agosto de 2017- porque incorre nun vicio de nulidade idéntico ao que lle reclamabamos ao Partido Popular. *Bueno*, discrepamos absolutamente desta apreciación porque o que nós fixemos é exactamente o que vén facendo o Partido Popular ao longo do que levamos de mandato. Se isto é así, ¿que acontece con todas as emendas que leva presentado o Partido Popular me que teñen deturpado, alterado os acordos que os distintos grupos da oposición traemos aquí a debate? Vostede di que a aprobación da nosa emenda sería un acto nulo de pleno dereito, por esa razón eu preguntaría-lle ao señor secretario ¿todas as emendas que ten presentado o Partido Popular e que teñen prosperado neste Pleno son tamén actos nulos de pleno dereito? Miren, o da reprobación, obviamente, obedece a unha *pataleta*. É a típica reacción do neno cando lle quitan o xoguete ou lle levan a contraria e isto ten un nome en psicoloxía, trátase do *trastorno de desafío e oposición* que se dá en idades temperás e na adolescencia, aínda que algúns parece que viven na eterna adolescencia. Miren, os síntomas son moi claros: *rabietas* frecuentes, culpar a outros polos erros propios (non sei se ao mellor lles sona de algo isto), irritación frecuente e resentimento, afán de vinganza. Isto todo explica perfectamente o por qué do seu comportamento, señor presidente. Vostede soamente acepta as gabanzas, non acepta, porque non as encaixa nada ben, a crítica aínda que, como digo, sexa construtiva. Por iso tamén está rodeado de palmeiros que se limitan a regalarlle os ouvidos, a dicirlle o que vostede quere oír; aos demais, desprézaos, tamén aos seu propios que se queixan amargamente de que vostede é inaccesible agás para ese grupo selecto, para os *pata negra*. Evidentemente nós non dicimos que se cometera, loxicamente, malversación, nin apropiativa que é cando o funcionario encargado de xestionar os servizos públicos aplícaos no seu interese persoal e os integra no seu patrimonio. Sería discutible a malversación de uso que se dá cando se desvían para un fin distinto a aquel para o que se deberían utilizar; non a vemos porque entendemos que non hai dolo, de telo apreciado iríamos a denunciá-lo ao Xulgado. En todo caso o que si que hai, xa o dixen é soberbia, prepotencia, arrogancia porque pensan que a maioría absoluta dálles dereito a facer o que lles pete; conscientes de que as consecuencias das súa decisións asúmeas cada veciño e cada veciña cos seus impostos. A iso é ao que nos referimos e por iso é polo que pedimos

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 21 de decembro de 2018
--

que sexan os deputados e deputadas os que paguen os gastos derivados da condena do Xulgado porque senón o peto poñémolo nós. E aí vai a emenda que nós presentamos e, neste caso, aínda que xa saben que non somos moi partidarios das emendas á totalidade ou ás emendas de substitución, pois vamos a facer unha excepción. Nós pedimos que o Pleno da Deputación lles esixa ao deputados e deputadas do Partido Popular que aboen, do seu peculio, ás arcas provinciais os gastos derivados dos custes procesuais que ascenden a un total de 500 € pola condena – condena - do Xulgado Contencioso Administrativo nº 2 de Ourense pola súa irresponsabilidade en relación co acordo do Pleno extraordinario do 9 de agosto de 2019. De momento nesta primeira intervención nada máis. moitas grazas

D. Armando Ojea Bouzo, do Grupo de Democracia Ourensana: bos días. O señor Plácido pediunos aos grupos da oposición que tiveramos espírito navideño, pero seu compañeiro Pablo empeza a súa intervención cuns comentarios que non parecen moi de espírito *navideño*; ¡non pasa nada, eh!, o espírito *navideño* non é obrigatorio. O que queira facer uso del ben, e o que non, non. Non pasa nada, non é unha crítica. Vamos co tema este da reprobación, xa todos sabemos do que falamos. A min faime gracia a argumentación que fai o Partido Popular que di que se aproveita un cargo de forma sectaria e partidista. Pois, anda que utilizar unha emenda de substitución (así é como se chama a cambiar unha cousa por outra que non se parece en nada) por unha *pataleta* que, ao mellor é unha síndrome psicolóxica que nomeou aquí o portavoz do Bloque aquí, ¡anda que iso non é unha utilización partidista e sectaria dunha institución! ¡anda que non! E o xuíz xa o aclarou tamén. Falan que, naquel momento, o alcalde de O Barco convocou aos alcaldes. *Bueno, hombre*, el é un alcalde, presidente da FEGAMP, convocounos a unha reunión para falar de temas propios da súa condición de presidente da FEGAMP e dos propios alcaldes. ¿Que non os fixo ao mellor polas canles que debería? ¿que ese correo electrónico ao mellor non debería ter provido do Gabinete da Presidencia?...a ver, podemos entender que ao mellor foi un erro de tipo burocrático. Non sei, nós non recibimos ese correo, por motivos obvios e non o limos; tampouco temos maior interese porque, aínda que fose así, un erro deste tipo non nos parece para a reprobación dunha persoa, máis ben parécenos unha *pataleta* contra unha persoa, *ad hominem*. Nós pedimos a reprobación do alcalde de Ourense no Concello; ou sexa que nós cremos na figura da reprobación, pero cando haxa causas e motivos obxectivos e suficientes, cousa que non nos parece no caso do alcalde de O Barco. Á marxe

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 21 de decembro de 2018
--

diso, o que criticamos no seu día foi que se utilizase esa figura da emenda de substitución para distorsionar por completo un Pleno, o contido dun Pleno extraordinario. Por iso o levamos ao Xulgado, no seu momento, e tal e como prevíamos –e tamén tal e como prevía o informe do secretario- foi anulada polo Xulgado. Iso si que ten que pasar unha factura política. Iso si que é utilizar de forma sectaria e partidista a maioría absoluta que teñen. O portavoz do Bloque falou de cando se lle preguntou ao secretario, naquel momento, si procedían emendas e el respondeulle que si. Efectivamente, tal e como se falou no xuízo, no que eu estiven presente, pódense presentar emendas, nese sentido a resposta do secretario foi correcta; pero sempre e cando garden relación co contido obxectivo da moción e non que non teñan absolutamente nada que ver. Nese sentido romper unha lanza a favor da persoa que naquel momento facía ás veces de secretario. El respondeu que se podían facer emendas, pero faltaba esa aclaración, que teñan relación co tema; cousa que non sucedía e por iso a sentenza foi como foi. Eu creo que xa dixera naquel momento que unha moción coma esta tería sentido tal e como a presentan agora. Vostedes están no seu dereito de presentar mocións como esta incluso; o que non tiñan razón é de presentala naquel momento e como o fixeron. ¿Que agora a traen aquí? *Bueno*, tráena, preséntana, nós votarémola en contra; pero entra dentro das canles habituais. Nós non pensamos que o proceder do señor alcalde de O Barco sexa motivo de reprobación e votarémola en contra; non pasa nada. A min faime tamén gracia algo, faime sospeitar que vostedes anunciaron a presentación desta moción antes de que se coñecera a sentenza do Xulgado, se non me falla a memoria. Unha de dúas, ou xa sabían vostedes que ían a fallar en contra súa, porque xa sabían que *la habían pifiado*, que non se podía ter feito aquilo; ou non sei, ¿querían reprobar?...cabía a posibilidade remota de que o Xulgado lles dera a razón antes de que houbera a sentenza e vostedes presentaron a moción antes. ¿Que querían reprobalo outra vez? *Bueno*, non sei... Ou ao mellor é que teñen información privilexiada que procede dos xulgados antes de que a sentenzas sexan públicas. Non sei. En todo caso, nós votaremos en contra desta moción porque, xa digo, aínda admitindo que o señor alcalde de O Barco puidera ter cometido un erro de tipo burocrático, non nos parece motivo de reprobación. Os motivos de reprobación deben ser máis serios, como os que nós lle formulamos ao alcalde de Ourense e que alí si había motivos para ser reprobado, na nosa opinión. En canto ás cuestións que expón o Bloque de que si as custas deberían ser pagadas polos deputados;

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 21 de decembro de 2018
--

bueno, a sentenza di que as custas deben ser pagadas pola Deputación. Ese xa é o feito habitual, que os erros dos dirixentes os teñamos que pagar todos. Desgraciadamente iso é así, non só neste caso, senón en todos os casos. Os erros que cometen os dirixentes da sociedade pagámolos todos; non só no que atinxe ás sentenzas, senón o que atinxe a decisións políticas, económicas, etc... Así e todo, cando o Bloque formulou pedir información ao secretario ao respecto disto, nós apoiámos tamén porque nunca está de máis un informe. Nós sospeitabamos que non procedía, que non procedía que os deputados pagasen do seu peto eses cartos dende o punto de vista legal; outra cousa sería dende o punto de vista moral ou ético; se me pasara a min ao mellor, voluntariamente, achegaba eu os meus cartos, pero non sei... A realidade é que non son así as cousas. A condenada a pagar é a propia institución. Os erros dalgúns pagámolos todos, aí si que hai que facer unha lectura política. Teñen aquí un presidente que, en base aos seus caprichos, fai que despois todos os cidadáns teñamos que *apoquinar* dos nosos impostos para pagar os seus caprichos, dalgunha maneira ¿non? Aínda que queda algunha cousa máis para dicir, deixareina para a segunda intervención. Grazas.

D.^a Elvira Lama Fernández, portavoz do Grupo Socialista: moitas grazas presidente. En primeiro lugar, dúas consideracións, señor Pablo Pérez, fai escasos minutos vostede falaba de que esta casa: Plan único, goberno único e eu engadiríalle Deputación única e singular con pluralidade de peculiaridades. E voulle a explicar por qué. Gábanse vostedes de que son os mellores, son os primeiros, son os máis singulares – repito - e dicía un refrán moi vello, *dime de qué presumes y te diré de lo qué careces*. Vostede tamén acaba de afirmar na exposición de motivos desta moción que é membro do Comité Executivo e eu preguntolle ¿queixouse vostede nese órgano do que aconteceu naquel Pleno? ¿Presentaron os alcaldes desta provincia escritos nese senso? Oír nas súas palabras dicir que a utilización do presidente da FEGAMP é partidista e sectaria por organizar aquela reunión parécenos, cando menos, antidemocrático. Mire, non é a primeira vez que o Partido Popular, por capricho do presidente, trae asuntos para debater cuestións que non lle interesan aos intereses dos cidadáns desta provincia, a ningún. Neste caso, o que verdadeiramente molesta ao PP é que se puxera en dúbida a arbitrariedade con que se distribúen os fondos públicos desta casa. Iso é o que molesta, que lle digamos as verdades. Por elo, o presidente sentiuse afectado e, en canto se denuncia por todos os alcaldes dos partidos as cantidades

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 21 de decembro de 2018

mínimas que se dedican nas distintas convocatorias en que participan os concellos á gran parte dos recursos para subvencionar a algún dos alcaldes do seu círculo persoal. Isto foi reivindicado polos alcaldes de todos os partidos naquela xuntanza, non só do Bloque, nin do PSOE; tamén doutros partidos. Por certo, unha xuntanza á que foron convocados todos os alcaldes da provincia, ¡todos!, e viñeron os que quixeron. Loxicamente, a algúns déronlle orde de que non apareceran por alí. Polo tanto, co seu reparto o que vemos, co seu reparto desta Deputación única e do seu Plan único, o que vemos é que o presidente fúrtalle a moitos concellos, pois alá por 12 ou 14 millóns de euros que non chegan a eses fondos para que eses concellos poidan facer obras para os seus veciños. Miren, señor presidente, a FEGAMP co consenso de todos e así o veu reclamando dende fai moitos anos, á marxe de quen a presidira en en todas as provincias, vén reclamando ese Plan único (por certo, xa está en marcha nas outras deputacións); aceptaron eses criterios para confeccionar ese Plan único, do que lle falarei despois, e se reparten os fondos en torno a uns parámetros xustos e cada un dos concellos sabe a primeiro de ano cantos cartos ten para facer obras. Isto é o que reclamamos e seguimos demandando, e seguiremos demandando, ata que os fondos desta Deputación se utilicen en apoiar os servizos que os concellos teñen que prestar aos cidadáns; en lugar de gastarse en caprichos, operacións de imaxe e, sobre todo, operacións partidistas deste presidente. Por isto, esta medida de atacar ao presidente da FEGAMP é inxusta porque se fai por cumprir coa súa función que non é outra que a de defender os intereses dos concellos asociados, por defender que se poda aplicar nesta provincia tamén o que reclamou e xa se aplica, como xa dixen, nas outras tres deputacións provinciais desta Comunidade Autónoma. E se fixo con prepotencia e chulería por parte do señor presidente; saltándose a normativa legal; abusando, outra vez, da súa maioría para, incluso, ir contra a propia Lei de bases de réxime local que establece taxativamente no seu articulado qué é e cómo debe tratarse e o qué nun Pleno extraordinario solicitado pola oposición; no que non cabe incluír outros asuntos a tratar e así llo tivo que confirmar despois unha sentenza. E iso non lle chegou porque ocasionou que foramos aos tribunais e tiveran que anular ese acordo para censurar ao presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias no Pleno extraordinario que se celebrou, a petición dos tres Grupos, o día 9 de agosto do 2017. E cando o Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Ourense anula ese acordo crea desprestixio nesta institución - si, crea desprestixio nesta casa; xa que observa culpa e

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 21 de decembro de 2018
--

condena a esta institución a pagar as custas dos xuízo. Señor presidente, para chulería a súa que, no seu desafío aos tribunais e mesmo saír de declarar no Xulgado, vostede xa anuncia que vai a traer ao Plenario unha nova moción para reprobar ao presidente da FEGAMP. Entendemos que esta Corporación debe cumprir a sentenza do día 11 de decembro pasado e tomar as medidas para anular aquel acordo ilegal. Non hai ningunha razón política para manter esta tensión institucional, desperdiciando o tempo, ocupándonos dos seus caprichos que nada teñen que ver cos intereses desta provincia, señor presidente. Unha provincia que ten moitos asuntos que defender, moitas cousas que reclamar, sen dedicar esforzos e tempo a estas cuestións. Por outra parte, dicirlle que esta actitude desafiante do presidente crea un conflito institucional grave e innecesario coa Federación Galega de Municipios e Provincias; entidade na que prima, dende hai moitos anos, o consenso para reivindicar todas as medidas de xustiza para todos os Concellos. Como se ve, estamos reclamando que se respecten as decisións xudiciais, presidente, que se eviten conflitos con outras entidades e, sobre todo, que se cumpran as sentenzas. O PP violentou as normas para defender e votar unha proposta sobre a aplicación dun Plan único. Vostedes desvirtuaron aquel Pleno para que se dediquen fondos ao que realmente nos parece xusto e de forma equitativa. Non obstante, vostede quixo desviar a atención do que se propoñía naquel acordo e meteu con calzador o punto número 3, reprobar como castigo; pero non ao presidente da FEGAMP só, senón aos grupos propoñentes que lle estaban dicindo o que vostede non quere oír. Tampouco quixo corrixir aquela irregularidade cando lle foi requirido por escrito para corrixilo, nin cumprir coa normativa. Por tanto, obrigou aos grupos a acudir aos tribunais e tiveron que ser estes os que anularan ese acordo. Esta moción, señor presidente, é un acto innecesario, improdutivo que non vai a ter ningún só efecto legal nin xurídico; só a satisfacción do seu ego persoal que parece que lle importa máis que os intereses dos cidadáns desta provincia. De momento nada máis e moitas grazas.

D. Pablo Pérez Pérez, do Grupo Popular: moitas grazas señor presidente. Vamos por orde. Señor Ramiro, único si que é vostede e a representación do BNG aquí será, non única, senón inexistente ao paso que levan. Por certo, señor Ramiro, único é vostede e así cobra as reunións previas das comisións informativas; vostede cobra por reunirse con vostede mesmo. Vostede si que é único, tremendo. Mire, traballe máis e bote máis horas aquí, céntrense, xa que non están ao que teñen que estar. Falábame vostede de non sei qué

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 21 de decembro de 2018

das redes sociais. Mire, voulle a explicar unha cousa, o informe solicitouno o señor presidente, despois algún grupo, primeiro fíxose público de forma institucional – a nota que leron vostedes foi institucional - despois calquera grupo puido pronunciarse sobre o mesmo aínda que, despois das intervencións escoitadas aquí, a *doña* Elvira enchéuselle a boca de falar do informe, do informe, e vostede non o nomeou, igual non lle interesa. Mire, céntrese, señor Ramiro, acaba de dicir vostede que o acordo anulado é do 9 de agosto do ano 19. Céntrese. ¡Vállame Dios! Ano 19, estamos no 18. Céntrese, por favor. Dona Elvira, cando se falou dese tema fixen constar que se respectara a autonomía, vostede preguntábame se eu falei deste tema no Comité Executivo da FEGAMP, si me queixara. Mire, non me queixei, eu fixen constar que cando se falou dese tema que se respectara a autonomía desta institución e, por certo, nese momento o futuro reprobado presidente da FEGAMP (por certo, escoitei aquí que se reprobaba ao alcalde do Barco, non, non se confundan, aquí vaise a reprobar ao presidente da FEGAMP, ao alcalde de O Barco esta institución respéctao, si), e por certo, nese momento o futuro presidente reprobado da FEGAMP non dixo nada da convocatoria desa nefasta e fracasada reunión. Miren, convén neste asunto deixar as cousas moi claras, porque vexo que algún aínda non se centrou. Este grupo reproba a Alfredo Laudelino García Rodríguez, nado en Oblanca de Luna (provincia de León); non na súa condición de alcalde de O Barco de Valdeorras, senón por tratarse do presidente da FEGAMP, da que forma parte esta Deputación da que vostedes, ás veces, pensan que a FEGAMP só está composta polos concellos, non. Federación Galega de Municipios e Provincias, ¿vale?, da que forma parte esta Deputación e eu mesmo como membro do Comité Executivo e do Comité Federal como xa lle fixen constar. Os feitos que provocan esta moción están debidamente acreditados e constitúen unha auténtica falta de respecto institucional. Por certo, falando de faltas de respecto, na última intervención falarei da vulgar, soez e chabacana e ilegal emenda presentada por vostedes porque vaia linguaxe, por favor. Miren, os feitos que provocan esta moción están debidamente acreditados e constitúen unha auténtica falta de respecto institucional e unha utilización partidaria e sectaria da FEGAMP como consecuencia dun acto unilateral de Alfredo Laudelino García. En ningún órgano da FEGAMP se deu conta da intención de realizar tales feitos e ningún órgano da FEGAMP autorizou a don Alfredo Laudelino García para materializalo. Nunca un presidente da FEGAMP cometeu tal torpeza ou intromisión nas competencias lexítimas

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 21 de decembro de 2018
--

dunha Corporación provincial do seu goberno, nunca. Lembremos. O presidente da FEGAMP, utilizando a canle de distribución da FEGAMP para a convocatoria, que son os correos electrónicos – é a canle que utilizan sempre - e nesa condición convocou a todos os alcaldes e alcaldesas da provincia a unha xuntanza en dependencias da Deputación de Ourense para criticar ao único goberno provincial con maioría absoluta de Galicia. Se non teñen a copia do correo, eu pódolla pasar. A convocatoria fíxoa sen ter aínda autorización para a realización da reunión. É dicir, convocouna cando pedira ao Centro Cultural e aínda non tiña resposta de si se lle concedía ou non e aínda así tívoa. Pero bueno, a Presidencia desta Deputación puido perfectamente prohibir tal reunión, pois nin sequera se dirixiu a ela para a cesión do espazo. Pero bueno, non somos todos iguais. O fracaso da xuntanza convocada foi evidente. Nas fotografías difundidas advírtese a presenza de 14 concellos, non 14 alcaldes, dos 92 que conforman a provincia de Ourense; faltaron, entón, 78 concellos e mesmo vostede acaba de dicir que os convocaron a todos. ¡Menudo poder de convocatoria ten o presidente da FEGAMP! Aquí temos a foto, eu máis ben, vendo aos asistentes, creo que foi unha reunión dos grupos da oposición da Deputación. O contido da xuntanza, totalmente sectario e partidista, tamén foi obxecto de crítica por parte de algúns representantes dos concellos asistentes que así o manifestaron a este Grupo coa sensación de seren utilizados por don Alfredo García. Volvendo ás fotos de dita reunión e malia ser convocada a xuntanza polo presidente da FEGAMP, resulta que a mesa presidencial da mesma estaba dirixida polo daquela voceiro do Grupo Socialista (vexan vostedes a foto) quen está presidindo a reunión, o antigo voceiro do Grupo Socialista, don Francisco Fraga, que ¿non sei por que estaba vostede nesa reunión porque vostede non estaba convocado? O seu asesor tampouco, pero vostede non estaba convocado; entón ¿en que quedamos? ¿era unha reunión convocada para os alcaldes da provincia, presidida por don Ramiro Rodríguez e presidida por don Francisco Fraga e don Alfredo aquí nunha esquiniña apartado? Vaia, isto é un *patinazo*, un *patinazo* como o que fixo vostede onte (por certo, non me falou do informe, que a vostede enchéuselle a boca a falar del, non mo nomeou; despois espero que o valore). Isto é un *patinazo*. O contido da xuntanza absolutamente sectario e partidista tamén foi obxecto de crítica por parte dalgún dos representantes dos concellos, como lles dixen antes. Mire, este grupo non podería criticar unha xuntanza convocada por don Alfredo García como alcalde de O Barco aos alcaldes e alcaldesas da provincia (que tome

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 21 de decembro de 2018

nota algún aquí que pensaba que o reprobábamos como alcalde de O Barco, non, nunca); tampouco unha xuntanza convocada en tanto o presidente, parece ser, do Partido Socialista na provincia. Ten toda a lexitimidade, previa petición á cesión do espazo correspondente pola presidencia da Deputación e sería coherente que a presidira unha vez comezada se a convocara como alcalde de O Barco. Este Grupo non pode tolerar que utilizando Alfredo García a súa condición de presidente da FEGAMP e os medios da FEGAMP, convoque aos alcaldes e alcaldesas da provincia a unha xuntanza en dependencias da Deputación, sen espazo concedido para tal fin, para criticar ao goberno provincial; aínda encima sen presidir a reunión efectivamente. Cítenme un caso parecido de falta de respecto institucional e de utilización sectaria e partidista dun cargo como o que ostenta Alfredo García. Imaxínense ao presidente da Deputación convocando a todos os alcaldes e alcaldesas da provincia nas dependencias do Concello de Allariz para criticar ao goberno local, que conta con maioría absoluta, e que chegan a esa reunión e o presidente da Deputación está nunha esquina da mesa presidencial e preside a reunión a voceira do Partido Popular no Concello de Allariz, acompañada polo voceiro do PSOE e se poñen a criticar asuntos de extrema autonomía municipal. ¿Pasou algo parecido cos anteriores presidentes da FEGAMP? ¿Fixo algo parecido José Manuel Rey presidente da FEGAMP cando Xosé Manuel Besteiro na Deputación de Lugo gobernaba un bipartito que di marxinaba, con absoluto sectarismo e partidismo, aos concellos gobernados polo PP? Non. ¿Convocou algunha reunión en dependencias da Deputación de Lugo para criticar ao goberno provincial? Non. ¿Ocorréuselle a don Alfredo Laudelino García Rodríguez convocar unha xuntanza na sede da Deputación de Pontevedra para criticar o sistema posto en marcha polo bipartito que goberna alí, sistema que non comparten e denuncian marxinación e discriminación os alcaldes e alcaldesas do Partido Popular? ¿Por que só se disfraz de don Quixote en Ourense para convocar e na xuntanza aparece como Sancho Panza? Don Alfredo García sabe que se equivocou. Vostedes saben que se equivocaron. A democracia consiste en respectar os resultados do único goberno provincial con maioría absoluta de Galicia. A democracia consiste tamén en recoñecer como fracaso estrepitoso convocar 92 concellos e ver entrar pola porta a 14, e para iso nin alcaldes; algún deles din, tras escoitar o contido da reunión, que foron totalmente enganados, manifestaron o uso sectario e partidista da propia convocatoria. Este Grupo ten claro que Alfredo García ten que ser reprobado e será

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 21 de decembro de 2018
--

reprobado. Xa o foi unha vez e agora será a segunda. Se non queres caldo, toma sete cuncas (calma, calma, calma, respecto que é o que nós lles estamos pedindo ao señor presidente da FEGAMP, respecto pídolle eu a vostedes; eu, cando vostedes falan, respéctoo). Reprobado polo comportamento, pola actitude, pola utilización sectaria e partidista, polo *prevalimient*o institucional e polo desprezo absoluto ao respecto institucional. Repetimos que reprobamos a Alfredo Laudelino García como presidente da FEGMAP, como alcalde do Barco respectámolo e seguiremolo respectando. O presidente recíbeo nesta Deputación, nos orzamentos da mesma e nas correspondentes modificacións figura como beneficiarios os proxectos do Concello do Barco que expón. Así é nos orzamentos do ano 2019, como saben, así foi no Plan de Infraestruturas Deportivas onde o Barco levou unha grande porcentaxe dedicada para toda a provincia; máis que ningún outro concello. Velaí que non falou do reparto, nin do sectarismo, nin da discriminación. Esa incoherencia tamén é importante que se poña en evidencia. Esta Deputación que puxo en marcha o Consorcio de Augas de Valdeorras, (¿non sei se vostedes coñecen o Consorcio de Augas de Valdeorras?, eu creo que hai aquí algún alcalde que é membro), esta Deputación que puxo en marcha o Consorcio de Augas de Valdeorras, onde figura o Concello do Barco e do que forman parte varios concellos da Comarca de Valdeorras. Hai 80 que non teñen ese instrumento, un instrumento no que a Deputación está achegando máis de 100.000 € anuais, ¿por que será? Ben podería saír da súa boca a seguinte expresión, *estoy en contra de la discriminación positiva, salvo para mí*. Mire, vou rematando esta miña segunda intervención. Con referencia ao procedemento do Xulgado Contencioso Administrativo (na última intervención falareille do *patinazo*) dous deputados desta Corporación acudiron á vía contencioso administrativa para que se determinase se o acordo de reprobación podería formar parte dunha emenda a unha moción única a un Pleno extraordinario. Observación ou advertencia que, naquel momento, foi formulada polos servizos xurídicos ao grupo emendante e naquel momento ninguén nos fixo constar ningunha cuestión tal e como dixo aquí o señor Ramiro. Dito recurso fallouse con data 11 de decembro anulando a reprobación. Unha sentenza que non é firme hoxe, é do 11 de decembro, e cabe interpoñer recurso de apelación en 15 días dende a notificación. Poderíamos formular aínda hoxe mesmo ese recurso, pero o noso non é enredar e optamos por despexar dúbida algunha mediante a figura dunha moción específica, e tendo en conta a liberdade propositiva que

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 21 de decembro de 2018
--

asiste aos grupos da Corporación, optamos por reprobamos a don Alfredo Laudelino García Rodríguez. Esperemos que quede claro tanto o obxecto da moción, como o resultado da votación; a maioría absoluta da Corporación Provincial. Este grupo entende que obrou correctamente no Pleno extraordinario no que, vía emenda, reprobou a actuación de don Alfredo Laudelino García porque gardaba relación co tema tratado e porque era un só dos puntos da emenda de substitución. Hoxe aprobamos unha moción coa reprobación do presidente da FEGAMP. Unha institución a cuxo órgano de representación pertenzo e que nunca autorizou, repito, nunca autorizou ao seu presidente a utilizar sectaria e partidariamente a FEGAMP, desprezando o máis elemental respecto institucional. Con respecto á sentenza ditada, dicir que deixa claro que a cuestión a dilucidar é meramente xurídica e que non entra nunca no fondo da reprobación nin no seu fundamento. Nada máis por agora. Moitas grazas.

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG: moitas grazas señor presidente. Eu estaba aquí anotando para ir contestando, pero logo chegou un momento no que dixen para qué. Parei e non anotei máis. Entre o que manteño e o que anotei vou a intentar contestar, aínda que moi brevemente algunha das cuestións. En principio dúas cousas, volven facer vostedes, o recurso habitual, a referencia ao que cobro ou deixo de cobrar; nós cobramos o que acordamos entre todos e o que vostedes decidiron. Se queren que lle deamos unha volta ao tema no que queda de mandato, pois xuntámonos e miramos se pode mellorar o cambiar. De todas maneiras, independentemente diso, tamén lle digo que nós cos recursos que temos e co que vostede me fala de único, pois facemos exactamente o mesmo labor de oposición e a mesma preparación dos temas que fai calquera dos demais grupos con máis medios. En todo caso, tamén lle digo que eu non teño unha dedicación exclusiva, co cal teño que compatibilizar o feito de estar aquí, o feito de ir ás comisións e o feito de preparar os temas co meu traballo habitual. Como digo, isto é unha desas cortinas de fume que vostedes utilizan como o que dixen, tamén lamento moito que o feito de que eu me enganara e dixera 2019 en lugar de 2017, despistárase vostede, ao mellor tivera que dedicar aí uns minutos a centrarse no tema. De todos os xeitos digo, creo que xa o teño dito máis veces, vostedes son moi ousados; vamos a ver, un pensaría nun asunto como este, logo de todo o que leva acontecido, logo do que pasou no propio Pleno extraordinario, logo do informe extenso, exhaustivo do secretario, logo de ter que chegar á vía xudicial para facer

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 21 de decembro de 2018

valer os dereitos, logo de terlle pedido que anularan ese acordo –máis dunha ocasión, unha vez coñecido o informe do secretario- e que vostedes cheguen a este punto, cheguemos a este punto onde o propio poder xudicial é o que ten que anularlles o acordo. E vostedes van a reprobalo ao presidente unha vez, non dúas, nin sete; vano reprobalo unha vez porque aquel acordo é ilegal, entón a reprobación, en todo caso, darase no día de hoxe. Digo eu, despois de todo isto un pensaría como moitos outros temas ¿e que manterán un perfil baixo, pasarán de puntillas sobre o tema, non farán...? ¡non, non, ao revés!, quitan vostedes peito, véñennos coa moción outra vez ao Pleno, antes ou despois, ou simultaneamente con coñecerse a sentenza. O cal, tamén lle digo, teñen vostedes absoluto dereito a facelo. Pero aquí tamén estamos falando de máis cousas, tamén nos mesturan vostedes nese interese por desviar os temas como fan habitualmente e volven outra vez co tema do Plan único. Mire, eu estívenlle naquela reunión na miña condición de portavoz e de deputado porque nós eramos os que coñeciamos os temas (tanto eu como o portavoz do Partido Socialista), eramos os que tiñamos os números, eramos os que coñeciamos a información e fomos nesa condición. Se esa reunión (que xa lle digo, para min foi absolutamente positiva e aprendín bastante, quitei bastantes conclusións) non foi un éxito e non estaban os alcaldes do Partido Popular, evidentemente foi porque vostedes non lles deixaron ir, simplemente. Esa é unha realidade que todos coñecemos. E a FEGAMP ten absoluto dereito a formular isto porque son os criterios, como xa se explicou aquí tamén, son os criterios que formula a propia FEGAMP para todas as provincias do noso país e nas outras tres xa se están aplicando. Entón, quen máis que a propia FEGAMP que reclama un plan destas características para todo o país, para convocar e para dar conta dos seus criterios e do que ela, a propia FEGAMP, está impulsando en todo o país e, repito, nas outras tres provincias xa se está facendo. Nada máis, remato. Eu creo que a cuestión está suficientemente clara, está absolutamente claro que o que vostedes fixeron no Pleno extraordinario do 9 de agosto de 2017 foi absolutamente ilegal e estaba fóra de lugar. O problema diso é que vostedes xa o sabían daquelas porque iso é de primeiro de concelleiro, no manual de concelleiro o primeiro que explican é como se debe de organizar e como se debe afrontar un pleno extraordinario e non cabe máis debate que a cuestión que vén na orde do día e sobre esa cuestión, formulen vostedes, voten o que queiran; pero non traer unha cuestión que non tiña absolutamente nada que ver coa orde do día que se formulaba. E como vostedes o sabían,

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 21 de decembro de 2018
--

de aí vén a nosa emenda. A nosa emenda é que vostedes se fagan cargo dos gastos que, para esta Deputación, representa o ter que chegar a este punto para anular ese acordo logo de non telo feito antes, cando tiñan vías e tiñan todos os informes enriba da mesa para saber que ito remataría así. Non sabemos o encaixe que poida ter, pero dende logo se lle preguntamos a todos os veciños e veciñas da provincia están absolutamente de acordo con que vostedes se fagan responsables disto; co cal esta si é unha emenda que nós pensamos que é pertinente. Desde logo, se vostedes tiveran un chisco de vergoña, tíñanse que facer responsables, solidariamente, do que aprobaron e destas custas que supón para esta Deputación o seu encerramento do seu chegar ata ao final, ata onde chegamos. Nada máis. Nós, dende logo, mantemos a nosa postura; xa na propia comisión informativa votamos en contra desta moción e, dende logo, hoxe vamos a facer exactamente o mesmo. Nada máis. Moitas grazas.

D. Armando Ojea Bouzo, do Grupo de Democracia Ourensana: grazas presidente. Ola de novo. Vamos a ver, eu xa dixen na miña primeira intervención que se a moción fose traída como unha moción a parte, como está vindo hoxe, *nihil obstat*, nada que obxectar; enmarcándoa dentro do que o deputado do Partido Popular chamou a liberdade propositiva. De acordo, *bien*, hai unha moción de reprobación; xa dixen que nós, tamén, temos presentado mocións de reprobación no Concello de Ourense. Outra cousa é despois o que votemos, o que nos pareza pertinente o contido; dende logo vamos a votar en contra polos motivos que xa dixen. Di o señor portavoz do Partido Popular que o presidente da FEGAMP convocou unha reunión e foi un fracaso. Iso enténdeo como un fracaso persoal ou funcional do señor. Oia, pódese falar do éxito ou do fracaso do que fai unha persoa cando ten control sobre o que pasa, pero que unha persoa convoque unha reunión e non lle vaian; como se non lle vai ninguén, non é culpa del. ¿Por que se vai ter que reprobar a unha persoa porque convoque unha reunión e non lle van? Cada un é moi libre de ir ou de non ir. ¿Como se non lle fora ninguén! Ese non é motivo para reprobalo. ¿Que cometeu, ao mellor, un erro no procedemento de convocatoria? ¿Que utilizou as instalacións desta Deputación sen seguir as canles? Vale. Iso é un erro, ou pode ser un erro; pero dende logo non é motivo –dende o noso punto de vista– nin de lonxe para reprobalo. Sería moito máis motivo para reprobar, por exemplo, ao Grupo Popular por esa emenda de substitución que ao final tumbou o Xulgado. Ese si sería un motivo de reprobación, sería máis motivo de

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 21 de decembro de 2018
--

reprobación; e sen embargo para nós nin sequera sería motivo de reprobación, porque sería só un acto, a ver, unha persoa pódese levantar un día cunha *rabieta* porque durmiu mal. Por un só acto non se reproba a ninguén, outra cousa son erros sistemáticos e permanentes; pero nós nin sequera formularíamos unha reprobación do Partido Popular ou do presidente da Deputación por ter feito iso que o Xulgado ditaminou erróneo. Non é motivo, un erro, *humanum errare est*, como diría o señor Rosendo. Iso si sería máis motivo e sen embargo ata non sería motivo suficiente. O que si que se entende é que un abuso, un abuso das prerrogativas, un abuso sectario, como lle chamaron vostedes, chulesco ata se pode dicir das tal. Os recursos que pon á nosa disposición a normativa hai que usalos, non abusar deles. E volvendo ao señor Rosendo, utilizaría ese latinismo que di *uti, non abuti* (use, non abuse), *usa, pero no abuses*. E vostedes abusaron da súa maioría absoluta para facer isto. Xa dixó o portavoz do Bloque que o señor presidente da FEGAMP será, previsiblemente, reprobado pola maioría absoluta do Partido Popular; pero unha soa vez, non dúas veces. A primeira vez non foi reprobado porque foi anulado polo Xulgado. Ou sexa, iso de *se non queres caldo, sete tazas*, ¡nanai de la China! Expresión que me lembra o que dicía aquela canción de Serrat, que realmente a letra era de Benedetti, *a ver quién la tiene más grande*. Entramos xa nesa dinámica. Nada máis, eu penso que xa está todo claro. Nós sinxelamente votaremos en contra porque non vemos, como dixen, motivos para reprobar ao presidente da FEGAMP por esa reunión, non entendemos que haxa motivo ningún e, sen embargo, si que reiteramos a nosa crítica ao que fixo, naquel momento, no mes de agosto do ano pasado que foi o 2017, a ver se non me equivoco eu agora no ano porque parece que hai confusión cos números ultimamente. Nada máis, grazas.

D.^a Elvira Lama Fernández, portavoz do Grupo Socialista: grazas presidente. di o señor Pablo que viñeron poucos, que viñeron 14, que 78 faltaron. Mire, viñeron os que quixeron, os que quixeron viñeron libremente; outros, algún despistado apareceu por aí e a outros dixéronlle que non viñeran, simplemente. Ou sexa, o éxito da convocatoria, *a depende, ¿vale?* Con respecto ao *patinazo* do informe, voulle a facer unha cantas puntualizacións. Este grupo, con outros grupos desta bancada, solicitou que se informara cómo corrixir esta anomalía e de novo, volve a prepotencia e o abuso do presidente. O informe que solicitamos os grupos da oposición, antes de someter este acordo ao Pleno, resulta que non se lle proporciona aos grupos – xa o mencionou o compañeiro do BNG -

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 21 de decembro de 2018
--

(que o solicitan, claro), senón que se informa antes a algún deputado do Partido Popular. Isto é bastante grave. Informámonos nós antes pola web da Deputación onde estaba colgado o informe completo, antes de que nos chegara ao correo electrónico de cada deputado ou do grupo da Deputación. Polo tanto, señor Pablo, a calidade democrática e o prestixio desta institución non vive neste mes, nin nos últimos tempos, os seus mellores momentos. Os servizos xurídicos e os órganos de goberno desta casa non están para contraprogramar as comparencias dos grupos ante os medios de comunicación, para informar á cidadanía do que vostedes non lles gusta que digamos. Polo tanto, señor Pablo, voulle dicir unha cousa, respecto institucional, todo; pero os que non teñen respecto institucional son vostedes. Porque a quen non respectan vostedes é aos cidadáns que os colocan nas institucións; a pesar de gabarse, constantemente, da súa maioría absoluta que, esperemos, deixe de selo máis pronto que tarde. Mire, voulle a dicir unha cousa. Está claro que a opinión de se hai culpa ou negligencia dos que aprobaron – vostedes - ese acordo anulado polos tribunais pode ser unha opinión moi subxectiva que nós non compartimos. Se ese acordo se tomou contra a legalidade que vostedes coñecen perfectamente como membros desta Corporación que impide tratar outros asuntos nas sesións extraordinarias; se non se tivo en conta a petición de revogación que fixemos dende o noso grupo dese acordo para corrixir esa ilegalidade e se estivo facendo todo o posible, persistindo unha e outra vez, continuando tamén obstinadamente nun proceso contencioso, para nós está claro o dolo e a culpa dos que infrinxiron, vostedes, infrinxiron a lei. Para nós está clarísimo, vostedes parece que aínda lles queda un posible recurso. Outra cousa é o procedemento que indica perfectamente no informe da Secretaria, como se debe tramitar. Por isto si que expresamos a nosa opinión de que debe tramitarse o correspondente expediente de responsabilidade patrimonial para executar a sentenza, do 11 de decembro de 2018, do Xulgado Contencioso Administrativo de Ourense e así llelo faremos chegar. Mire, con respecto a que outros presidentes doutra cor política, concretamente do seu, ¿non utilizaron a Federación Española de Municipios e Provincias de forma torticeira? Teño que recordarlle a un do seu partido que se chamaba Xosé Crespo cando alá polo 2006, en plena crise dos incendios de Galicia, alterou a todos os alcaldes do PP en contra da FEGAMP, ¿Entende? Entón, as hemerotecas estalle aí para recordar cousas. Dúas consideracións máis, dúas consideracións máis. Vámolo reprobar unha e sete veces máis se fai falta, *a ver quién es*

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 21 de decembro de 2018
--

más gallito en el corral. Mire, voulle dicir dúas consideracións. A primeira, poden vostedes reprobar a quen queiran, poden vostedes reprobar a quen queiran; pero o primeiro reprobado desta legislatura é o señor presidente e non lle quero recordar por qué, non lle quero recordar, no ano 2015. Segundo, os efectos legais e xurídicos xa sabe cales son, ningún. Están os informes do secretario e a sentenza dun xuíz; por moito que queiran reprobar ao presidente da FEGAMP; polo tanto efectos xurídicos ningún a unha *pataleta* de neno pequeno do señor presidente, unha *pataleta* de neno pequeno, algún trastorno pode ter como dicía o portavoz do BNG para insistir en temas que un xuíz lle acaba de dicir que hai un acordo ilegal. Polo tanto, a moción poden traela unha e sete veces, si, pode ser. Mire, voulle a dicir unha cousa, o que trata o señor presidente e o que tratan vostedes aquí nesta *pataleta* infantil, á que vostedes lle seguen o xogo, non é outra que desviar á atención do que nos trae causa que é o Plan Único que se pretende para esta Deputación, que é o reparto xusto, equitativo, e en base a uns parámetros que xa deseñou a propia FEGAMP – onde están vostedes, onde están todos os concellos - en función deses parámetros repartir os cartos e non facelo a dedo como se fai nesta casa. Ese é o fin último que pretendía ese Plan Único e diso é do que vostedes non queren falar nin do que nós falemos para que a opinión pública non se decate de como se reparten os cartos e os fondos desta casa. Polo tanto, mire reclamámoslle, unha e mil veces, que vamos a seguir insistindo co tema do Plan Único por moito que vostedes maquillen que agora isto xa se parece un pouco ao Plan Único, e de que aquilo xa se parece un pouco ao Plan Único; ¡é que somos unha Deputación única! Iso é o que somos unha Deputación única e singular. Polo tanto, nós faremos o que teñamos que facer e loxicamente nos pensaremos moi moito a onde temos que acudir. De momento, nada máis. Moitas grazas.

D. Pablo Pérez Pérez, do Grupo Popular: moitas grazas, señor presidente. Mire, dona Elvira, vostede estreouse cun soberbio *patinazo*, iso é unha evidencia. Mire, a Secretaría Xeral desta Deputación de Ourense considera válida a moción do Partido Popular sobre a reprobación de don Alfredo Laudelino García. Vostede falaba antes de onte do informe que ía pedir sobre esta moción, velaí ten o resultado. Xa se quere pode lelo perfectamente. No ditame do señor secretario da institución sinalouse tamén que a emenda do BNG non se debía aceptar e que os deputados do Partido Popular non tiñan que pagar as custas. Mire - co señor Ramiro vou despois – mire, a Secretaría Xeral desta Deputación de

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 21 de decembro de 2018
--

Ourense emitiu informe en relación ao tema da reprobación do presidente da FEGAMP no que considera válida a moción presentada polo Partido Popular sobre a referida reprobación. O ditame da Secretaría Xeral desta institución afirma, ademais, que a emenda do Bloque non debe aceptarse e que os deputados do Partido Popular non teñen que pagar as custas, como xa lle dixen fai un pouco. Mire vamos a ler, xa que vostedes non leron nada, vamos a ler un pouquiño do informe, pero moi breve, non, para non tal. Mire: *Á vista do exposto, mantendo o criterio do informe precedente, conclúese que a moción proposta polo Grupo Popular axústase, en canto a dito contido, á legalidade vixente. Así se simple. Patinazo. Patinazo.* Está claro. Mire, con respecto á emenda vulgar, *chabacana* e ilegal do Bloque Nacionalista Galego, direille o seguinte. Mire: *enténdese que non procede a súa tramitación na medida que dita emenda incorre no mesmo vicio de ilegalidade que aqueixaba a emenda formulada polo Grupo Popular o día 9 de agosto do 2017.* Mire falaba eu, hai un pouco, de centrarse un pouquiño e parece que ao señor Ramiro Rodríguez non lle gustou o de centrarse. Mire, repito que non lle vou a entrar na redacción vulgar, soez e barriobaixeira da súa emenda, mire, eu só lle pido que se centren porque andan a escribir estes panfletíños e despois son convocados, en tempo e forma, a unha comisión da que forman parte, como a de Razamonde - San Trocado, e despois de encherse de falar dela en numerosos Plenos, de pedir comisións de investigación, de pedir de formar parte delas; son vostedes convocados en tempo e forma e non asisten. Aos señores do Partido Socialista doulle a escusa porque xusto coincidiu coa convocatoria desa Comisión.... si, si, están os servizos xurídicos desta casa que llo poden xustificar polo My Tao. Home, asistiu á mesma convocatoria, recibíuna o que preside a convocatoria, o que preside a comisión, os alcaldes dos concellos presentes e vostedes, os tres grupos recibírona, e non asistiron ningún, polo My Tao. Míreno, hai un e-mail onde pon “pulse aquí”. Vostede, repito que llo escuso porque estaban de mudanzas, como podería ser; pero o señor Ramiro, que foi un dos máis interesados na cuestión, non asistiu. Por iso céntrese, si, si, céntrese. Mire, eu creo que xa non lles interesa electoralmente porque se decataron de que todo o que se fala nesa comisión é claro e transparente. Vergoña lle tería que dar montar un circo con algo tan serio e agora non asistir, perdendo o tempo en emendas vulgares ou presentando mocións fóra do prazo acordado. Céntrense no que se teñen que centrar, por favor. Polo que se refire ás últimas cuestións formuladas no escrito do Grupo Socialista *cabe responder, en primeiro*

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 21 de decembro de 2018
--

lugar, que a aprobación do Grupo Popular non implica ningunha responsabilidade legal nin para o presidente nin para os deputados que voten a favor do acordo (por certo, se algún de vostedes queren votar a favor do acordo, eu pídolles que o fagan, que eu sei que algún de vostedes teñen que votar a favor deste acordo de reprobación) ao estimarse que o citado acordo axústase a dereito en canto ás posibles responsabilidades... bueno, non sigo lendo porque senón xa os raio moito. Miren, só dicir unha cousa. Vostede dicíame que o señor Alfredo Laudelino García vai ser reprobado só unha vez. ¡Non! ¡Non! No momento en que acabemos votando, como aínda estamos en opción de presentar recurso, vai estar reprobado dúas veces. ¿Non queres caldo? Catorce cuncas. Así de simple. Mire, para non perdernos en debates e para centrarnos tamén, mire ¿por que reprobamos a don Alfredo Laudelino García? bueno, antes de nada, falaban do Plan Único eu creo que, na vindeira lexislatura, van seguir reclamando o Plan Único desde esa bancada. Pero, mire, ¿por que reprobamos a don Alfredo Laudelino García? Pola utilización sectaria e partidista da FEGAMP, utilización sectaria e partidista da FEGAMP, por convocar unha reunión como presidente da FEGAMP sen estar autorizado polos seus órganos de dirección, por convocar unha xuntanza en dependencias dunha administración sen ter unha autorización de espazo, convocar unha reunión e non presidila, convocar unha reunión de 92 concellos e acudir 14, convocar unha xuntanza desprezando o respecto institucional que na súa posición de presidente da FEGAMP debe salvagardar sempre. Non busquen distraer a atención do importante na cuestión, don Alfredo Laudelino García vai a ser reprobado polo uso sectario e partidista da FEGAMP. Uso sectario e partidista da FEGAMP. Nada máis, moitas grazas.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 7º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 7º](#).

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (14), o voto en contra da portavoz do Grupo Socialista, de Democracia Ourensana (2) e do BNG (1) e a abstención do resto de deputados/as do Grupo Socialista (7) que se ausentaron dos seus escanos, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Reprobar a don Alfredo Laudelino García Rodríguez pola utilización sectaria e partidista da FEGAMP, organización á que pertence esta Deputación.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 21 de decembro de 2018
--

2º.- Darlles conta deste acordo aos concellos da provincia de Ourense, aos membros do Consello Federal, Comisión Executiva e Xunta de Portavoces da FEGAMP, ao presidente da Xunta de Galicia e ao presidente do Parlamento de Galicia.

8º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE MEDIDAS DE DISCRIMINACIÓN POSITIVA NA BAREMACIÓN DA SUBVENCIÓN A PROL DA LOITA CONTRA O DESPOBOAMENTO.-

O Sr. presidente cédelle a palabra ao Grupo Socialista para que expoña o contido da moción.

D.^a Elvira Lama Fernández, portavoz do Grupo Socialista: grazas señor presidente. Grazas. En primeiro lugar, paréceme que consta en poder de todos os deputados e deputadas a exposición de motivos de esta moción cuxa proposta de acordo é a seguinte que paso a lerlles:

Que nos criterios e baremación de valoración nas bases das convocatorias das subvencións de concorrencia competitiva se introduzan elementos de discriminación positiva que palíen as eivas derivadas do despoboamento do rural e fomenten o desenvolvemento de actividades culturais, deportivas, etc... no ámbito rural da provincia de Ourense.

Dicir un par de cousas ao respecto desta moción que vou a sinalar. As políticas de discriminación positiva consisten en crear xurídica ou normativamente unhas “desigualdades” que serven para desenvolver a igualdade de facto ou de feito. Pode parecer un paradoxo, pero na realidade ten que ver co concepto de dar máis a quen menos ten, para alcanzar a igualdade real na medida do posible. Se ben a igualdade de todos os cidadáns, e de todos os territorios neste caso, está consagrada ante a Lei, as desigualdades das que parten uns territorios respecto doutros, na tradicional dicotomía rural *versus* urbano, ou despoboado *versus* poboado, fai imprescindible que as administracións públicas fomenten as medidas de accións positivas neste caso para que os habitantes deses núcleos, ou os posibles habitantes deses núcleos, teñan as mesmas oportunidades que os demais. Son políticas que conducen a resultados positivos en aspectos como pode ser a ordenación do territorio, Como xa vimos en numerosas ocasións neste Pleno, e sen ir máis lonxe no Pleno pasado, Ourense, como outros territorios, tamén ten un grave problema de despoboamento e de desequilibrio territorial. Temos unha poboación que, cada vez máis, se concentra no

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 21 de decembro de 2018
--

entorno da capitalidade; mentres temos un exterior da provincia, na parte exterior da provincia de Ourense, na parte digamos, afastada da capital da provincia de Ourense estase despoboando a pasos axigantados. Se á falta ou escaseza de servizos, como poden ser o benestar ou a conciliación familiar e laboral, lle sumamos tamén os recortes sanitarios dos que falaremos máis adiante, chegamos ao eterno bucle no que estamos metidos e do que non somos capaces de saír. Canto menos servizos para a poboación, menos atractivo será para as persoas para que se asenten neses territorios. No caso nomeado das subvencións, temos ante nós unha das ferramentas máis útiles para introducir medidas correctoras destas desigualdades ás que se enfrontan os concellos do rural; así como as entidades que desenvolven a súa tarefa neses municipios e, por suposto, aos seus habitantes. Se nas subvencións que se dan dende esta casa se introduciron, nalgunhas, algún criterio de selección que puntúa o esforzo de autofinanciamento e de interese social, a participación en actividades de determinados colectivos para favorecer, por exemplo, a inclusión da muller, da terceira idade ou de persoas con diversidade funcional; pensamos que chegou o momento de adoptar medidas concretas que inclúan o criterio da territorialidade. Non é o mesmo formar ou procurar financiamento, por exemplo, para una asociación veciñal nun núcleo pouco poboado como pode ser, non sei, Riós ou Budín no concello de Xinzo, ou Lobios de Sober no concello de Muíños (me parece) ou Porqueira, para ter máis afluencia e participación que facelo nun entorno máis poboado. Hai que premiar, ou debemos premiar, o esforzo de quen non quere que o seu pobo esmoreza e deseña proxectos interesantes, actividades culturais ou deportivas para que a xente, os rapaces, non teñan que desprazarse sempre para *disfrutar* deste tipo de actividades. Se puidemos introducir este criterio na área do benestar, tamén podemos facelo no resto das subvencións de concorrência competitiva desta casa e que se iguallen as oportunidades dos concellos, das persoas con independencia do lugar onde se vai a desenvolver a actividade proposta. De todos os xeitos, estes criterios que propoñemos deben ser observados dende a nosa propia realidade como provincia posto que non é o mesmo ter núcleos pouco poboados con alta dispersión territorial que ter núcleos máis poboados con pouca dispersión territorial. Deben ser deseñados por e para Ourense, tendo en conta as particularidades desta provincia e de todas e cada unha das comarcas que a conforman. Señor presidente, os núcleos rurais merecen recibir servizos de calidade ao igual que o resto de habitantes dos concellos máis poboados; pero tamén

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 21 de decembro de 2018
--

merecen ter oportunidades de dinamizar a súa vida cultural, deportiva, asociativa porque non só se paliarán certas desigualdades de base; senón que tamén xeraremos capacidade para crear proxectos interesantes e iniciativas que atraerían tanto ao asentamento de novos poboadores como tamén a participación dos que xa están. Do mesmo xeito que se introducen criterios sociais a certas axudas e subvencións, pensamos que é a hora de incluír o criterio da igualdade territorial e que esta sexa unha medida máis nesa loita contra o despoboamento que, por fin, chegou a hora que xa estea na axenda política en todos os recunchos do país. De momento nada máis e moitas grazas.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG: moitas grazas señor presidente. Bueno, antes de ir ao punto, simplemente trinta segundos para contestarlle á interpelación do deputado Pablo Pérez. Simplemente para aclararlle que non vexa fantasmas onde non os hai. Non teño ningunha constancia de que me chegara esa convocatoria da que vostede falaba, da comisión de seguimento Razamonde - San Trocado. En todo caso, dicirlle que estiven en todas e non teño, repito, constancia de que me chegara; senón, dende logo, a non ser que algo materialmente mo impedira, non teña vostede ningunha dúbida de que tería estado aí. En todo caso, mirarei a ver o que aconteceu. Aclarado isto, vou ao punto da orde do día. Respecto da moción que hoxe nos trae aquí o Grupo Socialista, na súa iniciativa demándase que nos criterios e baremos de valoración das bases destas convocatorias de concorrencia competitiva se introduzan elementos de discriminación positiva co fin de paliar as eivas derivadas do despoboamento e que se fomente así o crecemento económico e social equilibrado no ámbito rural da provincia. Concordamos co obxectivo que non é outro que incentivar a realización de actividades na zona rural e articular medidas de apoio para que non exista unha discriminación con respecto aos espazos urbanos e, por definición, que teñen o maior número de veciños e usuarios. Vou dicir unha obviedade que non deixa de ser dolorosa, non podemos pretender ter os pobos que tiñamos cos mesmos habitantes; pero si que exista unha igualdade de oportunidades entre as persoas que residen no rural e aquelas que o fan nas cidades. Vostede, señor presidente, que acumula máis cargos que a Duquesa de Alba, está na estrutura da FEMP - na súa Xunta de Goberno - ademais de ser vicepresidente de non sei cantas cousas: da Federación Nacional de Municipios con

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 21 de decembro de 2018
--

Centrais Hidroeléctricas e Encoros, vicepresidente da Comisión de Deputacións, vicepresidente da Rede de Cidades Termais, etc, etc...*bueno*, pois vostede debería saber que precisamente este organismo, a FEMP, vén de presentar unha estratexia de acción contra o despoboamento e unha das medidas que se propoñen no ámbito institucional é reforzar as liñas de subvención cando os beneficiarios sexan residentes en zonas de prioridade demográfica. Imaxino que Ourense está dentro do que se consideran zonas de prioridade demográfica, dígollo porque os datos son ben coñecidos e alarmantes e dende logo non é a primeira vez que falamos deles. A provincia perdeu no último ano 1.800 habitantes, na súa meirande parte mozas e mozos, situándose por baixo dos 310.000; máis de 120.000 veciños e veciñas nos últimos 30 anos; máis de 315 núcleos de poboación quedaron abandonados neste tempo. Polo tanto, ou se implementan medidas estruturais que teñan a ver cun novo modelo produtivo, ou non haberá futuro. Todo o demais son parches que poden axudar a frear a sangría pero que non van atallar o verdadeiro problema de fondo que non é outro que a desertización da provincia cos efectos que iso ten a todos os niveis. Xa o teño dito máis veces, Feijóo anunciou que esta ía ser a lexislatura do rural; pois está sendo a lexislatura do rural, máis ben a lexislatura do desmantelamento do rural. Precísase un proceso de modernización e este está a ser de destrución. Fai falla un modelo alternativo e pechar os ciclos produtivos aquí, para que xere valor engadido. Como iso non o veremos de momento, pois haberá que conformarse con outro tipo de medidas que, aínda que non estruturais, colocan as veciñas e veciños da provincia, vivan onde vivan, nunha posición de certo equilibrio, tamén no acceso aos servizos. Por iso, nós vamos a votar a favor e vamos a apoiar a moción que hoxe presenta o Partido Socialista. Nada máis, moitas grazas.

D. Armando Ojea Bouzo, do Grupo de Democracia Ourensana: grazas. Esta moción do Partido Socialista é bastante abstracta porque non fai relación a cales poderían ser, ou apuntar cales poderían ser os criterios e eses elementos que permitirían a oportunidade de iguallades entre os concellos. Entonces, *bueno*, desde este ámbito do abstracto, loxicamente, entendemos que non cabe máis que estar a favor. A min particularmente paréceme un tanto eufemística a expresión “concorrenza competitiva”, porque a competición dáse cando hai iguallade de condicións; é dicir, unha iguallade aproximada de condicións. Non compiten, nun campionato mundial de boxeo, un peso pesado cun peso pluma; ou xogan un partido de fútbol un equipo de primeira división cun

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 21 de decembro de 2018
--

regional. Entón, claro, os concellos da provincia non se atopan nas mesmas condicións de tal xeito que se lle puidera chamar concorrencia competitiva a esta clase de subvencións e, efectivamente, hai que buscar algún xeito de paliar esas desigualdades á hora de competir polas subvencións e por outras cousas. De todos os xeitos, loxicamente, preferiríamos que a proposta tivera algo máis de concreción. O portavoz do BNG soltou por aí algo do que poderían ser algunhas ideas concretas a cerca de cales poderían ser eses criterios; pero *bueno*, aínda que non aparecen apuntadas medidas concretas e a proposta é pouco abstracta, nós votaremos a favor

D. Rosendo Luís Fernández Fernández, do Grupo Popular: moitas grazas señor presidente. Moi bo días distinguidos señoras e señores deputados, medios de comunicación, información gráficos e escritos, radio e televisión e todo o público que nos está observando directa ou indirectamente. Señora Lama, anunciar medidas (ademais a palabra adecuada que se acaba de dicir aquí polo portavoz de DO) abstractas é facilísimo. O papel sopórtao todo, concretar élle bastante máis difícil. (...) *Se introduzan elementos de discriminación positiva que palíen as eivas do despoboamento do rural*; pois si, eu non sei que impacto levará isto, pero hai que facelo, seguro. Pero mire, vostedes chegan tarde. Dicía antes o meu compañeiro que viven do pasado. Neste caso, chegan tarde. Cando nós xa nos imos cos deberes cumpridos e as responsabilidades, chegan vostedes argumentando que se fagan medidas. Mire, a nivel global, xeral, fareille saber para as actividades culturais e recreativas da provincia de Ourense (a nivel xeral estoulle dicindo, despois particularizo) o 70 % destas subvencións para actividades culturais e recreativas van para fóra da cidade de Ourense, o 70 %; o 30 % para asociacións da cidade. Creo que hai diferenzas. Segundo, subvencións para asociacións veciñais – que puxo vostede tamén - da provincia, Ourense cidade leva o 28,57 % e os restantes concellos da provincia, os 91, 71,43 %. Creo que hai diferenza a nivel global. Pero, xa, particularizando nas distintas liñas de subvencións desta Deputación. ¿Coñece vostede...? por iso eu digo que descoñece, eu non digo que non creo que sexa porque o queiran facer, por dicir vimos nós con estas propostas e imos a descubrir algo; creo que é por desinformación e por descoñecemento. Si, si que llo digo estando en Navidades e con espírito navideño, llo digo, con desinformación. Se vostede le o Boletín Oficial da Provincia n.º 39, do sábado 17 de febreiro de 2018, xa vai facer un ano, mire, para organización de actividades físico-deportivas, punto 4, *a contía das subvencións*

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 21 de decembro de 2018
--

obxecto desta convocatoria consistirá nunha porcentaxe do orzamento do programa ou actividade presentado, podendo acadar, como máximo, o 50% do custo total para os concellos de máis de 3.000 habitantes e mancomunidades e ata o 70% para os concellos de menos de 3.000 habitantes. Creo que o descoñecían. Isto é para actividades e eventos deportivos. Segundo, concurso público para a concesión de subvencións a concellos para a organización de actividades culturais e recreativas correspondentes ao exercicio 2018 (xa se fixo durante este exercicio). Base Cuarta. A contía das subvencións obxecto desta convocatoria (da que acabo de dicir) consistirá nunha porcentaxe do orzamento dos proxectos seleccionados, podendo acadar, como máximo, o 50% do custo de cada proxecto para os concellos de máis de 5.000 habitantes e ata o 70% de cada proxecto para os concellos de menos de 5.000 habitantes. ¿Non é elemento de discriminación positiva, señora Lama? Pero creo que descoñecía as bases do concurso, senón non poñían esa moción. Proposta da Área de Benestar para a aplicación, dende a Deputación de Ourense, desde a perspectiva demográfica aos programas sociais da Área. O señor Ramiro tampouco coñece este documento porque este documento xa está presentado. Está en marcha o documento de acción da comisión de Despoboamento da FEMP. Á FEMP facémoslle caso e pódolle dicir que vai ser esta a primeira deputación que aplica a recomendación da Federación Española de Municipios e Provincias. La FEMP propone que se incorpore la lucha contra la despoblación como un principio a tener en cuenta en todos los planes y líneas de acción de las Administraciones Públicas, proponiendo un catálogo de medidas prácticas desde la perspectiva demográfica. O Programa BenOurense xa está recollido no documento e voulo a ler porque deben de descoñecer, ao mellor, o documento. Ao mellor como este é máis recente, igual, pode saber algo del, pero mire se o estamos seguindo ou non - e a vai ser a institución provincial de Ourense a primeira en aplicar as recomendacións da FEMP - que di: (...) dos proxectos de bases reguladoras ao incorporar como criterios a coincidencia na repartición económica e a perspectiva de reto demográfico; facéndose así partícipe dos acordos da VI Conferencia de Presidentes, celebrada o 17 de xaneiro de 2017, onde se acordou o impulso de medidas específicas para facer fronte aos desafíos demográficos. No marco das medidas para ter en conta nesta estratexia nacional fronte ao reto demográfico, considérase que todo cambio demográfico ten unha gran incidencia sobre o estado de benestar fundamentalmente en campos como

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 21 de decembro de 2018
--

*pensións, saúde e servizos sociais. Os cambios agora propostos atopan o seu respaldo no documento de acción elaborado pola comisión de Despoboamento da FEMP. Non vou a pronunciarme moito máis porque o noso portavoz, o señor Plácido, xa incidiu nisto e non vou ser eu o que corrixa nada, porque o dixo moi ben e moi taxativamente. Señora Lama, este documento xa vamos a aplicalo, está recollido e aprobado. Polo tanto, creo que estamos seguindo todos os elementos e criterios para unha discriminación positiva diante do reto demográfico. Na segunda intervención voulle a dicir, a nivel nacional, a nivel europeo cales son as medidas que tamén estamos tomando en política macro. En todo caso, se facemos discriminación en benestar, en asociación veciñais, en cultura e en deportes, señora Elvira, cando vostedes veñen, nós xa vamos. Ou están vostedes *anclados* no pasado e non coñecen as bases dos documentos sobre o reto demográfico que esta institución provincial, co seu presidente ao fronte, xa está aplicando nesta provincia. Nada máis e moitas grazas polo momento.*

D.^a Elvira Lama Fernández, portavoz do Grupo Socialista: moitas grazas presidente. Señor vicepresidente, coñecemos os documentos da FEMP, coñecemos as recomendacións dos Congresos que se realizan en distintos puntos de España, coñecemos os resultados de moitos estudos, coñecemos moitas cousas e coñecemos tamén as bases das convocatorias. Pero mire, o papel aguántalle todo. Esa é a realidade, o papel aguanta todo. As bases están moi ben, logo despois non son os que se poñen aí. Mire, voulle explicar polo que. Polo que podemos comprobar, e así nolo fan chegar diversos colectivos, o que é certo é que moitas das subvención que se conceden desde esta Deputación van a parar a colectivos en moitos casos que están en vilas bastante poboadas e mesmo, vostede acaba de recoñecelo aquí, o 70 % para afora, para algunhas, o 30 % para Ourense; noutras o 28,7 % para Ourense, o 71,43 % para o resto dos concellos. Polo tanto, van a parar a entidades, asociacións, clubs deportivos da propia cidade de Ourense; cando eses mesmos clubs, entidades, asociacións tamén moitas veces, na maioría dos casos, en case todos, reciben cartos do seu propio Concello; por certo con orzamentos, en vilas, refírome ao caso en que moitos casos teñen recursos bastante avultados. Mire, cremos que os criterios de discriminación positiva farán que podan estar en pé de igualdade os colectivos que máis esforzos fan para poder levar a cabo a súa propia actividade no rural. Aquí haille moitos alcaldes do rural, de zonas bastante afastadas que lle poden dicir das subvencións que

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 21 de decembro de 2018
--

reciben os colectivos do seu concello e dos esforzos que fan, por exemplo, un colectivo deportivo, de deporte base, de baloncesto ou fútbol; se fan o mesmo esforzo os pais dun rapaz que pertence a un club ou a un equipo deportivo en Ourense na capital, ou na Veiga, na Peroxa, en Oímbra ou no Riós. Iso é ao que nos referimos. Para que os pais, moitas veces a xente maior, para que a xente moza non marche do rural terán que ter os mesmos servizos en igualdade de condicións e iso é ao que nós lle chamamos discriminación positiva. Porque se o despoboamento do rural nos leva tido entretidos en debates, en congresos que se fan sobre ese tema monográfico e, por fin, xa está na axenda política...mire, esas mesas de reflexión tan sesudas e que nos dan tantas recomendacións, ninguén mellor que os alcaldes que están no rural saben do que estamos a falar. O despoboamento é un reto, non, é un tema *sangrante*, é algo que, me parece, xa non ten remedio. Polo tanto, a medida que propoñemos nesta proposta de acordo leva implícita, tamén, unha loita contra ese mal endémico do que estamos a falar, o despoboamento, do que xa falamos na moción do Pleno pasado. Mire, nalgunhas é verdade que se inclúe un apartado que poida puntuar máis ou menos, a realidade palmaria ¿sabe cal lle é? Que un club de fútbol de un concello pequeno recibe desta casa 1.900 € mentres que un club doutro concello máis grande, ou incluso da capital, pois ao mellor renuncia a esa subvención (¿estánme escoitando señor presidente e vicepresidente?), moitas veces ese club renuncia a esa subvención de concorrencia competitiva, porque en moitos casos o que fan estes grandes renuncian, veñen a falar co presidente porque teñen máis trato con el ou porque os recibe de mellor agrado e o presidente concédello unha subvención nominativa de 19.000 € Esa é a diferenza, esa é a diferenza. Os esforzos que fan moitos concellos para ter equipos de deporte base resulta, en moitos casos, titánico; cando incluso puntúa, para obter subvencións, un determinado número de fichas dun equipo de fútbol, ou de baloncesto, ou de balonmán; do que sexa. Polo tanto, ese esforzo titánico moitas veces sae do peto dos pais e das nais que queren que os seus rapaces - ou daquelas persoas maiores en colectivos da terceira idade, en asociacións culturais - que queren *disfrutar*, aprender e ter as mesmas oportunidades que teñen a xente, rapaces, maiores, mozos e mozas que viven na capitalidade de Ourense. Polo tanto, non reclamamos nada estraño o que si nos resulta estraño, *bueno* a min non, como vivo nun concello onde *ya estamos en ello*, levámolo oído durante os últimos nove anos; pois xa non me resulta estraño. Si que é verdade que

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 21 de decembro de 2018
--

nalgunha subvención, das que ultimamente aprobamos, si establecen algún deses criterios de territorialidade. Polo tanto, eu o que lle pido é que no resto das subvención de concorrencia competitiva fagan o mesmo. De momento nada máis e moitas grazas

D. Rosendo Luís Fernández Fernández, do Grupo Popular: vamos a ver, señora Lama, eu non sabía se estabamos falando a nivel deportivo dos clubs, ¿que habería que ver a categoría dos clubs tamén!; ou estamos falando do que vostede pide, que se introduzan elementos de discriminación positiva que palién as eivas derivadas do despoboamento. Pero está falando vostede de clubs deportivos e do esforzo que se fai por parte das asociacións; iso xa se contempla. O que me parece, repito e reitero, que vostede descoñece as bases da subvención. Vostede descoñéceo, porque mire, para eventos deportivos, acabo de dicirle que o 50% do custo total para concellos de máis de 3.000 habitantes e mancomunidades e ata o 70% para concellos de menos de 3.000 habitantes. ¿Que veña Dios e que o vexa!. Hai discriminación positiva para os concellos máis pequenos, ¿si ou non? O mesmo para benestar como xa dixó moi ben o noso portavoz, don Plácido, e o mesmo que lle acabo de dicir para os programas sociais. Polo tanto, mestura... Señor Ojea, *nihil volitum nisi praecognitum, nada se entiendo si antes no se conoce*. E claro, descoñécense as bases polas que se outorgan as subvencións, señora Lama, por iso vostede na réplica empézame a falar de clubs deportivos e non dos elementos que hai que introducir para a eiva do despoboamento. Iso é que, cando o río pasas por alí, *bueno...se non falamos do Miño, falamos do Sil que é un afluente e vén a ser o mesmo*. Moi ben, mire, á parte de que xa o aplicamos, e repito e que quede ben claro, para eventos deportivos, para actividades culturais e recreativas, para programas sociais e, á parte destas, aquí o que se está reivindicando, e hai que reivindicar, é unha política con maiúsculas; unha política macro porque o reto demográfico é un problema de Estado, un problema europeo e un problema nacional que, aínda que afecte en maior o menor medida a unhas rexións ou concellos, é un problema xeral. E voulle dicir algo. Declaración de Montánchez sobre o Despoboamento do Rural, mire se lle interesa ou non a esta Deputación que o señor presidente da Deputación de Ourense asinou este documento. Porque a Declaración de Montánchez sobre o despoboamento do medio rural é un tema das deputacións de España que, por certo, levouno un presidente da deputación socialista, non sei se o coñece, ¿coñéceo? Non o coñece, pois don Francisco Reyes, máis coñecido familiarmente como Paco Reyes,

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 21 de decembro de 2018

presidente da Deputación de Jaén. Está aquí e está asinado polo señor presidente. Non llo vou a ler, polo descoñecemento seu, non vou a empregar máis tempo, pero pode telo; seguro que non o ten. Segundo, ¿sabe vostede que presidimos, que preside o señor presidente da Deputación Provincial de Ourense Partenalia, que é a Asociación Europea de Governos Provinciais? E ¿sabe que Partenalia, que agrupa a 25 administracións locais procedentes de seis países da Unión Europea - Portugal, Francia, España, Bélxica, Italia e Suecia - ten como misión representar os intereses dos seus membros e representa un inmenso valor que o presida o señor Baltar, o presidente desta Deputación e que ten como motivo, como fin, ou como misión a loita do reto demográfico, entre outras moitas cousas? ¿Sabe vostede, que debeu lelo, outra cousa é que o recoñeza, que antes de presidir Partenalia o señor Baltar e despois de presidir Partenalia unha das primeiras reivindicacións, e xa fai anos, que fixo é que o Fondo Social Europeo e os fondos FEDER veñan destinados aos gobernos provinciais e locais que son os que mellor coñecen os problemas demográficos e os que mellor poden aplicar eses fondos de cohesión? Isto é facer política con maiúsculas, señora Lama. Non o quere recoñecer, pois moi ben. En terceiro ou cuarto lugar, xa non sei en cal vou; reivindicación e traballo a prol do reto demográfico a nivel local, provincial, europeo e nacional. ¿Sabe vostede que o mércores 5 de decembro creábase a Cátedra do Reto Demográfico do Centro de Estudos Superiores e Sociedade Civil para o Debate que dirixe don Manuel Campo Vidal? ¿Sabe vostede que onte mesmo o presidente da Deputación de Ourense reuniuse con Campo Vidal, ou sexa días despois de crearse esta Cátedra, e está na International Business School para que desenvolvan iniciativas no marco do reto demográfico? E aí estamos. Isto é facer política ante o reto e o problema demográfico. Vostede vén a pedir, que é a base e o corazón da iniciativa, que se introduzan elementos discriminatorios a nivel positivo. Oia, tamén podería dicir cales; ben é verdade están na oposición. Din que a imaxinación ao poder, tamén se podería dicir, imaxinación á oposición, por favor. Entón, vostede anuncia unhas medidas abstractas; si, claro, o papel sopórtao todo, ten razón; pero non nos di cales. E cando eu lle digo que xa as temos introducidas e que cando vostedes veñen, nós xa vamos; entón empézame a falar de clubs deportivos. Señora Elvira, hai que traer un pouquiño máis preparados os temas. Nada máis e moitas grazas. Vamos a votar en contra, pero non porque votemos en contra, é porque xa o estamos aplicando.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 21 de decembro de 2018
--

D.^a Elvira Lama Fernández, portavoz do Grupo Socialista: grazas presidente. Voulle a dicir dúas cousas, só dúas cousas. Di que os papeis o soportan todo eu dixen, tamén, que os papeis o soportan todo. Esas bases recollen eses principios, segundo vostede xa o están aplicando, ou xa están niso. Mire, o señor presidente pode formar parte de todos, ou presidir todos os organismos nacionais, internacionais e incluso extraterrestres se quere; o caso é o resultado desas accións, o resultado deses títulos. Porque podemos estar estudando o reto demográfico e o despoboamento de aquí a eternidade e, mentres tanto, ¿que políticas estamos a facer para que a xente non se marche do rural? Iso é o que lle pedimos. Estame dicindo que é unha proposta un tanto abstracta, ¡home! non nos pida a nós que estamos na oposición que lle fagamos nós as bases, ¡só faltaría! ¿Están feitas? Están feitas pero o que lle estou dicindo é a realidade palmaria de que non se aplican correctamente e de que hai criterios como a dispersión, como o despoboamento, como o afastamento de certos territorios, como a baixa natalidade, etc, etc... que non se están a aplicar, que non se están a aplicar. Con respecto aos datos demoledores de que o presidente é o máis magnífico de todos, ao que vostedes parece que idolatran, voulle a dar soamente un par de datos. Mire, dende que el é presidente, Ourense perdeu 25.141 habitantes, é dicir, 11,5 habitantes por día dende que Manuel Baltar é presidente desta Deputación. É dicir, voulle dar un dato, para que despois me diga que non veño informada, vamos a ver, iso élle a poboación de Verín, Xinzo e Taboadela xuntos; dende que el é presidente, ¿vale? Outro dato, dende que Baltar é presidente desta Deputación, 82.466 persoas emigraron, non só da capital; maiormente do rural. Durante cada día do seu mandato, 37 persoas fixeron as maletas para buscar un futuro mellor noutro lugar de Galicia, de España ou do mundo. Maiormente estamos a referirnos a poboación moza, mozos e mozas que ben poderían estar desenvolvendo a súa actividade profesional, o seu proxecto vital e as súas actividades lúdicas no rural. Porque lle aseguro unha cousa, señor vicepresidente, ninguén lle marcha da casa por gusto; ou polo menos, moi poucas persoas. Outro dato máis, a taxa de actividade en Ourense caeu, en seis anos, dende o 50,14% ao 48,9% e hoxe haille 20.000 empregados menos, segundo as cifras que manexan os sindicatos. Mire, esta provincia, hoxe ten máis de 5.000 persoas máis pensionistas que cotizantes da Seguridade Social. Polo tanto, a min de nada me importa, e me parece que aos ourensáns tampouco, que o señor presidente presida Partenalia, do cal forman parte seis países, e que alí se poñan a debater

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 21 de decembro de 2018
--

sesudamente do reto demográfico e do despoboamento. O despoboamento combátese con cartos e fixando xente no rural, iso é como se combate o despoboamento. A receita élle ben fácil, o diagnóstico xa o temos, as cifras cantan por si mesmas; polo tanto non me diga que o están a facer. Non o están a facer, senón as cifras non serían estas. Mire, en canto a que non sabemos de qué van as bases das convocatorias, ¡home! non nos trate de ignorantes algo sabemos porque, entre outras cousas, temos fillos, familiares, amigos, veciños que participan. Por certo, algúns lévanas pedido anos e anos e non se lle conceden; ao mellor porque ten un *apellido* raro. De momento, nada máis e moitas grazas.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 8º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 8º](#).

Non se producen máis intervencións someténdose a votación a moción, que é rexeitada ao obter o voto favorable do Grupo Socialista (7), de Democracia Ourensana (1) e do BNG (1) e o voto en contra do Grupo Popular (14).

9º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE OS RECORTES NO SERVIZO DE ATENCIÓN PRIMARIA NA PROVINCIA DE OURENSE.-

O Sr. presidente anuncia que o Grupo Popular presentou unha emenda a esta moción e cédelle a palabra ao Grupo Socialista para que expoña o contido da moción.

D.ª Isabel Gil Álvarez, do Grupo Socialista: moitas grazas señor presidente. Moi bo día señores deputados, señoras deputadas e demais persoas que nos escoitan. Vou a presentar, vamos a falar de 10 puntos sacados dun traballo baseado nas carencias de atención primaria. Son 10 puntos que resumen claramente o deterioro ao que chegou a atención primaria. Non todo vale na xestión de atención primaria. A xestión sanitaria é un mundo moi complexo por ser un verdadeiro cruzamento de camiños, de intereses dispares, cando non contrapostos e sometidos a enormes tensión económicas. A actual Atención Primaria española é sólida, seguramente unha das máis sólidas dos países da contorna; pero dende o seu deseño durante a transición sufriu unha erosión que cremos que non é *achacable* ao paso do tempo, senón a un cúmulo de decisións erróneas na xestión do sistema sanitario. Son decisións, na súa maior parte, válidas para todo o territorio nacional, aínda que con particularidades autonómicas. Una xestión baseada na evidencia, aínda que somos conscientes da necesidade de atopar datos confiables. Desde as investigacións de

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 21 de decembro de 2018
--

Bárbara Starfield, sábese que os sistemas baseados nunha atención primaria forte obteñen mellores resultados en saúde para a poboación e un custe máis reducido. As evidencias acumúlanse nesa dirección. Unha atención primaria forte non consiste en repetir o *mantra* de que é o eixo do sistema; senón en aceptar os seus valores (integralidade, lonxitudinalidade e a proximidade a aceptar os coidados *cercanos*) como centrais no sistema en colocala co peso suficiente nos núcleos de decisión e dotala de recursos adecuados para resolver as súas funcións. Exporemos algún datos relevantes de malas decisións que empuxaron aos equipos de atención primaria a unha perigosa situación de deterioro e agravio:

1.- Permitir orzamentos raquíuticos e minguentes para a atención primaria.

A atención primaria é o eixo do sistema, non debe quedar cargo político dedicado á xestión sanitaria no noso país que non pronunciara esta palabra. Con todo, non se obra en consecuencia. Os orzamentos en atención primaria en España sempre estiveron lonxe do recomendado, un 25% dos orzamentos. A crise económica dos últimos anos non fixo máis que agudizar o problema. Os orzamentos fóronse diminuindo, mentres que os dos hospitais foron aumentando. O aforro de atención primaria derivouse ao seguinte chanzo da asistencia. Chegamos así á situación actual na que, se descontamos os orzamentos dos medicamentos a través da receita, a atención primaria reserva algo máis do 10 ao 13% do orzamento da sanidade da nosa Comunidade Autónoma. Non hai verdadeira aposta pola atención primaria aquí nin no resto do país. É imposible ofrecer a calidade que os usuarios merecen con estes orzamentos.

2.- Permitir redución encubertas do persoal por falta de suplentes.

Nas consultas de medicina de familia o recurso principal é o propio médico. Non se precisa grande tecnoloxía nin recursos complexos; a consulta baséase na interacción de paciente - médico. Por tanto, o tempo de consulta media é unha variable que afecta á calidade do servizo prestado. Canto menor é o tempo do que dispón o médico de familia para atender aos seus pacientes, menos probable é que a atención que teña a calidade desexable. Non hai suplentes nas consultas de atención primaria ante as ausencias por vacacións ou por enfermidade dos profesionais. Son, con demasiada frecuencia, o resto dos compañeiros os que teñen que atender aos pacientes da consulta baleira. O motivo das ausencias dos suplentes non é único, débese a coexistencia de varias circunstancias entre as

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 21 de decembro de 2018
--

que, sen dúbida, están a precariedade dos contratos ofrecidos, días soltos, fins de semana, sen fins de semana, horario nada favorable, a marcha dos compañeiros fóra da comunidade ou fóra do país en busca de condicións mellores de contrato, seguramente igual de precarios, pero con algo máis de estabilidade. Ao que moitos, ante situacións laborais tan adversas, optan por volver presentarse ao MIR; estamos así ante unha redución encuberta de persoal e na detracción dos recursos porque o diñeiro non gastado en suplencias non repercutirá na mellora doutras partidas orzamentarias para primaria. A repartición continua de consultas, ademais, rompe a continuidade na asistencia aos pacientes que serán atendidos cada día por un profesional distinto mentres dure a ausencia. Isto vólvese especialmente grave na redución de xornadas e das non cubertas.

3.- Permitir agravios comparativos na remuneración dos profesionais.

Unha garda nos días máis complicados das festas de Nadal paga o dobre nos hospitais que nos dispositivos de urxencia que dependen da atención primaria e servizos de atención rural. Cando, ante a falta de suplentes, un médico debe quedar a traballar na quenda contraria 17 horas de traballo nun día, debería considerarse un problema de seguridade para os pacientes. A cantidade de diñeiro percibida por unha acumulación é moi inferior á recibida por unha substitución.

4.- Acceso a probas diagnósticas diferentes entre a atención primaria e a atención hospitalaria e sendo a indicación a correcta.

Unha atención primaria ben orzada e organizada é capaz de dar resposta a máis do 90% das necesidades dos pacientes; para iso precísase unha capacidade resolutiva que se lle nega á nosa atención primaria. Moitas determinacións analíticas ou probas complementarias son exclusivamente para os hospitais, aínda que estean moi ben indicadas; ata o punto de que un residente de primeiro ano de medicina de familia pode pedir probas que o seu titor, con moitos anos de experiencia, non poderá solicitar no centro de saúde. É imprescindible abandonar o catálogo de probas e cambialo polo catálogo de indicacións destas e xeneralizar o uso en todas as áreas. Redundará en maior resolución dos problemas, menos derivación, menos tempo de espera e maior satisfacción do usuario; ademais de reducir a desigualdade no acceso aos medios diagnósticos de moitos pacientes. No remate do absurdo, xeneralízase o costume de ir a ver, ou de mandar a ver, os resultados da consulta

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 21 de decembro de 2018
--

ao médico de familia de probas pedidas por compañeiros do hospital, dada a importancia da lista de agarda hospitalaria.

5.- Permitir cargas de traballo indignas que poñen en risco a seguridade dos pacientes.

A saturación das consultas é unha das características da atención primaria española. A análise das causas da saturación non é sinxela, pero dispón de moi abundante literatura e datos. O tempo das consultas no noso país e a Comunidade resultaría inaceptable en calquera país da nosa contorna. As mal chamadas axendas de calidade teñen como única prestación que todo o que chega sexa atendido sen importar a calidade da atención, nin as condicións laborais de quen atende. Aproximadamente o 50% das asistencia é programable, o 35% é demorable e só un 15% da asistencia é necesaria vela no mesmo día da cita. Pódese razoablemente prever que tipo de consulta se vai a traballar. É imprescindible analizar o problema en profundidade e establecer medidas protectoras porque traballamos bordeando, cando non excedendo, os límites da atención segura aos pacientes. A análise das *plantillas*, das necesidades de poboación, a eliminación da burocracia, a implicación doutros niveis asistenciais e doutros profesionais da atención primaria, e outras moitas cousas máis, deben ser modificadas para unha atención primaria segura.

6.- Permitir que practicamente calquera institución pública ou privada decida que trámites administrativos realiza o médico de familia.

A sanidade pública non é a sanidade da Administración. A sanidade pública é do conxunto de cidadáns que teñen que ser os protagonistas do sistema. É relevante e común que diversas institucións solicitan, sen filtro nin molestia algunha, documentos ao médico de familia: colexios, institutos, mutuas, accidentes laborais, enfermidades profesionais, empresas e, o que é aínda peor, que outros departamentos da administración decidan de forma unilateral solicitar trámites administrativos na consulta do médico de familia. Os devanditos trámites poden estar cargados de razón, aínda que moitas veces é mera burocracia. É imprescindible que os devanditos trámites sexan valorados previamente polos sectores de sanidade para que decidan se procede e, se é así, digan quen, como e cando se farán.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 21 de decembro de 2018
--

7.- Realizar análise, avaliación e provisión dos recursos antes de implantar novas actividades e servizos en atención primaria.

A atención primaria, pola súa proximidade ao paciente, é un lugar idóneo para o desenvolvemento de múltiples actividades. De feito, nos últimos tempos asumíronse actividades que antes eran propias da atención hospitalaria: o control anticoagulante, orais e outras que antes non se realizaban: campaña de detección precoz do cancro de colon, programa da muller, cirurxía menor, etc, etc... En ningún caso vimos un cálculo de carga de traballo nin, por descontado, un incremento de recursos. Non é certo que se puxeran en marcha estratexias de “deixar facer” para “facer mellor”; simplemente considérase que as consultas de atención primaria son indefinidamente elásticas e, por tanto, todo cabe cos mesmos recursos. Como mostra, a recente posta en marcha do programa de detección precoz do cancro de colon e recto. Incrementábase a carga de traballo das consultas de medicina de familia e os recursos destínanse aos hospitais. É imprescindible que a actividade de atención primaria se fundamente en evidencias sólidas, e que se revisen as actividades implantadas para refugar aquelas que os recoñecementos actuais non avalan. A carteira de servizos é sempre incrementada sen acompañarse de recursos. A chamada estratexia dos crónicos simplemente non existirá se non é dirixida pola atención primaria debidamente dotada. Repito, a chamada estratexia dos crónicos simplemente non existirá se non é dirixida pola atención primaria debidamente dotada de recursos.

8.- Asegurar que os trámites administrativos das consultas de atención hospitalaria sexan resoltos na consulta a nivel asistencial que os xera.

Toda actividade sanitaria leva parella, de forma inevitable, documentos e trámites. Toda a xestión debe orientarse a que estes trámites sexan realmente imprescindibles. Cando así o sexan, a normativa vixente e a deontoloxía médica e o sentido común ditan que debe ser resoltos polo profesional que os orixina. Por tanto, as receitas correspondentes, os documentos de tratamento, os partes de interconsulta, a solicitude de transporte sanitario, as citas de revisión, etc, etc... deben ser resoltas como parte da atención ao paciente por quen as xera. Evítanse así as molestias aos pacientes e facer recaer por proximidade unha mal entendida accesibiliade de devanditos trámites no centro de saúde.

9.- Deseñar aplicacións informáticas que fagan perder o tempo aos profesionais en facer clics inútiles sen resolver as necesidades dos pacientes.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 21 de decembro de 2018
--

A historia electrónica para a xestión clínica ten un formato ríxido, responde a un enfoque bioloxicista, non está adaptado ao múltiples motivos dunha mesma visita nin ás interrelacións, elementos de alto valor para un diagnóstico clínico. Sendo a información, absolutamente necesaria, os sistemas utilizados parecen pensados para o control dos profesionais, que para a asistencia clínica aos pacientes. A carteira de servizos crece á marxe da ciencia. Naceu como un documento de mínimos -o que é imprescindible facer a un paciente á luz do coñecemento actual- e aos poucos foi transformándose nun de máximos. Iso fixo que se inclúan actividades de moi dubidosos valor para a saúde dos pacientes. Corremos o risco de converter o traballo nunha máquina e nunha críptica sucesións de clics na pantalla.

10.- Poñer a estrutura de primaria ao servizo de intereses de terceiros. Substitución de áreas sanitarias por unha única área.

Segue sen desenvolverse a figura do director, sen estar claro o papel das direccións asistenciais e os centros sanitarios dependen dunha única xerencia. Desarmouse seguramente una estrutura mellorable en nome da libre elección dos pacientes, cando o tempo revelou que o obxectivo era poder trasvasar aos pacientes aos hospitais de xestión privada. En Galicia, as estruturas de xestión de atención primaria están desaparecidas, integradas, ou fagocitadas pola estrutura hospitalaria e os profesionais de atención primaria séntense orfos sen apoio nin referentes. Os centros e o centros de atención primaria trátanse de compartimentar sen ter unha estrutura clara de xestión, sen protagonismo do seu xefe de servizo que só é usado como correa de distribución das ordes que nacen de estruturas moi afastadas e sen coñecemento da realidade asistencial. Así vemos, a miúdo, iniciativas feitas desde o ámbito hospitalario con boa intención, pero con absoluto descoñecemento da realidade do primeiro nivel asistencial que son, de inmediato, bendicidas polas nosas xerencias sen unha mínima avaliación do seu impacto en atención primaria. Por suposto, todas as reclamacións que se realizan aos profesionais -acceso a probas, a consultas, a maior resolatividade - non ten impacto nin repercusión algunha.

Esta é a realidade da nosa pouca relevancia nas estruturas de xestión tanto central, como nos EOXIS. Por agora, nada máis.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 21 de decembro de 2018
--

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG: moitas grazas señor presidente. Eu xa perdín a conta da cantidade de veces que levamos falado, ou debatido, neste salón de Plenos sobre temas relacionados coa sanidade nos últimos tres anos e pico. Porque o que está a acontecer na sanidade deste país é tan escandaloso que se esgotan os adxectivos á hora de describilo. Dimisión colectiva dos xefes e xefas de servizo dos centros de saúde da área de Vigo, vinte e dous, como protesta da perda de calidade e a sobrecarga na atención sanitaria. *Non podemos, nin queremos, continuar sendo cómplices. O deterioro chegou a límites insostibles*; proclaman no seu manifesto apoiado por máis de 200 facultativos. Folga das urxencias no Clínico de Santiago, ou mobilizacións de persoal médico ante o propio Parlamento deberían afondar na decisión, lóxica, de investigar os efectos dos recortes no Servizo Galego de Saúde, mais o contrario. Créase unha comisión de investigación a raíz da morte dun paciente no PAC da Estrada e nesta comisión o PP fai valer a súa maioría absoluta propondo a práctica totalidade dos comparecentes e vetando ao voceiro da familia do falecido. Cada día aumenta a alarma e o Partido Popular segue a facer ouvidos xordos, pese as magnitudes das dificultades da sanidade pública e mentres os conflitos non deixan de reproducirse en todo o país. Hai poucos días eran os 10 facultativos de Bueu os que asinaban en apoio dos seus compañeiros de Vigo; tamén 202 profesionais da Área Sanitaria de Ferrol plasmaron coa súa sinatura o apoio a esta situación que aseguran que se repite por toda Galicia. O malestar non é novo. A nula previsión no recambio do persoal en atención primaria en pediatría, os recortes e as denominadas axendas chicle, obrigan aos profesionais a multiplicarse. Nos últimos meses a falta de pediatras nos concellos e en barrios de grandes cidades provocou numerosas protestas; Pobra de Trives é un de tantos exemplos. A realidade é que en Galicia faltan pediatras, con arredor de 600 profesionais traballando nos centros hospitalarios e pouco máis de 300 en atención primaria; menos de un por cada 1.000 nenos e nenas. Cifras insuficientes en moitas zonas que derivan en sobrecarga de traballo para o persoal e que obrigan, en ocasións, ás familias a desprazarse a outros centros de saúde e a outras localidades para recibir atención médica. O pasado mes de outubro o goberno galego creou a categoría de pediatra desprazable que podería prestar os seus servizos en calquera nivel asistencial dentro dunha mesma área sanitaria. De inmediato, a Sociedade de Pediatría de Galicia e a Asociación Galega de Pediatría en Atención Primaria, e profesionais a título individual amosaron o seu total rexeitamento á medida; alertando de

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 21 de decembro de 2018
--

que ía repercutir negativamente na atención dos nenos e nenas impedindo, por exemplo, que fosen atendidos de forma continuada polo mesmo especialista. A Xunta tardou apenas catro días en retirar a súa proposta, mais o problema de fondo mantense. A falta de pediatras impide cubrir xubilacións, baixas, vacacións... obrigando aos médicos a ter que facer prolongacións de xornada e intersubstitucións asumindo a axenda do compañeiro que falta. Ademais, arredor dun 13% das prazas de pediatría están ocupadas por médicos de familia. A situación aínda pode empeorar nun futuro inmediato se temos en conta que arredor dun 75% dos pediatras en activo ten máis de 45 anos; o 40% ten máis de 55 e o 25% supera os 60 anos. Arredor de 80 pediatras xubilaranse nos vindeiros 5 anos en Galicia. Na actualidade, 327 pediatras, traballan na atención primaria, case 60 menos que no ano 2004, cando daquelas tiñamos 405. Un descenso que se produciu en todas as provincias; o caso de Ourense pasou de 42 a 33. Un 60 % dos concellos galegos, 187, carecen de pediatra; unha cifra que no 2004 era de tan só 113. Comarcas enteiras como Viana, Terra de Trives, Castro Caldelas, a Baixa Limia, non contan con ningún especialista. Pero isto non é exclusivo da atención primaria, as urxencias do servizo de traumatoloxía do Hospital Comarcal de Valdeorras están a ser derivadas a Ourense varias veces nos últimos días. O único especialista – lembro que chegou a haber catro - atende aos pacientes á mañá cubrindo tamén algunha garda. Hai fartura entre os profesionais porque ven un menosprezo da atención primaria. Esta situación de saturación da atención primaria está a provocar sobrecarga nos servizos de urxencias porque os médicos de cabeceira están desbordados polas mañás. E por máis, e remato esta primeira intervención, que repitan como un mantra que é mentira que non haxa médicos e médicas, señores do Partido Popular; cada vez que hai ofertas públicas preséntanse máis candidatos e candidatas que prazas. O problema é que, dende o 2012, os profesionais levan alertando ao goberno da Xunta das consecuencias das políticas de recortes sen ningún avance, sen ningunha resposta. Esa é a cuestión. De momento nesta primeira intervención nada máis.

D. Armando Ojea Bouzo, do Grupo de Democracia Ourensana: ola de novo. Efectivamente este é un tema que xa temos tratado bastantes máis veces, o tema das deficiencias sanitarias, sobre todo no ámbito do rural, pero en xeral tamén. Das deficiencias neste servizo xa foron postos moitos exemplos polas intervencións da portavoz do Partido Socialista e tamén polo portavoz do BNG. Seguramente se podería facer un relatorio máis

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 21 de decembro de 2018
--

extenso de todas elas. Aquí as propostas de acordo que nos propón o PSOE son dúas, unha bastante abstracta e outra moi concreta. A primeira é *esixir da Xunta que incremente os recursos humanos en atención primaria e que se implemente unha mellor planificación desa atención primaria no rural, de forma que se distribúan os recursos humanos de xeito eficiente e que os profesionais poidan desenvolver a súa función de prevención e promoción da saúde*. Tal e como dicíamos nunha moción anterior esta é unha medida de tal abstracción que parece que non podemos máis que votala a favor porque o único que di é que se implemente unha mellor planificación e un mellor servizo. E a segunda proposta si xa vai ao outro extremo, xa vai ao outro extremo, e é dunha concreción absoluta, di: *que a Deputación de Ourense apoie a demanda que nos trasladou o Concello de Rubiá que se achega a esta moción*. Ou sexa, xa vai a un aspecto moi concreto do Concello de Rubiá. Nós votaremos a favor de ambas, a favor da moción en si cos seus dous puntos, en coherencia co que sempre facemos de apoiar todo o que sexa mellorar os servizos públicos na provincia de Ourense; aínda que aquí di no rural e non especifica da provincia de Ourense, nós sobreentendémolo. Nada máis. Grazas.

D. Rosendo Luís Fernández Fernández, do Grupo Popular: moitas grazas, a verdade que si, señor Ojea, nós tamén en coherencia coa nosa coherencia como vostede di, tamén lle vou a dicir á señora Gil, señora Gil presentounos vostede aí nun decálogo completo, ¡eh!. Iso recórdame aquela frase de Hegel, dicía: *nada grande se fixo no mundo sen unha gran paixón* e púxolle vostede paixón tamén cando se refería, sobre todo, aos crónicos. Non podería faltar, falando de sanidade, como non, recortes e privatización. Nomeárono uns e os outros. Repito aquela frase, *¡la imaginación al poder!* Cando viña da primavera de maio do 68. Aquí a imaxinación ten que ir á oposición porque con tanto recorte e con tanta privatización eu non sei como hoxe non está privatizada a sanidade e, como en vez de aumentar ano tras ano os orzamentos, vostedes din que diminúen; e incluso os recursos humanos. Vamos a ver, está claro, señora Gil, que orzamentos raquíuticos e minguentes -xa lle direi despois, contestareille-, que non hai suplentes para vacacións e para baixas, que a atención primaria ten que ser unha atención primaria potente, estamos de acordo -aforra recursos ao final, sobre todo de hospitalaria. Falareille da estratexia dos crónicos, non lle vou dicir que o descoñece, pero non debe de estar aplicada vostede da consulta. Da figura do director que acaba de anunciar o presidente, o presidente da Xunta.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 21 de decembro de 2018
--

Mire, os orzamentos para sanidade pública galega son unha prioridade para este goberno. E mire se son unha prioridade ou non, o 40,5 % do orzamento da Xunta de Galicia, case 4.500 millóns de euros, son para sanidade; pero vostedes din que aplicamos recortes. Oia, ¿como se lle chamaba entón que no ano 2008 os últimos orzamentos que aprobou o goberno bipartito só se investía o 35%? Iso non era recorte, agora aplicando o 40,5% son recortes. Para 2019 aumentan os orzamentos da Xunta un 3,3% con respecto ao 2018, iso, case 4.000 millóns, concretamente 3.984 millóns de euros; que son a cifra máis alta da historia para sanidade. Ah, pero vostede chámalle recortes, ¡benditos recortes, benditos! *Bien*. Señor Ramiro, antes de que se me escape. Saiba que Galicia é das primeiras, senón a primeira Comunidade Autónoma que ten unha cobertura de pediatras pediatras. Iso xa llo dixen cando tratamos o tema de pediatría. E non é ningún demérito que os rapaces, os nenos, estean atendidos polos médicos de familia, ¿verdade señora Gil? que o fixemos moitas veces e moitos anos e saíron rapaces de boa saúde. Se poden estar atendidos por pediatras, mellor, por suposto; pero en todo caso que se saiba, Galicia é das primeiras na que se atende pediatría con pediatras, pediatras. Polo tanto non o poña vostede en dúbida, que o outro día lanzaron esa idea e dío aquí porque, total, non pasa nasa. Señora Gil, nunca houbo tantos medios, xa sexa en infraestruturas – ou sexa, centros de saúde - e técnicos a disposición dos profesionais para que poidan prestar o mellor servizo e o servizo máis eficiente aos nosos veciños e cidadáns. Pero hai un problema, que nestes momentos non hai profesionais. Mire, cando se tratou o tema de pediatría aquí eu fixen unha aposta (está visto que ou ben non recolleron a luva ou non foron capaces), dixen se vostedes neste momento saben dalgún pediatra que estea en paro, por favor, que veña que se lle fai un contrato xa. ¿Dixera ou non o dixera aquí? Pois non me fixeron vir a ese pediatra. Alguén, oín o rumor por aquí, dixo vaia oferta pública de emprego fai o Rosendo. Eu fixen unha oferta pública de emprego, fixen unha OPE, porque sabía que non había pediatras; claro, xogaba con vantaxe; pero vostedes puñan en dúbida iso, lancei iso, non pasou nada no sentido que vostedes non atoparan un pediatra. Pero *bueno*. Mércores 12 de decembro de 2018, fai dez días. Xerente da Área Sanitaria de Vigo, estanlle facendo unha entrevista (este aínda foi peor ca min nese reto que lancei aquí) *si aparece un médico de familia, paramos la entrevista y lo contrato* (aquí, señor presidente, ¿da fe?). Oia, señora Gil, non é tan fácil dicir é que en vacacións non se contratan médicos e cando estamos de baixa...Home, non se

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 21 de decembro de 2018

contratan, de onde non hai non se pode sacar. Señora Gil, a verdade é que está aquí a follia, no o digo eu; eu dixen o da OPE que fixen aquí e non apareceu ningún pediatra. Pero é que ademais, increméntanse as OPE, señora Gil mire, no ano 2016, para sanidade a nivel global, xeral, 818 prazas; no ano 2017, 1.616 (practicamente se duplicaron), a OPE do 2018 para persoal sanitario, 1.400 prazas esgotando a taxa de reposición ao 100%. ¡Benditos recortes! ¡Benditos! Señoras e señores, número de pacientes por médico na época do goberno bipartito, 1.347 pacientes por cupo médico. Número de pacientes/médico a día de hoxe, 1.275. ¡Hombre! Non é moito menos, pero é menos; é menos sobrecarga para os médicos. ¿Como que non? Revise as súas cifras, senón xuntámonos os dous e coordinamos. Non pode haber cifras para un e cifras para outro. En total, no período 2017-2020 teremos ofertada a posibilidade de estabilizarse a 5.000 persoas que traballan no sistema sanitario. Sabe vostede moi ben, porque foi público, que o pasado 25 de novembro celebráronse as probas para cubrir 241 prazas de médico de familia, señor Rodríguez, pero *bueno*, vostede di que non se ofertaron prazas. En total, no período 2012-2017 ofertáronse, en total, 1.350 prazas de médico de familia e de enfermería. ¡Benditos recortes! Pero, bueno, como á sanidade hai que tachala de recortes e de privatizada, sigamos con esa *retahíla*; por iso eu digo imaxinación á oposición, ata riba e todo. Estabilidade que é outro dos conceptos que vostedes a miúdo... hoxe non llo oín, pero xa me vou adiantar eu. Din moitas veces como os profesionais sanitarios en Galicia non teñen estabilidade por iso marchan. Non digo que non marcharan noutros tempos, non o digo; pero mire, a estabilidade considerando que o persoal estable é a suma dos propietarios e dos interinos (os interinos son persoal estable porque están na praza ata que se cubre a través dun concurso de traslados ou dunha oposición) o SERGAS ten carácter estable o 48% da *plantilla*. (¡non está nada mal, eh!) e o 82% do persoal facultativo e estable; mentres que soamente o 14% son eventuais vinculados mediante nomeamentos ou acumulacións de tarefas. Señor Rodríguez, sei que non ten por qué sabelo, pero sei que ten asesores e que llo digan, solicitáronse en varias ocasións ao Ministerio de Sanidade, Consumo e Benestar que forme aos profesionais, que forme vía MIR e, mire, a última vez que a Xunta de Galicia lle solicitou ao ministerio que hai que formar máis persoal, máis médicos neste caso, foi o 19 de novembro do 18; que llo digan. Porque senón non diría vostede que se a Xunta, non sei, non tal, non forma... Non, formar, fórmaos o Ministerio, a previsión é do Ministerio, e non digo que sexa este

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 21 de decembro de 2018

Ministerio último, do goberno de don Pedro Sánchez, non, o outro, o anterior, o anterior; todo hai que dicilo, pero en todo caso que saiba que é o Ministerio, ¿estamos de acordo? Por tanto non diga que é que a Xunta, que dixo aí que non formaba... non, non, a Xunta colle aos profesionais, unha vez formados e ponos alí onde fagan falta. ¿Que hai un problema de tensión, señora Gil, como dixo que dimitiron xefes de servizo e tal? Pois si, haino. Non negamos que haxa nestes momentos unha tensión; é máis, dígolle por qué, porque non hai suficientes médicos. Como acaba de ver, ao señor estábanlle facendo unha entrevista e dixo: *se coñece vostede un médico, contráto, paramos a entrevista e contráto*. Non puido ser máis explícito. Mire, a Consellería anunciou xa que ampliará a representación de profesionais no grupo de traballo para deseñar un novo modelo de atención primaria. Efectivamente, a Consellería deuse conta de que hai que facer o Consello Asesor de Pacientes. Este tema non pode saltar á prensa só porque os profesionais vexan que están desbordados, ¡que é verdade, que están desbordados!, tamén debe estar e sei que vostede está desbordada na consulta por moitos conceptos porque 300 pacientes en Ourense non son 300 pacientes en Madrid; efectivamente, porque aquí hai que contar coa dispersión, hai que contar co envellecemento que son dous criterios que fan que a sobrecarga do profesional sexa moito maior. Polo tanto, acábase de pór en marcha o Consello Asesor dos Pacientes que terá un peso á hora de avaliar e de seguir todo o que se faga con relación á prestación en atención primaria. Xa se leva dito dende a Xunta, e fago miñas as palabras, que hai un problema en Galicia coa sobrecarga, como digo polo avellentamento e pola dispersión, e que a Xunta quere contratar máis profesionais, máis médicos de atención primaria; non os encontra. Polo tanto, a ver, haberá que formar e haberá que quitar carga burocrática para poder atender, todo o tempo posible, para a atención ao paciente. Fálame vostede de estratexia dos crónicos. Oia, pero non me falou de que están en marcha actuacións na xestión de patoloxías crónicas e xa está en moitas áreas o Plan Conecta 72. O Plan Conecta 72 atendeu a 201.169 consultas no ano 2017. E coñecerá vostede Programa Telea, ¿coñecerao digo eu?, é para crónicos; permite que cerca de 1.000 pacientes crónicos sexan hospitalizados polo Sergas sen necesidade de pasar pola consulta. Son programas que aínda non están na súa cúspide, pero que xa entraron en vigor. Non te pacientes do Programa Conecta nin do Programa Telea, bueno pois haberá que empezar a aplicarse para que despois non veña aquí e diga non hai estratexia dos crónicos.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 21 de decembro de 2018
--

¡Hai estratexia dos crónicos e haberá que empezar a aplicala!. A todos nos custou, cando estamos aplicando a nosa profesión ou no traballo, cando temos unha cousa nova incorporala á nosa rutina de traballo; claro que en principio custa, pero tamén llo digo –e vostede sábeo moi ben- unha vez que un se familiariza co programa todo vai sobre rodas. Hai 48 horas, 48 horas, o presidente da Xunta anunciou medidas ante ese descontento dos profesionais e polo que determinados xefes de servizo dimitiron da Área de Vigo. A partir de xaneiro os médicos cobrarán unha media do 6% máis (dígoo así porque así o fixo público o presidente da xunta); hai unha ampliación da idade de xubilación ata os 70; crearase a figura do xefe de atención primaria en todas as xerencias de saúde (efectivamente vostede, segundo apuntei aquí, señora Gil, dixo que a figura do director desaparecera), incorpórase –moi ben dito pola súa parte- a figura do xefe de atención primaria. Ofertarase a todos os médicos de familia pediatras que se formen en Galicia un contrato estable de 1 a 3 anos e inmediatamente despois de que aproben o MIR (claro teñen que aprobar o MIR previamente) ata que se aprobe a oferta pública de emprego. Esta é a medida máis grande que tivo nunca unha Comunidade Autónoma, non só Galicia. Vai ser Galicia a primeira en aplicar que un médico de familia, unha vez que acabe, remate o seu período de formación, sexa contratado en igualdade de condicións de todo tipo, de entre 1 a 3 anos; ou, en todo caso, ata a oferta pública de emprego seguinte. Esta é a medida base, señora Gil. ¿Que pasa? Que para iso haberá que ter médicos formados, señor Suárez, porque non os forma quen fai e quen pon as ofertas do MIR, non é a Xunta - a Xunta en todo caso pide as necesidades- é o Ministerio. Esta é a medida que pode paliar esa sobrecarga asistencial, que a hai, que é real e que vostede moi ben dixo. Á vista destes datos temos en conta aquilo que dicía Ciceron: *esperemos lo que deseamos, soportemos lo que acontece*. Ou sexa, esperemos o que desexamos, que isto se recupere coa formación de novos profesionais e que haxa no mercado laboral novos profesionais e mentres tanto soportemos o que acontece o mellor posible e aproveitando todos os recursos; entre eles, a estratexia dos crónicos que antes lle acabo de dicir. Pero, mire, non debe de estar tan mal, tan mal, aínda que é mellorable todo (tamén o teño que dicir) cando o índice de satisfacción recollido polo barómetro sanitario de atención primaria di, no ano 2008 (¿sabe quen gobernaba Galicia no ano 2008?, non o digo para non incomodar, no 2008 dende logo non gobernaba o Partido Popular) o índice de satisfacción era o 87,70%; do Servizo Nacional de

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 21 de decembro de 2018
--

Saúde o 84,92%, era máis satisfactorio en Galicia. No 2017, (¿sabe quen gobernaba no ano 2017? Tampouco llo vou a dicir para non crear maldades) en Galicia é o 88,50% -di o barómetro sanitario- e Servizo Nacional de Saúde 87,40%. Orzamentos para atención primaria, xa lle vou directamente á atención primaria, Capítulos 1 e 2, ou sexa, persoal e aprovisionamento, no 2008 eran 452 millóns de euros, no 2018, 477. ¡Benditos recortes, señora Gil! que sigan vindo estes recortes; ao mellor farían falta máis. E mire, nós non estamos de acordo co que puxeron, pero non estamos de acordo porque vostedes pediran moito, cando se está na oposición pedir non custa nada; presentamos unha emenda porque somos máis ambiciosos e como comprenderá, se vostede le a súa proposta de acordo, señor Ojea, que vostede si a dixo a proposta de acordo da iniciativa socialista, e sen embargo ve a nosa proposta de acordo, a nosa é moito máis completa e moito máis ambiciosa porque di:

1º.- Instar á Consellería de Sanidade para desenvolver un novo modelo de atención primaria, coa máxima representación de todos os sectores profesionais implicados (hai que implicar a todos os sectores) e que dea resposta aos restos de envellecemento profesional e da falta de profesionais especialistas, aos que se enfronta o conxunto do Sistema Nacional del Saúde. Aquí temos os Consellos Asesores que xa se empezaron a pór en marcha para que sexan fonte de participación e, ademais, ante o envellecemento das as xubilacións máis tardiamente

2º.- Que á Consellería de Sanidade avance cara a un modelo máis proactivo, no que o profesional de referencia de cada paciente dispoña das ferramentas necesarias, incluídas os necesarios para monitorizar aos pacientes crónicos desde o seu domicilio.

Iso que a vostede lle preocupa tanto, señora Gil recollémolo aquí, non o recollen vostedes na súa proposta de resolución, recollémolo nós. Por iso digo que a nosa emenda é máis ambiciosa e máis forte, porque cremos que os programas de teleasistencia Conecta 72 e Telea teñen que ser potenciados e teñen que ser prioritarios, sobre todo en Galicia e nunha provincia como a nosa. Nada máis e moitas grazas.

D.ª Isabel Gil Álvarez, portavoz do Grupo Socialista: moitas grazas, señor presidente. Bueno, señor Rosendo, non sei de qué atención primaria me está falando vostede, porque parece que me está falando dunha atención primaria que eu non coñezo, e resulta que traballo nela; é dicir, unha atención primaria na que todo é marabillas. Linlle aquí dez elementos, dez elementos de non facer, ou decisións mal tomadas na xestión

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 21 de decembro de 2018
--

sanitaria para que chegara un deterioro, dun grupo de traballo dunha sociedade científica. *¡Oiga, es un grupo de trabajo, no me lo inventé yo, vale!* Entón, se lle estou poñendo aquí dez puntos de mala xestión que levaron ao deterioro da atención primaria de Galicia, dun grupo de traballo dunha sociedade científica, a Sociedade de Medicina de Familia; *¡óigame!* Isto non é inventado. Isto é un grupo de traballo, vale. Entonces, estame falando vostede dunha atención primaria que non se corresponde coa que eu estou vivindo e que os pacientes están sendo atendidos nela. Despois dime vostede, cando falamos de pediatría, dixo vostedes que se coñecía un pediatra que o contrataba. Ben, probablemente me dixera iso, pero mire, naquela cuestión da pediatría e do deterioro do medio rural dos pediatras, estabamos falando de Castro Caldelas que un pediatra de Maceda pasaba en Trives, Castro Caldelas e Maceda e había pediatra en Maceda. *¿Por que logo, ese pediatra de Maceda que estaba contratado, non ía pasar as medias xornadas de Trives e Caldelas? Porque na administración de atención primaria dixéronlle que non fora. ¡Hombre, vamos ir acostumbrados a quitarlle este servizo para que despois non protesten! Vale.* Entón dime vostede que non hai pediatras. Recordo que, naquela moción, poñíamos que hai que *subsananar* o deterioro e a precariedade que padecen os pediatras do rural. Entón, hai que incentivar a pediatría do rural pagando o sufrimento que ten que facer un pediatra do rural que ten que pasar o camiño nas *carreteras*, dun sitio para outro e iso é un sufrimento. Polo tanto, hai que incentivar, dalgunha maneira, que os pediatras vaian polo rural. Claro, se todo é contraproducente, se gañan o menos e, por encima, teñen o dobre de traballo e por encima se arriscan a andar polas *carreteras* e ter un accidente; pois claro, non hai pediatras. Pero para que haxa pediatras hai que aumentar a especialidade do MIR en pediatría e hai que, ademais, incentivar aos pediatras do rural porque teñen un sufrimento especial e unha dedicación especial moito máis problemática que os pediatras da cidade. Despois di, tamén, que a *ratio* de pacientes por médico é moi inferior ao que había anteriormente. Bueno, esa é a *ratio* aprobada, señor Rosendo Fernández, esa é a *ratio* aprobada; gustaríame que vostede volvera á Merca, vale. Gustaríame que vostede volvera á Merca para ver que esa *ratio* non se cumpre en absoluto. No meu centro de saúde superan os 1.400 pacientes por médico. Non falemos dos centros de saúde da cidade, gustaríame que volvera vostede a experimentar esa *ratio* que está nos papeis, pero que realmente non existe. Di que a Xunta de Galicia dá unha estabilidade aos médicos de atención primaria do 80%. Claro, eu non

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 21 de decembro de 2018
--

digo que non teñan estabilidade o 80% dos médicos porque os que non teñen estabilidade, señor Rosendo Fernández, e vostede recorda algunha garda que alí no noso centro de saúde había algún carteliño que poñía: *¡menos mal que nos queda Portugal!*. Vale, entonces, ¡claro!, hai estabilidade porque os médicos tiveron que marchar a Portugal, a Francia e a outros países europeos porque aquí non tiñan traballo. Hai estabilidade porque tiveron que buscarse traballo noutros lugares. Entón, non me vale tampouco. Fálame do Plan Conecta, ¡qué cosas estamos falando! ¡qué se non coñezo o Plan Conecta! ¡Claro que coñezo, traballo todos os días a diario no centro de saúde de Celanova e A Bola! Que teño un periférico aí colgado, ¿vale? Entón mire vostede, mire vostede. Fálame do Plan Conecta. O Plan Conecta non está dotado de orzamentos, o Plan Conecta fano as enfermeiras a maiores, a maiores, de todo o traballo asistencial, programado, etc, etc...extraccións, curas, etc... Entón, claro, diso estamos a falar, que aumentamos as actividades e os programas en atención primaria sen dotalos de medidas orzamentarias e sobrecargando aos profesionais de atención primaria que, neste caso, serían as enfermeiras. Estamos falando diso, que a asistencia de calidade que teñen que recibir os nosos doentes ten que ser unha asistencia de calidade onde os profesionais sanitarios teñan tempo para dedicarlles. Se lle metemos máis Plans e máis Plans e máis Plans sen orzar nin organizar; dende logo que a calidade merma. Fálame tamén do barómetro de satisfacción en atención primaria. Si, efectivamente, todo o barómetro de satisfacción de atención primaria sempre foi moi bo; iso si llo recoñezo e non llo nego. Pero, ¿por que foi moi bo? ¿Porque os recursos tanto humanos, como materiais de atención primaria estean cubertos? Non, porque o trato que reciben os doentes en atención primaria é bo a costa dos sacrificios dos profesionais de atención primaria. Só recolle que a satisfacción dos pacientes é moi boa; pero é boa no trato, non na calidade asistencial porque a descoñecen ademais. Entón, fálame tamén... xa me esquecín porque me falou dun país das marabillas...xa me esquecín... Pero, mire, dime vostede -efectivamente terá razón, non lla discuto- que o gasto en sanidade, na Comunidade Autónoma galega é do 40%; pois seguro que ten vostede razón, cando ten eses datos, sacaríaos de algo oficial. Pero, mire, aquí estámolles falando de atención primaria, ¿deuse vostede conta?; non estamos falando de atención hospitalaria, estamos falando de atención primaria. E mire vostede, a atención primaria, máis ou menos, do que se presupón que un 25% do investimento sería para garantir unha atención primaria de calidade, estase investindo o 13%; evidentemente a

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 21 de decembro de 2018
--

hospitalaria ten o 59%, vale, no total será o 40% para o gasto sanitario na Comunidade Autónoma galega. Pero, ¿quen é o parente pobre destes orzamentos? A atención primaria que sollo leva o 13%, señor Rosendo. E estamos falando de atención primaria. Entón, mire, non vale que me diga vostede que se están aplicando programas de crónicos, programas de Plan Conecta, programas, programas...si, moitos programas, pero como dicía aquí o traballo das carencias da atención primaria, parece que a atención primaria é elástica, que colle todo, aí pódese meter que sigue estirando, estirando, estirando. ¿No? métenlle programas, programas, programas, pero sen orzamentos nin recursos; co cal a calidade, con moitos programas, é menor. Sigo insistindo, e resumo, sobrecarga asistencial, falta de tempo. A mellor ferramenta que ten o médico de primaria é o tempo, xa non é o *aparataje*; é o tempo. Hai sobrecarga asistencial, polo tanto falta tempo. E ¿por que falta tempo? Non se cobren as baixas, nin as vacacións, amortízanse prazas, incluída como a de Rubiá e moitas outras, Ramirás, Celanova, etc...e no resto de centros de saúde da provincia, médico xubilado, ou practicamente praza amortizada, polo tanto a sobrecarga asistencial merma o tempo. Hai que atender as prazas que quedan baleiras e atender aos doentes doutros profesionais que faltan. Aumento da burocracia, aumento da burocracia; entón algo hai que facer. Informe., informe de dependencia, substitucións, certificados médicos, defuncións, de saúde, internamento, substitucións cerradas, seguros, etc... receitas, baixas... Consulta de telemedicina porque agora temos...programa, ve, máis programa, consulta de telemedicina, máis programa, pero seguimos coxeando do mesmo. Telemedicina, pero na telemedicina hai que facer burocracia, informes, probas, citas, etc.. Máis tempo. E agora temos a xestión da visita non presencial. Bueno, vostede saberá que hai a teleconsulta, que hai bastantes servizos de atención especializada que non admiten a consulta presencial que a temos que facer os médicos de primaria a través da teleconsulta, o cal isto xera unha serie de consultas sucesivas en atención primaria que, ademais, crean unha inseguridade nos pacientes e unha frustración que temos que xestionar nós ese desencanto, esa frustración dos pacientes que nos reclaman a nós. Máis burocracia. Probas, falamos de probas. Aparatos obsoletos, aparatos obsoletos que se están *estropeando*, en radioloxía non temos información dos radiólogos ou tardan meses en informar. Os tempos de espera das probas que son eternos... Mire, para atención primaria, catro probas, que podemos facer uso delas, como son as radiografías, as ecografías, etc... pois entre os informes do radiólogo ou as ecografías tardan

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 21 de decembro de 2018
--

aproximadamente 7 meses; vostede cre que con iso pódese facer unha asistencia de calidade. A parte diso, hai outras probas, como reflectín aquí nos elementos de deterioro da atención primaria, que non se poden pedir. Polo tanto, todo isto, señor Rosendo Fernández, non é a atención primaria que vostede me describe. Mire, non lle desexo, porque sei que a estas alturas íalle sentar moi mal ter que volver para a Merca, non lle desexo que teña que volver para a Merca con todo isto que ten a atención primaria encima porque non sei, non sei se pensaría o mesmo que está dicindo aquí. Entón, tamén lle quería recordar que, segundo vostede sabe o prioritario, que aparte da atención á enfermidade nos médicos de atención primaria, tamén é a prevención e a promoción da saúde. Con isto non temos tempo de facer prevención e promoción da saúde. E xa non digamos os traballos de investigación e docencia que iso xa quedan perdidos. Por agora nada máis. Moitas grazas.

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG: grazas señor presidente. ben, pois eu teño a mesma percepción que xa manifestou a portavoz do Grupo Socialista; señor Rosendo Luís Fernández, eu creo que falamos ou estamos en realidades paralelas. E sempre acontece, entre outros, cando falamos do tema da sanidade. Eu a percepción que teño non se parece, nin de lonxe, ao que vostede cada vez que temos un debate sobre este asunto nos explica aquí. Xa lle digo, tamén, que nos parecen moi ben esas medidas que nos anunciaba por boca do señor Feijóo e que nos preguntamos, ou lamentamos que non as tivera tomado antes. Veremos, de todos os xeitos, que resultados dan. Pero aí temos unha proba de como funciona a súa política sanitaria, a golpe de medio de comunicación, a golpe de dimisión e a golpe de ruído mediático é cando vostedes, realmente, se acordan de tomar estas medidas que, seguro, os médicos que dimitiron –aos que eu facía referencia na miña primeira intervención- veñen reclamando non digo dende hai meses, seguro que dende hai anos. Vostedes anúncianas cando petaron na mesa e saíron nos medios de comunicación, é tamén moi significativo. Tamén lle digo que o sistema de atención primaria non pode retroceder máis. Os Colexios de Médicos xa se pronunciaron, tamén os sindicatos e parece que a tendencia é a mesma nos traballadores e traballadoras. A atención primaria na provincia de Ourense está en situación caótica, con listas de espera, especialmente nos núcleos rurais, de ata dous ou tres días e a preocupación vai a máis. Os médicos de familia alertan da falta de persoal e dalgunhas condicións de atención aos pacientes e advirten de que se non poden poñer remedio, haberá un problema aínda máis serio. Os traballadores e traballadoras dos

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 21 de decembro de 2018
--

Centros de Saúde e os Puntos de Atención Continuada levan anos advertindo do deterioro. Os 23 xefes de servizo da área sanitaria que presentaron a súa dimisión, como xa dixen antes hai apenas unas semana, destaparon a caixa dos tronos na sanidade galega e xa, dende o principio, o Colexio de Médicos de Ourense e o sindicato CESM deixaron claro que a sensación de abandono era extrapolable á área sanitaria ourensá. Polo que unha crise similar non sería descartable. Os profesionais certifican os problemas, cada vez enfróntanse a unha poboación máis envellecida e pluripatóloxica –xa fixo vostede referencia a isto- e isto, polo menos xa son conscientes vostedes, xera problemas engadidos. Aquí todo é máis complexo, cada vez xente máis maior, máis doentes crónicos, dos que se falou, que necesitan tempo para poder pasarlles consulta e, coa sobrecarga, o último que sofre as consecuencias acaba sendo, como non, non queda máis remedio, o paciente. Nós seguimos reivindicando por moito que a vostedes no lles guste que é crucial que o señor Feijóo deixe atrás o papel que leva desempeñado de gran privatizador e recortador da sanidade e sobre todo, na atención primaria que soporta un recorte acumulado de 2.000 millóns de euros. Vostede fíxome un pouco de trampa as datas ou as cifras do ano 2008 coas do ano 2018. Eu doulle outro dato, levamos un recorte acumulado de 2.000 millóns de euros e iso está na base do que estamos sufrindo ao día de hoxe. Hoxe ten 108 millóns de euros menos que cando chegou á presidencia. Volvemos a pedirlle ou nós pedímoslle ao xefe do executivo, ao señor Feijóo, que se apee da súa soberbia e que escoite o clamor dos profesionais e das persoas doentes que piden un cambio de rumbo. Dende o BNG xa lle vimos de formular unha dobre proposta no Parlamento, na sede que vostedes insisten sempre que é onde debemos de formulala, vénselle de formular unha proposta ao señor Feijóo e a o Partido Popular consistente nun plan de mellora de atención primaria dotado de 200 millóns de euros adicionais e dun plan de estabilidade ao profesionais para cubrir as 5.000 prazas vacantes. Nós, como non pode ser doutra maneira, sempre que se fala de sanidade, sempre que se fala de melloras na sanidade, sempre que se fala da provincia de Ourense respecto á sanidade vamos a votar, dende logo, a favor. Con respecto á emenda agardaremos á postura que exprese o grupo propoñente para, en todo caso, optar por esa mesma postura. Nada máis. Moitas grazas

D. Armando Ojea Bouzo, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana: bueno o estado da cuestión, o estado da sanidade galega en xeral, e concretamente na provincia de

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 21 de decembro de 2018
--

Ourense, xa vén sendo bastante ben analizado continuamente polo debate crónico entre a señora Gil e o señor Rosendo. Entón, como resultado destas sesudas análises, destes coñecementos tan profundos do tema; tras escoitalos con atención, reiterámonos no noso voto a favor porque chegamos as mesmas conclusións que chegou quen me antecedeu na palabra que a atención sanitaria nesta provincia é moi mellorable, por non utilizar cualificativos ao mellor máis duros, e votaremos a favor da proposta do PSOE. Grazas.

D. Rosendo Luís Fernández Fernández, do Grupo Popular: grazas presidente. Vamos a ver, eu non dixen aquí que nestes momentos a sanidade era de *Alicia no país das maravillas*; eu creo que me entenderon mal, dixen que había certas tensións, claro que as hai e explique derivadas de qué. É máis, se leron a emenda xa lle dixen que era máis completa e ambiciosa que a proposta de acordo que presentaron vostedes; ou ¿é que non a leron? Paréceme que *instar á Consellería de Sanidade para desenvolver un novo modelo*, oiga, algo estamos dicindo e que *a Consellería de Sanidade que avance cara un modelo máis proactivo, no que o profesional de referencia de cada paciente dispoña das ferramentas necesarias...* pois paréceme moito máis completo e ambicioso señora Gil. É verdade, o afán das cousas máis claras debe ser pausado e repousado, debe ser así; pero iso non quita que lea a nosa proposta que a facemos nós coa nosa emenda. Mire, explícame a nivel persoal se eu agora teño mil tarxetas que dar, eu atendín durante anos, anos, con 900 cartillas; pensando que unha cartilla ten unha media entre dous ou tres pacientes, atendín bastante máis que 1.200 tarxetas sanitarias durante moitos anos, ¿estamos de acordo? Polo tanto, non me veña a dicir nada novo da cuestión. Xa que fixo unha referencia persoal, senón a fixera, pero fíxoa. Pediatras do rural. Chámame poderosamente a atención que vostede veña a recoñecer agora o que dixen eu cando debatemos sobre os pediatras, que non podían andar polas *carreteras*, dixo aquí e que había que, iso si, saber centralalos en puntos estratéxicos para poder atender alí aos nenos e que non andaran perdendo o tempo polo camiño. ¿Dixen ou non o dixen eu aquí? E agora vostede vén a dicir é que os pediatras non poden andar polas *carreteras* que están sometidos a accidentes... ¡pero iso foi o que dixen eu! Vostede daquela non aceptaba e agora di que non poden andar pola *carretera*. Pois eu xa o dixen que están sometidos a accidentes. O Plan Conecta, ¿non sei que orzamentos pode ter? O Plan Conecta o seguimento que fai, efectivamente, unha vez dado de alta o paciente, ante das 72 horas, por parte de enfermería e, en vez de que o paciente

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 21 de decembro de 2018
--

que foi dado de alta, que aos dous ou catro días ou canto antes, ou íamos a velo a domicilio, ou o paciente nos ía ver á consulta agora inmediatamente fáiselle unha chamada porque fará falta ou non fará falta e se ve o seu estado. Tampouco sei cantos recursos hai que ter, eu creo que aforra recursos, en todo caso gástase en teléfono. Ben. Faleille da sobrecarga asistencial, señora Gil. Machaca que carga asistencial, que tal, eu xa lle dixen que era un problema de carga asistencial pero que non se podería paliar se non había profesionais no mercado. Po iso o presidente da Xunta dixo, tan pronto salga un MIR garántolle dun a tres anos e, en todo caso, ata que sexa a próxima convocatoria en igualdade de condicións cos demais profesionais. Repito que é unha gran medida o que pasa que se non hai profesionais, ou ata que os haxa, non se pode aplicar. Con isto non estou dicindo que esteamos na panacea e na mellor sanidade, estou dicindo medidas valentes e potentes para poder aplicar ante a sobrecarga asistencial. Xa lle dixen tamén que un dos problemas do sistema, ao nivel médico, é a grande burocracia que hai; que cada vez hai menos coa receita electrónica, etc, etc... pois paliou en grande medida. Pero aínda haberá que sacar máis carga burocrática para que ese tempo que se recupera da carga burocrática sexa en dedicarllo ao pacientes. Polo tanto, mire, non lle vou a dicir moito máis. Ah, si unha cousa, xa que andaron dicindo dalgún concello por aí que se lle quitou un médico. Miren, no 2006 ¿quen gobernaba? Non o digo eu, pero saben quen gobernaba; pregúntenlles vostedes, en todo caso, ao ex - presidente Touriño ou a María José Rubio, a sazón ex - conselleira de sanidade con el, por qué se quitaron médicos en Vilardevós, Trasmiras e Cartelle, ¿que criterios levarían a cabo para sacalos? Uf, uf, no, pero pregúntelle a alcaldesa, daquela, de Cartelle cando lle quitaron ao médico ou ao alcalde de Vilardevós e ao de Trasmiras cando o bipartito, porque ¿eses non aplicaban recortes, non? Os recortes só os aplica o Partido Popular, ah, pero os recortes dos médicos en 2006 en Vilardevós, Trasmiras e Cartelle quitáronllo; pero claro, iso non se chama recortes, iso chámase boa xestión. Boa xestión intencional temos todos, señoras e señores e niso estamos. Nada máis e moitas grazas

D.ª Isabel Gil Álvarez, do Grupo Socialista: moitas grazas. Señor Rosendo, ou me expliquei mal, ou me entendeu vostede mal. Eu sigo apostando pola pediatría no medio rural e sigo apostando porque os nenos e nenas do rural teñan pediatra, atención pediátrica e non teñan que desprazarse 60 quilómetros. Non. O que dixen é o seguinte, que a pediatría no medio rural ten unha penosidade, unha penosidade que a hai que incentivar e hai que

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 21 de decembro de 2018
--

incentivar a penosidade para que os pediatras poidan elixir o rural. Porque de padecer unha penosidade, da que estabamos falando, que non se incentiva e que non se lle paga; evidentemente van coller unha praza que lle sexa máis fácil os traballos e a asistencia aos cativos e cativas. Polo tanto estábamos falando, si, pediatría no rural; teñen os mesmos dereitos que os das vilas e os das cidades, os cativos do rural; é máis, é necesario que existan cativos e cativas no rural e que teñan a mesma prestación de pediatría. Só que hai que pagar aos pediatras ese labor que teñen que facer de penosidade. ¡Vale! Iso é o que dixen. O Plan Conecta, que as enfermeiras unha vez que dan de alta ao paciente que quita unha visita a primaria. Está vostede equivocado. No Plan Conecta as enfermeiras chaman ao paciente *recién* dado de alta para mirar o problema do que foi diagnosticado, se toman as medicinas, se teñen que facer curas, se non teñen que facer... e que teñen que vir onde ao seu médico de atención primaria para que continúe. Polo tanto, iso non libera de consultas a primaria, aumenta consultas de primaria o Plan Conecta e estano facendo as enfermeiras, á parte das demais funcións que facían. Ben, para terminar. Como aquí do que se trata é de xestionar unha mellor atención primaria para Ourense e para Galicia; xestionar unha mellor atención primaria onde se resolvan os problemas dos profesionais e onde se resolva a calidade da atención aos pacientes vamos a aceptar a súa emenda evidentemente. *Instar á Consellería de Sanidade a desenvolver un novo modelo de atención primaria, coa máxima representación de todos os sectores profesionais implicados* (evidentemente que xa están reuníndose) *que dea resposta aos restos de envellecemento profesional e da falta de profesionais especialistas, aos que se enfrenta o conxunto do Sistema Nacional del Saúde* (disto non falamos, das xubilacións futuras, disto non falamos). Si que sexan todos os sectores implicados, sociedades científicas, consello galego dos consellos médicos, sindicatos, defensores da sanidade pública os que se reúnan para intentar resolver estes temas para dar unha asistencia de calidade, paréceme ben. Entón, aceptamos, desa emenda, ese primeiro apartado. Agora ben, no segundo apartado, tenme que dicir vostede a qué se refire o tema das ferramentas. É dicir: *a Consellería de Sanidade avanza cara a un modelo máis produtivo, no que o profesional de referencia de cada paciente dispoña das ferramentas necesarias, incluídas para monitorizar aos pacientes crónicos desde o seu domicilio*. É dicir, se estas ferramentas, refírense tamén ás ferramentas orzamentarias; entón tamén admitimos esta; que me imaxino que será, pois todas as ferramentas, incluídas as

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 21 de decembro de 2018
--

ferramentas económicas, ¿de acordo? Entón si hai as ferramentas, que conste que me refiro a que vaian incluídos os orzamentos, ferramentas orzamentarias para desenvolver estes temas, tamén admitimos o segundo apartado en aras de resolver todos os problemas de atención primaria, tanto dos profesionais, como dos usuarios e usuarias opara ofertarlle unha sanidade pública de calidade.

E termino lendo aquí un comunicado de compañeiros.

Comunicado de facultativos de atención primaria e PAC da provincia de Ourense en apoio e solidariedade dos compañeiros xefes de servizo da Área de Vigo.

Os profesionais facultativos de atención primaria e Puntos de Atención Continuada, ou PAC, da área sanitaria de Ourense, abaixo firmantes, queremos mostrars a nosa solidariedade e apoio ao xefes de servizo de atención primaria da Área de Vigo que presentaron a súa dimisión facendo visible a súa decepción e fartura da situación da precariedade e o abandono que vén sufrindo a atención do primeiro nivel nos últimos anos.

Os problemas expostos polos compañeiros de Vigo non adoitan ser diferentes aos do resto das áreas: falta de cobertura asistencial, ausencia de previsión ante a necesidade de persoal médico, aumento de carga asistencial e burocrática en detrimento da calidade asistencial, lista de espera en determinadas especialidades e probas, falta de contratos en proba para os novos profesionais na sanidade pública. En definitiva, a falta de investimento, orzamento e proxecto na atención primaria.

Chegados a estes límites insostibles consideramos que é necesario que se tomen en serio as denuncias feitas; non se dilaten as decisións que corresponde á Consellería de Sanidade con novos e redundantes grupos de traballo e se implementen coas urxencias e as medidas que xa foron ben definidas polos colexios de médicos, sociedade científica, sindicatos en materia de contratación estable, axendas máximas, resolución de ausencias con criterio de continuidade asistencial e condicións e retribucións similares ás establecidas noutras comunidades autónomas, ou algunhas especialidades hospitalarias; así como o aumento na equidade en canto á capacidade resolutive da atención primaria.

Nada máis e moitas grazas.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 9º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 9º](#)

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 21 de decembro de 2018
--

Non se producen máis intervencións someténdose a votación en primeiro lugar a emenda de substitución presentada polo Grupo Popular (cambiando a palabra ferramentas por medios como se deduciu do debate), que é aprobada co voto favorable do Grupo Popular (14), do Grupo Socialista (7), e do BNG (1), e a abstención de Democracia Ourensana (2).

A continuación sométese a votación a moción inicial do Grupo Socialista, que é rexeitada ao obter o voto favorable do Grupo Socialista (7), de Democracia Ourensana (2) e do BNG (1) e o voto en contra do Grupo Popular (14).

Como consecuencia da votación anterior, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Instar á Consellería de Sanidade para desenvolver un novo modelo de atención primaria (AP), coa máxima representación de todos os sectores profesionais implicados que dea resposta aos restos de envellecemento profesional e da falta de profesionais especialistas, aos que se enfronta o conxunto do Sistema Nacional del Saúde.

2º.- Solicitalle á Consellería de Sanidade que avance cara un modelo máis proactivo, no que o profesional de referencia de cada paciente dispoña dos medios necesarios, incluídos os necesarios para monitorizar aos pacientes crónicos desde o seu domicilio.

10º.- MOCIÓN DE DEMOCRACIA OURENSANA PARA RESTITUCIÓN DE ESTUDOS DE FÍSICA NO CAMPUS DE OURENSE PARA O TRIENIO 2018-2020.-

O Sr. presidente cédelle a palabra a Democracia Ourensana para que expoña o contido da moción.

D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz de Democracia Ourensana: gracias. A ver si nos centramos, que es difícil cambiar el chip después de una moción de hora y pico de sanidad. Pues nada, simplemente decir que, en los temas anteriores, el diputado del Partido Popular, Pablo Pérez, acusó a la oposición de que no habíamos acudido a una convocatoria y lo que están aquí mirando es que no fuimos convocados en tiempo y forma. Esto creo que después trascenderá. Creo que el PSOE y el Bloque opinan lo mismo que Democracia Ourensana y creo que van a decir que eso es falso. Son los datos que aquí nos dan. Yo en esto no soy un experto y es lo que nos han dicho. Esta moción tendría que leerla Armando Ojea, que es el físico, pero ya saben, en casa del herrero, cuchillo de palo. Así que la leo yo, la defiendo yo. Bueno, básicamente lo que nosotros pedimos aquí y muy rápido, voy a intentar

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 21 de decembro de 2018

sintetizar, es que desde la Diputación Provincial se proceda a instar a la Universidad de Vigo y a la Xunta de Galicia a que se haga efectiva la restitución de los estudios de física en el Campus de Orense para el trienio 2018-2020, enmarcándolo en el plan de mejora de las titulaciones de grado gallegas. Básicamente nosotros pedimos aquí que se inste, porque como es algo propio de Orense, procede instar en este sentido. Aunque no tenemos competencia, lo que vamos a hacer aquí no va valer de mucho; sirve por lo menos para levantar la voz e instar a algo que es particular de Orense, para esta provincia que es para lo que el pueblo nos eligió, por lo menos para pedir para el tema de Orense. Voy a intentar sintetizar. Primero, la importancia de tener estudiantes en esta ciudad. Actualmente en el campus de Orense hay 4.500 estudiantes; llegó a haber muchos más pero la cosa está bajando y ahora mismo solo hay 4.500 estudiantes en Orense. ¿Qué ocurre? Siendo el de Orense un campus pequeño, que tiene pocos estudiantes, es interesante tener estudiantes en Orense, uno, por la población flotante, por la riqueza, porque muchos no tienen que irse fuera de los que tienen aquí familias; con lo cual el dinero se queda aquí y no tienes que evitar ciertos esfuerzos económicos de alguna gente que incluso no puede pagar estudios fuera a sus hijos por la manutención y, entonces, tener estudiantes en Orense siempre es importante que haya carreras universitarias en Orense. Hay muy pocos estudiantes y la Xunta de Galicia ¿cómo compensa esto? Lo compensó con un agravio, es decir, en el trienio 2018 a 2020 la Xunta de Galicia diseñó aumentar las titulaciones gallegas en 14 nuevas titulaciones para repartir en los varios campus y lo reparte en todos los campus de Galicia, excepto en el de Orense. Eso es una discriminación y realmente algo que no entiendo cómo el Partido Popular pueden ustedes no haberlo reclamado, desde el Partido Popular, porque es agravio comparativo bestial. De las 14 titulaciones que repartieron, a la única que dejaron sin titulaciones es a la del Campus de Orense. Un agravio bestial que, por eso, nosotros estamos siempre diciendo que es intolerable como se ríe de nosotros la Xunta de Galicia. En el año 2009 (éramos pocos y parió la abuela, esto viene ya de atrás), uno de los motivos por los que tenemos pocas titulaciones es que, en el año 2009, Feijóo en colaboración con el alcalde de Orense que es Jesús Vázquez, cuando era conselleiro, cerraron la titulación de físicas que fue, realmente, un auténtico daño para la ciudad de Orense, no ya porque tuviera pocos alumnos; sino porque estábamos en una época de vacas flacas y había pocos alumnos, pero, por otro lado, la carrera de físicas no es solo los alumnos que tenga, sino los investigadores que hay y todo lo que lleva consigo de

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 21 de decembro de 2018

investigación y de empresas que pueda haber conexionadas con los expertos de física. Con lo cual, siempre es bueno, obviamente, tener una carrera de estas, porque, obviamente, es la carrera casi madre de muchas ciencias. Fue cerrada por Feijóo y Jesús Vázquez en el año 2009, un auténtico daño tremendo. ¿Qué ocurre? Que quedaron aquí los profesores. Fíjense hasta qué punto fue dañino cerrarlo, fue absurdo, porque no se produjo ningún ahorro porque, realmente, los profesores que eran funcionarios quedaron en el Campus de Orense; con lo cual realmente no se produjo ningún ahorro. Pero si es verdad que hay una pérdida de actividad, porque no es lo mismo tener el campus activo dando clase que no. Decía Zeeman, un premio Nobel, uno de los grandes físicos de la historia, que él cuando realmente volvió a ser bueno en creatividad y descubriendo fue cuando volvió a dar clases. Decía que era fundamental dar clases porque eso le ayudaba a ser mejor investigador. Entonces, estos investigadores que ahora mismo están en el campus, primero, estamos desperdiciando unos recursos que tenemos que es absurdo porque son funcionarios con el sueldo pagado, funcionarios de física, profesores; pero por otro lado estamos desperdiciando su potencial porque se podría aplicar a los terceros y, además, a ellos mismos porque realmente siempre es estimulante dar clases. ¿Qué ocurre? Cuando entró la crisis cambiaron las tornas y al cambiar las tornas, entonces, lo que era una carrera con poca demanda, Física; pasó a ser una carrera con alta demanda, tal como nosotros habíamos pronosticado. ¿Qué ocurrió? Que en el campus de Santiago, este año, solo se admitieron a 90 alumnos de Física y quedaron fuera –hay cifras dispares ahí- entre 200 por un lado y creo que hay una decana que dice que son 500. Estamos hablando de varios centenares estudiantes gallegos que quedaron fuera de Física en Santiago. Esos estudiantes, 50 o 90, podrían venir para Orense. Fíjese hasta qué punto hoy la carrera de Física es importante, a la que ustedes, el PP, ha renunciado, que el corte para entrar en Física, la exigencia, la nota de corte es más alta que la de Ingeniería Aeroespacial y mucho más que la de Ciencias Medioambientales que hay, o sea, muchísimo más; entonces imagínese la importancia que tiene hoy la carrera de Física que ustedes han destrozado. Lo que nosotros pedimos, ante este tremendo agravio comparativo y con los antecedentes que hay, es que se restituya la carrera de Física porque, además, no hay que hacer una inversión. Entonces, no pedir la carrera de Física es de locos; primero, tenemos unos 90 estudiantes que podrían entrar ya a estudiar la carrera de Física porque hay una demanda tremenda porque han quedado fuera de Santiago y, además, tenemos ya todo montado, los laboratorios y los profesores en Orense. Entonces, no hacerlo

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 21 de decembro de 2018
--

realmente creemos que es un crimen. En esto decir que realmente es un crimen tomando la frase que antes dijo, de las muchas, el señor Rosendo que dijo *Errare humanum est*, ¿no? Bueno, que lo dijo Armando y decía que tal. A mí me extrañó cuando lo dijo Armando, porque Armando dijo la frase que es popular: *Errare humanum est*; pero, realmente, esta frase está incompleta, ¿tú sabes cómo sigue, Rosendo? ¿sí o no? Hombre, por Dios, parece que lo pide la frase, *Errare humanum est, sed perseverare diabolicum*. Pues esto sería lo mismo, es decir, oiga, como ya lo decía el gran Publilio Siro, *no culpes al mar de tu segundo naufragio*. Pues esto igual, no podemos volver a cometer el error, si hemos destrozado Física antes, pues ahora no la destrocemos no reivindicándola.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG: grazas señor presidente. Coa posta en marcha da Enxeñería Agroespacial intentouse pechar unha ferida que se abriu xa fai 9 anos, cando se decidiu a transformación da Licenciatura de Física nun Grado no Medio Ambiente. Comezou, entón, unha loita dos profesores da xa extinta titulación e da plataforma Pro Campus Digno por evitar que o campus perdese unha carreira científica e desaproveitar o potencial docente que estaba sen apenas carga de traballo nos últimos anos. Todo se remonta a xuño de 2009, xa se apuntou por aquí, cando a Xunta da Facultade de Ciencias decidiu a desaparición de Física cun acordo que foi ratificado, despois, pola Universidade de Vigo e máis tarde pola propia Xunta. Meses despois os docentes afectados polo peche acudiron aos Tribunais cun preito contencioso contra a Universidade e, finalmente, o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia deulles a razón, anulando as resolucións de supresión por consideralas ilegais e ordenando a realización dun novo plan de estudos adaptado a Bolonia. Así xurdiu Enxeñería Física, unha proposta que se topou con todas as dificultades dentro da súa propia Facultade, remisa a este tipo de estudos, e que, tras superarse moitos atrancos e obstáculos, en novembro de 2013 o grao recibiu luz verde do Consello de Goberno da Universidade e, apenas uns meses despois, foi obxecto dun informe favorable por parte da Consellería de Educación, co que parecía que finalmente se faría realidade; de feito, chegou a incluír ou chegou a incluír na oferta académica para o curso 2014-2015 con 45 prazas, pero finalmente non foi así. O Consello Galego de Universidades negouse á súa posta en marcha e, ademais, recibiu un informe favorable da Axencia Avaliadora. Esta Corporación, nun Pleno extraordinario

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 21 de decembro de 2018
--

celebrado o 11 de xuño, aprobaba por unanimidade un pronunciamento sobre a implantación do Grao de Enxeñería Física no Campus de Ourense no curso 14-15. Daquelas pedíase rexeitar o acordo do Consello Galego de Universidades, que aprazou a implantación do Grao, e instar a convocatoria do Consello de Universidades con carácter urxente para que os estudos do Grao de Enxeñería Física para Ourense comezaran en setembro de 2014 no noso campus. Desde aquela ata hoxe, pasaron moitas cousas, pero por desgraza todas elas negativas para os nosos intereses. O Campus de Ourense precisa duns estudos cun contido amplo en física e matemáticas que actualmente non ten. A plataforma Pro Campus digno de Ourense, que representa ao conxunto de cidadáns nesta provincia, só está a pedir que se recupere o que lle foi arrebatado aos ourensáns ilegalmente e nada máis. Esa é a súa loita. A recuperación dos estudos de Física é unha causa xusta que conta cun amplo, maioritario e clamoroso apoio en Ourense e cubriría un baleiro na oferta dos graos do Campus na área científica-tecnolóxica. Contamos coas persoas, contamos cos medios materiais e cun proxecto, xa o dixo tamén o portavoz de Democracia Ourensana; por tanto, o único que falta é vontade política. Por iso, señor presidente, non abonda con palabras grandilocuentes e aprobacións plenarias e preciso que, como dixo este grupo naquel Pleno (do que facía referencia no mes de xuño), rememos todos na mesma dirección. Abonda de xestos cara á galería. Vostede ten unha responsabilidade máis grande que os demais, porque, ademais de ser presidente desta Deputación, tamén é presidente do Partido Popular a nivel provincial. Ten que petar na mesa e facer valer os seus galóns; de non ser así, sería o enésimo fiasco para esta provincia e un fracaso de vostede. Agardemos que o tempo non nos quite a razón porque, ao fin e ao cabo, sería a mellor noticia para todos nós. Nós, despois de todo o explicado, dende logo, vamos a votar a favor desta moción que nos presenta Democracia Ourensana. Nada máis e moitas grazas.

D. Adolfo González Nóvoa, do Grupo Socialista: si, grazas señor presidente. Bo día a todas e a todas. Creo que xa se comentou bastante amplo, non só na exposición da moción que fixo o portavoz de Democracia Ourensana, rematando coa do BNG. Nós o que engadiríamos a isto é que, respectando a autonomía das Universidades galegas e da Universidade de Vigo e, en particular, o do Consello do Campus de Ourense, coidamos que esta institución ten a obriga de demandar tanto da administración universitaria, como da autonómica que se teña en conta e se valore, á hora de configurar o mapa de titulacións,

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 21 de decembro de 2018
--

restablecer graos ou implantar novas titulacións, a demanda do propio campus de Ourense; así como a capacidade para acoller demanda externa. Do mesmo xeito, coidamos que o Consello do Campus de Ourense debería ter en conta tanto as propias características desta provincia como o seu desenvolvemento á hora de desempeñar ese mapa de titulacións para o trienio 18-20. De momento nada máis. Grazas.

D. Manuel Doval Soto, do Grupo Popular: moi bos días. O goberno que preside José Manuel Baltar, como non pode ser doutro xeito, ten amosado o forte compromiso coas Universidades de Vigo e tamén, como non, coa Universidade a Distancia que está facendo un gran servizo á cidadanía de toda a nosa provincia e, como non, tamén co ensino en xeral. A educación é a ferramenta imprescindible para transformar a sociedade, tamén un dereito das persoas durante o seu ciclo vital. Vostedes, vostedes refírome aos autores da moción, non creen neste dereito; por iso téñense referido soamente a etapa da educación obrigatoria, en máis dunha ocasión. Din soamente educación obrigatoria e, despois, cada un que se busque a vida. Esas son expresións que eu lle rebatín a vostede. A implantación da titulación do Grao de Enxeñería Aeroespacial ten sido un logro importante para o noso campus e teño que dicir que, evidentemente, esa demanda foi da cidadanía e de toda a comunidade educativa; como non podía ser doutro xeito, de toda a cidadanía de Ourense e aí está, cunha grande resposta, tanto formativa como para os alumnos que cursen eses estudos. Baixo o noso punto de vista, dende logo a demagogia non ten cabida en ningún escenario e, moito menos, no da educación. O que traen hoxe non é unha demanda da comunidade educativa, nin tampouco da sociedade ourensá. De momento nada máis e moitas grazas.

D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz de Democracia Ourensana: sí. ¡Qué breve, señor Doval! Vamos a ver, primero usted ha hecho lo que se llama técnicamente *falacia del hombre de paja* que es poner en nuestra boca palabras que nosotros no dijimos. Nosotros nunca dijimos eso que dice usted que cada uno la educación obrigatoria y luego se busque la vida. Está usted, eso, haciendo *falacia del hombre de paja* o *falacia de extensión de línea*; es decir, una frase que se dice para una cosa, extenderla para todo. Nosotros decimos que, en aquello que no es obrigatoria, no puede ser obrigatoria; es decir, esta frase es buena: lo que no es obrigatoria, no puede ser obrigatoria, por ejemplo, la Xunta de Galicia, el Estado español obliga a la escolarización hasta los 16 años, bueno, pues eso es una etapa obrigatoria; lo que no tiene sentido es que, si a una persona en la etapa obrigatoria no se le obliga a estudiar, o ¿cómo

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 21 de decembro de 2018
--

se dice?, a auditar, presenciar ciertas obras de arte, de música no tiene sentido luego que la Diputación con dinero público, utilice ese dinero para dar espectáculos de forma obligatoria porque realmente se paga con dinero público, no lo puedes evitar y entonces nos está dando lo que nosotros no pedimos y es obligatorio. ¡No sé si me expliqué muy bien! Eso no tiene nada que ver con que el Estado, nosotros sí que creemos que el Estado, obviamente, proporcione centros superiores de estudios y que sean incluso gratuitos; es más, a mí me parece absurdo, yo no puedo entender cómo una matrícula universitaria cuesta 1.000 € Lo puedo entender, en Estados Unidos una matrícula de una Universidad Pública anda por los 6.000 € una privada anda por los 30.000, ojo, cuando se dice privada se cree que es para lucro. Las grandes Universidades privadas de Estados Unidos realmente son fundaciones sin ánimo de lucro, son carísimas pero realmente no son para hacer reparto de dividendos, es más, no llega el dinero que pagan los alumnos y tienen que recibir donaciones. Bueno, pues en Estados Unidos una Universidad Pública anda por los 6.000; en España, 1.000. Bueno, pues podemos discutir si en España es muy caro o muy barato; yo creo que es carísimo, 1.000 € al año, porque si lo comparamos con otras acciones que son gratis, no tiene sentido que el teatro sea gratis, que el Festival de Cine sea prácticamente gratis y, luego, si voy a estudiar una carrera universitaria de Física que es fundamental para una ingeniería, tenga que pagar 1.000 € ¡Oiga, perdone usted, póngame la carrera gratis y lo otro de pago! Pero, que me ponga usted 1.000 € para estudiar y luego usted me dé actuaciones musicales gratis; es algo absurdo. Si esto lo contamos en Estados Unidos que las carreras hay que pagarlas, pero luego lo superfluo, las actuaciones musicales, las tenemos gratis, dicen vosotros es que sois tontos porque no es normal. Pero bueno, ese es otro tema y por eso me refería a que a una persona, una vez que ha sido formada, no se le tiene que dar lo superfluo gratis. Esto sí, la carrera de física, una carrera de ingeniería no es superfluo ¿Por qué? Necesitamos científicos ¿Por qué? Porque afecta a nuestra vida. Es fundamental, si no los hubiera el Estado tendría que formarlos. Si la iniciativa privada no cubriera ese aspecto, tendríamos que formarlos porque necesitamos médicos, ingenieros, necesitamos eso en cualquier sociedad que hoy en día pueda desarrollarse. Bueno, ¿pues entonces qué ocurre? Ustedes siempre están hablando del I+D, I+D y ahora resulta que ustedes no van a reivindicar física. ¿Explíqueme cómo hacen eso? Siempre están hablando del I+D; una provincia inteligente y no reivindica Física. El problema de Aeroespacial es que aquí simplemente son 50 alumnos de Aeroespacial; pero la mayoría de los profesores vienen de

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 21 de decembro de 2018

Vigo. Entonces, ese plus que hay, repercute en Vigo porque son personas que están ganando un dinero, un sueldo y la mayoría no son de aquí. Además, el tema de Ingeniería Aeroespacial no está conexo con lo que son investigaciones que hacen aquí, porque son profesores universitarios que principalmente no están aquí; sino que están fuera de Orense. Entonces, realmente aquí no nos estamos beneficiando de eso. A parte, le he dicho, yo creo que usted no me atendió que, efectivamente, hay 50 alumnos en Aeroespacial; pero es que hoy Física tendría muchísimo más éxito que Aeroespacial porque le acabo de decir los datos; lo que es medible no es opinable. Hoy en día hay más alumnos demandando Física que Aeroespacial y el corte, como es tal el nivel, el corte que pide, la nota de media es más alta en Física que en Aeroespacial. Hoy en día tiene más demanda Física que Aeroespacial. Le he dicho que se han quedado fuera varios centenares, mínimo, 200; pero hay una Decana que creo que dice, el otro día en la prensa, que eran 500. ¡Hombre, explícame como no podéis defender eso! El siguiente tema que nos explicas aquí por qué motivo ustedes ahora, todo lo que sea de Democracia Orensana, como si fueran unos enfermos siguiendo aquí a este señor, una actitud enfermiza, votan que no a todo lo que pide DO. Nosotros pedimos aquí que había que revitalizar la estación de Manzaneda y ustedes votaron que no y, al año siguiente, anuncian que compran unos cañones de nieve artificial; ¡pero si habían votado que no! Simplemente porque venía de Democracia Orensana. Bien, nosotros pedimos aquí lo de física y ustedes votan que no; pero es que, escuche, en las últimas cuatro veces ustedes votaron que sí. Entonces, si ustedes votaron que sí a Física por qué ahora votan que no. Aquí se trajo ya esta moción a la Diputación y ustedes votaron todos que sí; ¡claro! No la traía Democracia Orensana porque no estábamos aquí. Pero en el Concello de Orense, y estaba Rosendo de concelleiro, llevó varias veces Democracia Orensana esta moción y ustedes todos votaron que sí, a favor. Entonces, ¿Por qué ahora usted toma el sentido contrario? ¿Por qué se contradice, señor Doval? Explíqueme esa contradicción. El Partido Socialista también se contradice, demostrando que están totalmente rotos, parecen ya los de En Marea (cualquier día van a empezar a hostias, no, como los de Anova en aquel Congreso), porque en el Concello de Orense hicieron una enmienda cambiando totalmente el sentido de esta moción. Decía que no, que lo decidan los de los campus, los técnicos y ahora van a votar a favor, lo cual es de agradecer. Pero, ¿por qué entonces en el Concello de Orense quisieron hacer esa maniobra triler de realmente no, que sean los técnicos, que esto no lo deberíamos decidir nosotros que esto es un tema técnico?

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 21 de decembro de 2018
--

¿Por qué esto es un tema técnico? ¿Si esto es un tema técnico, no era lo de la UME? El PSOE pidió aquí que viniera una Unidad Militar de Emergencias a Orense. Ese es un tema técnico. ¿Por qué reivindicamos antes la sanidad, si es un tema técnico? También podemos dar ese argumento; no, no, eso que lo decidan los técnicos de sanidad si realmente en Orense hay recortes o no. Acabamos de debatir una moción de sanidad diciendo que Orense estaba discriminado y el PSOE, obviamente, es quien reivindicaba eso. Entonces no entendemos como en Orense, realmente, hicieron lo contrario. Pero bueno, ustedes tampoco son responsables de lo que pasa en el Concello de Orense, *que así lle vai lucir o pelo a Barquero nas seguintes eleccións*; elecciones en las que, no sé si lo sabéis, voy a salir alcalde. Bueno, pues qué más podemos decir aquí. Lo peor ya no es que nos dé poco la Xunta de Galicia. El motivo por el que somos pobres, obviamente, uno de los motivos por los que Orense... ayer veníamos de Vigo y es curioso porque es la primera vez, en los últimos años fue ocurriendo así, pero es la primera vez que cuando vienes de Vigo más te das cuenta de la diferencia de que estás entrando en un pueblo en Orense. Ayer veníamos de Vigo y entrábamos en Orense y, al margen de las diferencias de las luces que eso ya es abismal, parece que entras aquí a oscuras, cuando entrabas en Orense viendo las luces de Vigo; las últimas veces que fui a Vigo y volví a Orense cada vez tienes más la sensación de que estás entrando en un pueblo que es Orense. Fíjese como realmente está este alcalde y este señor destrozando lo que es nuestra tierra porque la diferencia, la divergencia es cada vez mayor entre Vigo y Orense. Cada vez hay más vida en Vigo y en Orense, realmente, se está quedando muerto. Uno de los factores por los que Orense se está quedando muerto es porque las inversiones públicas aquí son muy pequeñas y entonces obviamente es todo una cadena. Entonces, lo que estoy diciendo es esto. No solo el Partido Popular no reivindica para que se hagan inversiones en Orense como debe ser; sino que además impide en esta moción, impide que reivindicemos. O sea que eso ya es el colmo. No solo no reivindica, sino que además impide que reivindicemos. Decir aquí, ya que está aquí con citas del maestro, pidiéndole permiso al señor Rosendo de las citas, una frase que dice que son más los que renuncian que los que fracasan. Eso es lo que están haciendo, están renunciando. Son más los que renuncian que los que fracasan y ustedes, ya, lo que están haciendo es evitando que fracasemos porque ya quieren renunciar a solicitar esto. La frase la dijo Henry Ford, pero creo que tampoco la dijo muchas veces

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG: si, moi brevemente. Só afondar

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 21 de decembro de 2018
--

nun detalle ou reiterar que xa dixo o portavoz de Democracia Ourensana, pero nós pensamos que non vamos a teorizar nos motivos, pero si merecía unha explicación e, dende logo, bastante convincente porque, polo que se deduce, van a votar vostedes en contra disto cando, como el xa dixo moi ben, ata agora mantiñan unha postura totalmente reivindicativa. Eu fixen referencia ao Pleno extraordinario que se aprobou por unanimidade, e reiterarei ou deille énfase ao de unanimidade, e daquela vostedes pedían que se implantara o Grao de Enxeñería Física en Ourense. Entón insisto, eu creo que merece a pena que vostedes nos expliquen ese cambio de criterio, se o final se concreta.

D. Adolfo González Nóvoa, do Grupo Socialista: si. Grazas señor presidente. Home, case ao final me convenceron as verbas do portavoz do BNG. De feito, tampouco é por sorprender porque o Partido Popular xa na comisión xa votou en contra; é dicir, non nos sorprende que xa dixo que votou en contra. E agora eu non entendo, a parte do que dicía o proponente da moción, entendemos que esta non é unha proposta a nivel municipal, é unha proposta que se fai a nivel provincial. Si, hai un montón de datos onde, nalgúns momentos, parece ser que había moi poucos alumnos en Físicas, algúns datos que teño aquí. Evidentemente hai unha cousa a favor que, parece ser, que si hai un *plantel* moi amplo de profesores aquí no campus, son profesores titulados, laboratorios... Pois bueno, eu creo que non estaría de máis seguir facendo fincapé nesto e cantos máis graos podamos ter no Campus de Ourense pois mellor que mellor. Eu non vexo onde está o inconveniente. Despois cada un, dentro do ámbito das súas familias escollerá. Pero bueno, xa digo esa é a opinión que nós traemos aquí e o noso voto si vai ser a favor. Grazas.

D. Manuel Doval Soto, do Grupo Popular: é moi sinxela a nosa postura. Nós somos respectuosos coa autonomía da Universidade, como non pode ser doutro xeito. E dende logo non actuaremos de portavoz de alguén que trae aquí para convertelo nun circo mediático. Nada máis e moitas grazas.

D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz de Democracia Ourensana: sí, muchas gracias. A ver lo de circo mediático lo dice usted, nosotros estamos avalados por 13.600 votantes en la ciudad de Orense, incluso también en Pereiro de Aguiar más votantes y en Barbadás; ahora seremos muchos más. Nosotros estamos aquí representados para hacer una labor política y circo mediático lo hará este señor con toda la propaganda y el periódico comprado que tiene de *La Región*. Pero, nosotros aparte de emitir esto que, gracias a Dios, emitimos los Plenos,

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 21 de decembro de 2018

que esto se emite en televisión; sino esto, no se enteraría realmente nadie de lo que está pasando aquí. En cualquier caso, es un argumento que es un juicio de valor que no tiene que ver con lo que hemos dicho. Estaba realmente esperando, me hace gracia porque si ustedes ven los últimos Plenos que hemos tenido el señor Doval y un servidor, pues es un debate, ustedes verán como realmente se argumentaba mucho en un bando y en otro y esta muestra de que hoy no ha argumentado prácticamente nada y ha sido tremendamente breve es porque realmente ha quedado escaldado de las otras argumentaciones y dijo, *esta vez non me vou meter*. Claro, porque cuantas más argumentaciones haces, más se le machaca porque esta intervención es hiperbreve; es más está siguiendo ya la táctica de Pablo Pérez. Como ustedes vieron que le ganamos siempre en los debates, dicen, lo que hay que hacer es decir solo una frase o dos y cambiar. Acaba de adoptar la misma técnica que Pablo Pérez antes que, por cierto, decía lo del espíritu navideño, pero cuando hubo que...lo que decía antes Armando Ojea, al final hicisteis lo que decía Shakespeare en *Julio César, es la guerra, suelta a los perros*. Fue lo que hicisteis aquí, Bueno, pues básicamente, eso, utilizáis una táctica que es ya la de no argumentar porque sabéis que en la argumentación perdéis. Mira, acabas de decir que respetáis la autonomía. Primero, eso es falso porque vosotros en otras mociones aquí habéis pedido reivindicar Física. Es falso por lo siguiente, porque acabas de decir que la ciudadanía consiguió antes Aeroespacial; entonces, si lo consiguió la ciudadanía, no estamos respetando la autonomía. Claro, nosotros somos los representantes de los ciudadanos, estamos pidiendo que venga Física y acaba de decir el señor Doval: no, no, es que la ciudadanía consiguió Aeroespacial. ¡Coño! pues que la ciudadanía también consiga Física. Acaba de decir que la ciudadanía y los técnicos consiguieron Aeroespacial. ¡Coño, pues que también la ciudadanía consiga esto! Hay otro tema aquí interesante. Entonces, si nosotros no debemos de reivindicar y debemos respetar lo que decidan los técnicos y respetar la autonomía ¿por qué ese señor y ahora ciertos movimientos están diciendo que hay que pedir más FP para Orense, el campus este de FP que queréis pedir? ¿Por qué si hay que respetar la autonomía? ¿Por qué pedís el campus de FP? ¿Por qué lo reclamáis si hay que respetar la autonomía? Siguiendo tema, ¿Por qué aquí se dice, por ejemplo estamos solicitando mejoras en sanidad, si hay que respetar la autonomía médica, que lo decidan los médicos? ¿Por qué si reivindicáis ciertos temas? Ahora cuando se hizo la reforma del Hospital os colgáis la medalla, ¿Por qué os colgáis la medalla, si debería ser algo técnico? Es un argumento que lo utilizáis realmente

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 21 de decembro de 2018

para lo que queréis. Mira, la cosa aquí está clara. En las últimas mociones habéis votado en contra de pedir un centro de inteligencia artificial para Orense, que fuera en Orense que no hay nada aquí del CSIC en Orense. Bueno, pues lo hemos pedido desde Democracia Orensana y habéis votado en contra. Habéis votado en contra de que se hiciera un circuito de automovilismo. Votáis, prácticamente, en contra de todo lo que trae Democracia Orensana demandando a la Xunta. Entonces, la pregunta es ¿vosotros aquí para que estáis? O sea, vosotros realmente parecéis un Parlamento de Coruña, Lugo o Pontevedra; vosotros no defendéis a Orense, defendéis a los demás sitios porque si estamos pidiendo dinero para Orense, a la Xunta, y desde aquí se frena que nosotros pidamos, realmente no representáis a los orensanos. Es realmente impresionante. Bueno, pues nada más, simplemente decir que me llama la atención también por el tema de cómo os contradecís. Fíjate hasta qué punto es enfermizo lo de votar que no a todo lo de DO que os estáis contradiciendo con lo que hacíais antes, que era habíais reclamado Física, sobre todo Baltar padre, el que dejó ahí la herencia, realmente siempre estaba reclamando Física y en el Concello de Orense con el señor Rosendo también. A mí me hace ahora gracia el señor Rosendo que ahora está ahí jugando con el móvil, realmente, sinceramente, hay que tener poca vergüenza, no ya por jugar con el móvil porque sabe Dios lo que estará haciendo que todo lo consultamos, el otro día estaba con un tema de un partido, pero ahora no sabemos lo que está haciendo; a mí me parece de poca vergüenza porque los demás no sé cuántos estabais mandato pasado, pero ese señor estaba de compañero mío en el mandato pasado, votó creo que tres veces a favor de reivindicar Física para Orense y ahora va a votar que no y no se le cae la cara de vergüenza. ¡Es realmente alucinante! Está recogido en acta. Votó tres veces a favor de pedir Física para Orense y ahora, por obedecerle ahí al mastín, resulta que va a votar que no. Va a votar que no. Es realmente un hombre que lleva a la provincia a la perdición. Ese hombre lleva a la provincia a la perdición porque no os deja, ni a los diputados, que reclaméis para Orense; o sea, ni que los demás reclamemos para Orense. No solo no reclamáis vosotros, sino que impedís que los demás reclamemos. Esto ya es una nueva vuelta de tuerca a lo que es la nueva política.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllense no punto 10º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 10º](#).

Non se producen máis intervencións someténdose a votación a moción, que é rexeitada

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 21 de decembro de 2018
--

ao obter o voto favorable do Grupo Socialista (7), de Democracia Ourensana (2) e do BNG (1) e o voto en contra do Grupo Popular (14).

11º.- MOCIÓNS DE URXENCIA.- Neste punto pide a palabra a deputada do Grupo Socialista, dona Isabel Gil Álvarez, por unha cuestión de orde, cedéndolle a palabra o Sr. presidente, producíndose as seguintes intervencións:

D.^a Isabel Gil Álvarez, do Grupo Socialista: unha cuestión de orde, respecto á moción anterior de atención primaria. Se o Grupo Popular presenta unha moción de substitución, eu acepto a moción de substitución; habería que votar só unha vez.

Sr. presidente: parece que non leu ben o Regulamento e a propia ordenación á que nos debemos neste Pleno, onde se vota igual a moción orixinaria; agás que o grupo proponente a retire e o diga así expresamente. Facémolo sempre. Estaría ben darlle unha lectura á propia Ordenanza reguladora do Pleno e dos seus acordos porque se fai así sempre. A emenda de substitución vótase e, cando é aprobada, vótase igual a moción orixinaria. Fíxose así sempre e farase ata que...

D.^a Isabel Gil Álvarez, do Grupo Socialista: pero, cando a moción acepta os acordos, entón ¿vostedes votan unha vez a favor dos propios acordos e outra vez en contra dos propios acordos?

Sr. presidente: no, no. Votamos en contra da moción orixinaria. Revise calquera Pleno dos que se teñen celebrado neste mandato e chegará á mesma conclusión.

D.^a Isabel Gil Álvarez, do Grupo Socialista: pero, ¿entón non ten sentido, señor presidente? Non ten sentido, se hai unha moción, cuns acordos, acéptanse, de substitución e acéptanse eses acordos de substitución

Sr. presidente: ¿e deuse conta hoxe? Porque levámolo feito en todos os Plenos isto.

D.^a Isabel Gil Álvarez, do Grupo Socialista: non, porque non se aceptaba porque ao mellor era de engádega, na de..

Sr. presidente: si, sempre se fai así, salvo que vostede me pida....

D.^a Isabel Gil Álvarez, do Grupo Socialista: ou sexa, que vostedes votan, dunha maneira votan a favor dos acordos e da segunda vez da votación, votan en contra.

Sr. presidente: non. Nós votamos a favor da emenda e vostede votou a favor da emenda...

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 21 de decembro de 2018
--

D.^a Isabel Gil Álvarez, do Grupo Socialista: *bueno*, chámelle vostede como queira, pero votan a favor e en contra.

Sr. presidente: non, no. O que pode chamar a atención é que vostedes voten a favor da emenda de substitución e que non retiren a moción orixinaria, que sempre é unha posibilidade súa; se non a retiran, tense que votar igual. ¿Entende?

D.^a Isabel Gil Álvarez, do Grupo Socialista: eu entendía que, unha vez que se acepta a emenda de substitución, xa queda substituída.

Sr. presidente: correcto, salvo que vostede retire a votación da moción orixinaria. Fíxose así en todos os Plenos do mandato.

D.^a Isabel Gil Álvarez, do Grupo Socialista: pois iso é o que estou pedindo.

Sr. presidente: ¿que está pedindo agora?

D.^a Isabel Gil Álvarez, do Grupo Socialista: que se vote unha vez.

Sr. presidente: non, pero non.... Despois, se quere, quedamos tres minutos e lemos o Regulamento e todas as votacións que fomos capaces de facer neste mandato que foi sempre así. Así foi sempre. Lamento que se dera conta hoxe no Pleno vinte e tantos.

D.^a Isabel Gil Álvarez, do Grupo Socialista: é que nunca se deu a situación.

Sr. presidente: si se ten dado tamén.

D.^a Isabel Gil Álvarez, do Grupo Socialista: ¿de aceptar as emendas de substitución?.

Sr. presidente: tamén se ten dado, de votar a favor a emenda de substitución e manter a emenda orixinal porque, imaxínese, ao seu grupo lle interesa que a súa postura orixinaria tamén quede patente e se someta a votación para que se vexa que os outros non están de acordo, ou están de acordo. É unha cuestión de carácter político que creo que entendemos todos.

A continuación o Sr. presidente anuncia que hai un asunto de urxencia, que é o Plan Provincial para o exercicio 2019, sometendo a votación a urxencia na súa tramitación, que é admitida co voto favorable do Grupo Popular (14), do Grupo Socialista (7) e do BNG (1) e a abstención de Democracia Ourensana (2), procedéndose ao seu tratamento.

11ºA.- PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS 2019

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 21 de decembro de 2018
--

O Sr. secretario dá lectura á parte expositiva da proposta da Presidencia.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG: grazas señor presidente. Aquí vai quedar patente a capacidade analítica da oposición que nun día, un par de días, un día porque onte aínda nos veu a corrección, vamos a ser capaces de analiza o Plan Provincial de Cooperación de Obras e Servizos Municipais de 2019 e votalo; o cal, iso, fala moito e moi ben da nosa capacidade analítica porque vostedes, a moción que nós lle presentamos o mesmo día que tiveran unha semana ou dez días largos para analizala, seica non lles ía dar tempo. En todo caso, indo ao punto. É coñecida, e volvo reiteralo unha vez, a nosa posición e a nosa demanda dun Plan Único –hoxe xa se falou outra vez- e tamén ao respecto do incumprimento da Presidencia en relación coa suba do importe aos concellos do Plan Provincial, porque non só non subiu a cantidade; senón que diminuíu para así poder seguir contratando as obras a dedo. Nós presentamos unha emenda ao Plan Provincial de Cooperación, no debate orzamentario e no debate sobre o estado da provincia, para soportar o actual modelo de reparto e ir na dirección do que xa dixen, do Plan Único. En consecuencia disto e en coherencia coa nosa proposta, que segue sendo defender o Plan Único, desde logo, como xa fixemos o ano pasado, me parece, vamos a votar en contra deste Plan. Nada máis. Moitas grazas.

D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz de Democracia Ourensana: sí, algo tan importante como este Plan de obras, pues traerlo por vía de urgencia, demuestra que son realmente, primeiro algo trilerero y chapucero, porque es algo vital. Es esto más importante que todas las mociones anteriores. Las mociones anteriores muchas eran instar, que no sirve para nada, esto ya es algo que tiene muchísima más trascendencia y, además, es operativo. Es curioso porque lo superfluo lo traen en tiempo y forma y esto, lo importante, realmente no. Es una chapuza y demuestra también el respeto que le tienen a la oposición. Decir, simplemente, que ustedes siguen haciendo el mismo modus operandi. En esta provincia hay en torno a 300 empresas de construcción y al final el 75% de las obras de la Diputación, se las acaben llevando un 5%. Los cinco de siempre. Entonces, ¿cómo se hace? Con pequeños juegos legales, al borde de la ilegalidad, para dárselo siempre a estas empresas. Obviamente aquí es donde se ve, que es curioso porque cuando ustedes asignan esto a dedo, a muchas de estas empresas –que la ley lo permite, obviamente-, estas empresas no hacen ningún

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 21 de decembro de 2018
--

descuento especial; pero luego cuando pasa de cierta cantidad y estas empresas a las que ustedes han beneficiado tienen que concurrir, ahí van con bajas del 40% de lo presupuestado inicialmente por la Diputación. O sea, que realmente también lo podían bajar en lo otro; pero como lo otro es a dedo no lo bajan. O sea, ¡imagínate el dinero que estamos perdiendo! Es un argumento, yo creo que ahí, irrefutable en ese sentido. Nada más, nosotros en cualquier caso... luego está, aparte, el reparto que se hace; el reparto que se hace es para hacer obras, principalmente, en alcaldes del Partido Popular y en alcaldes donde no gobierna el Partido Popular, pues, intentarle dar ni agua. Eso también demuestra que utilizan la Diputación en su propio criterio electoral y nunca lo que realmente necesita esta provincia. En cualquier caso, no vamos a votar en contra porque ya lo decía Julio Iglesias en su famosa canción, *¿cómo era?, las obras quedan, las gentes se van, otros que vienen las continuarán. La vida sigue igual*. Pues eso, a ver si es verdad que las obras quedan y las gentes se vayan (por ustedes) en las próximas elecciones municipales.

D.^a Elvira Lama Fernández, portavoz do Grupo Socialista: grazas presidente. Como vimos defendendo ultimamente, o Plan quédase pequeno, cada ano máis raquítico; sobre todo porque, cada ano, os concellos necesitan facer máis obras e este ano vemos como o Plan merma, nada menos, que nun millón de euros. A rede viaria, por outra parte, da Deputación provincial en moitos concellos deixa moito que desexar, sobre todo para aqueles que fan uso diario desas estradas. 48.000 € por Concello tampouco é unha grande achega, sobre todo se, como dicían ou dicían (señor Plácido, o ano pasado, creo recordar repasando as actas, que no 2019) ían chegar aos 60.000 € de achegas para este Plan para cada concello. Isto o que evidencia é que están vostedes moi lonxe dos datos que manexan e das inversións que manexan outras Deputacións e non me quero poñer, nin quero comparar, porque ás veces as comparacións son odiosas, con outras deputacións de Galicia; pero si podemos facelo coa Deputación de Lugo, por exemplo, onde, como citaba o compañeiro, ese Plan Único dálle 21 millóns de euros para os concellos, co cal, máis ou menos, veñen a tocar a 150-200.000 € incluso os máis grandes ata 500.000 € por concello, que xa algúns dos que están sentados nesa bancada –os nosos tamén– lles gustaría e 15 millóns de euros para a mellora de estradas; é dicir, para a rede viaria. Polo tanto, moi lonxe dese investimento que, nada menos, acada a cifra de 36 millóns de euros de reparto por parte da Deputación de Lugo, xa pode vostede copiar o modelo e facer un reparto máis ou

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 21 de decembro de 2018
--

menos similar. Polo tanto, nós seguindo o que facíamos en Plenos anteriores, imos a optar pola abstención.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular: grazas presidente. Moi brevemente porque aínda que o Pleno teña 11 puntos, 14 ou 21, temos que estar aquí 5 horas; parece que nos puxemos todos esa meta. Entón, vamos a ver se hoxe podemos estar menos das cinco. Moi brevemente, como digo, pero quixera destacar que a presentación deste Plan (e parece mentira a xente veterana nesta casa que non o entenda así) como moción de urxencia vén dada pola necesidade de que os concellos poidan iniciar, a principios do ano 19, coa previsión exacta do que poden investir, en qué obra e cómo. Non sei que exame queren facer vostedes - será que non son alcaldes e non tiveron responsabilidades de goberno - non sei que exame queren facer vostedes sobre a autonomía municipal porque o Plan Provincial é o reflexo da autonomía municipal. Cada concello, de acordo coas bases que aprobamos aquí, pide as obras que pide e nós respectámolas a *rajatabla*. Eu non sei que vostedes, señor Rodríguez Suárez que vostede xa é veterano de guerra coma min, non sei que lle quixería examinar vostede ao Plan, non o sei; pero hai que dicir algo, sexa o que sexa, hai que dicir algo. Pois ben, como xa dixemos no Pleno de setembro, non presenta grandes cambios o Plan, non os presenta e, de paso, recordarlle á señora Lama, algo lle direi despois tamén, pero recordarlle que, efectivamente algo se rebaixou o Plan Provincial de Obras e Servizos un importe; pero non esqueza vostede que incrementamos o de empregabilidade. E non foi un capricho do presidente, nin do equipo de goberno, foi escoitando as demandas dos alcaldes desta provincia; algúns igual están aí sentados. Convén deixar ben claro que este Plan comprende – repito - comprende e déixeno claro, as obras solicitadas polos concellos - non hai ningún capricho, nin da Presidencia, nin do equipo de goberno, para nada - e, como figura na proposta da Presidencia, o Plan de Cooperación e de Estradas ten unha contía total que supera os 6,8 millóns de euros. Polo que respecta ás obras municipais, o orzamento é de máis de 5,1; dos que máis, máis, de 4,2 millóns son achegados pola Deputación e o resto, en torno a 900.000, polos concellos. Tamén se mantén o réxime especial, que non debemos esquecer, para concellos en situación de insuficiencia financeira manifesta, para que poidan destinar a achega do Plan Provincial –e dou o dato- un total de 192.000 € á amortización de débeda ou financiar gasto corrente de servizos mínimos obrigatorios como así consta nas bases. Os concellos que

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 21 de decembro de 2018

xustificaron estes casos, estes supostos, e contan co informe favorable da Intervención desta Deputación son os de Blancos, A Bola, Lobeira e Trives; os que, dentro da súa autonomía municipal e respectando estas condicións que din as bases, así o decidiron. Autonomía municipal. Ademais, a mellora e conservación da rede viaria provincial, terá un orzamento de 1,5 millóns de euros sen deixar, señora Lama, de citar a cifra de outros 376.000 que, como aquí tamén se dixo nalgún outro momento, destinaranse ao acondicionamento e mellora integral da estrada OU-1006 que une Vilardevós coa localidade de Vilarello da Cota. Anúnciolle tamén, porque así o dixo o presidente, e recórdollo, no primeiro expediente de modificación de crédito que traíamos a este Pleno haberá un incremento nestas obras; non o dubiden. Na proposta que estamos a presentar, tamén se inclúe un Plan complementario que ten como finalidade dispoñer de proxectos técnicos que se executarían na medida na que haxa crédito suficiente, ben por anulación das obras, dalgunhas, ou baixas na licitación. Este Plan complementario ten outra finalidade que é obter a declaración de utilidade pública para aquelas obras que requiran a expropiación forzosa de terreos; de aí que algúns *ayuntamientos* solicitemos a inclusión no Plan desas obras para avanzar nos trámites da expropiación. Téñano en consideración tamén. O Plan complementario está dotado con máis de 3 millóns de euros, dos que a práctica totalidade serán achegados pola Deputación e, tan só, 82 millóns de euros; perdón 82.000 € ;xa estaría ben que foran 82 millóns!, 82.000 € restantes corresponderán aos concellos. No tocante á rede viaria provincial, o Plan complementario disporá case de 9,4 millóns de euros, cantidade importante e aínda insuficiente. A ver qué esforzo podemos facer para aproximarnos a esa cantidade. Outro dato importante a ter en conta, o dos prazos, xa o dixen no BenOurense anteriormente, vólvo dicir, dado que algún – e o dixo tamén o señor secretario na lectura do ditame - dado que algúns dos concellos non presentaron as súas solicitudes no tempo fixado e por non tratarse dun proceso de concorrencia competitiva, a proposta da Presidencia formula unha ampliación do prazo para que as presenten. A ver se é o último ano que pasa isto. Todo isto, señoras e señores deputado, no plano do goberno. No ámbito político, e a sabendas das críticas que nos fan vostedes, unha e outra vez, nós, como non podería ser doutro xeito, defendemos este Plan cos mesmos criterios que vimos utilizando no presente mandato. É dicir, o diñeiro asignado a cada concello baséase nun Plan e nunhas bases; non hai caprichos como aquí se insinuou. Un Plan que ten unha determinada

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 21 de decembro de 2018
--

orientación para que, respectando o principio de autonomía municipal, repito unha vez máis, o seu investimento sexa acorde ás necesidades dos concellos e da súa veciñanza. En resumo, sabemos de sobra que non lles gusta, xa o sabemos, non fai falta que nolo digan; pero a nós tampouco nos gusta, para nada, que nos traten de converter en meros repartidores de cartos e moito menos, moito menos, como xa vimos neste mesmo Pleno impondo, ou tratando de imponer, os seus criterios ao marxe das urnas. Nada máis, moitas grazas pola súa atención.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 11ª da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 11ª](#).

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (14), a abstención do Grupo Socialista (7) e de Democracia Ourensana (2) e o voto en contra do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais 2019 (Plan Base), co detalle que figura na relación de obras para o efecto redactada, co seguinte resumo:

PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN E ESTRADAS			
	DEPUTACIÓN	CONCELLOS	TOTAL
1.- Obras municipais	4.246.500,00 €	925.750,02 €	5.172.250,02 €
2.- Réxime especial para concellos en situación de insuficiencia financeira manifesta	192.000,00 €		192.000,00 €
2.- Rede Viaria Deputación	1.500.000,00 €		1.500.000,00 €
TOTAL	5.938.500,00 €	925.750,02 €	6.864.250,02 €

PLAN COMPLEMENTARIO			
	DEPUTACIÓN	CONCELLOS	TOTAL
Obras municipais	2.976.000,00 €	82.750,00 €	3.058.750,00 €
Rede Viaria Deputación	9.396.713,53 €		9.396.713,53 €

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 21 de decembro de 2018
--

2ª.- Darlles un prazo, adicional, ata o 28 de decembro de 2018, aos concellos que non presentaron as solicitudes de obras dentro do prazo establecido para estes efectos, co fin de que poidan chegar as súas solicitudes.

3º.- Someter o Plan a información pública mediante anuncio no BOP, para que se poidan formular alegacións ou reclamacións durante o prazo de 10 días. Se se presentan alegacións ou reclamacións o Plan debe ser sometido novamente á Corporación Provincial, para o acordo de aprobación definitiva.

No caso de que non se presenten alegacións ou reclamacións, o Plan entenderase definitivamente aprobado, sen necesidade de novo acordo.

12º.- DACIÓN DE CONTA DAS SEGUINTE RELACIÓNS DE DECRETOS:

Para cumprir co establecido no artigo 62 do vixente Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Entidades Locais (aprobado por Real Decreto 2568/1986 do 28 de novembro, e publicado no BOE do 22 de decembro), dáselle conta ao pleno das relacións de decretos do mes de novembro de 2018 (físicos e electrónicos) e dos seguintes adicionais:

- Presidencia: 2º de maio, 2º de xuño, 2º de xullo, 2º de setembro e 1º de outubro de 2018.
- Deputado delegado de Facenda: 2º de xullo, 3º de agosto, 2º de setembro e 1º de outubro de 2018.
- Deputado delegado de Cooperación e Seguimento do Mandato 2015-2019: 1 de setembro de 2018.

Os membros da Corporación quedan informados.

13º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

Sr. presidente: constan presentadas dúas preguntas, para ser formuladas e respostadas oralmente no Pleno, por dona Elvira Lama. Ten a palabra.

D.ª Elvira Lama Fernández, portavoz do Grupo Socialista: grazas presidente. Dúas preguntas, ben algunha máis. O actual presidente da Deputación, vostede, ten desenvolvido unha ampla axenda de viaxes a diversas partes do mundo. Unha vez que está próximo a concluír este mandato, solicitamos do presidente desta institución que realice ante o pleno un

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 21 de decembro de 2018
--

informe sobre cada unha das viaxes realizadas ata o día de hoxe, con indicación do seu obxecto, comitiva, logros concretos acadados e custo de cada desprazamento, tanto internacionais como nacionais.

Sr. presidente: grazas. Dou lectura ao informe elaborado pola dirección da Área de Transparencia desta Deputación. Concretamente no apartado de información sobre os cargos electos e o persoal da Deputación en gastos de viaxe orixinados polo presidente e os deputados, pódense consultar as viaxes do presidente desde o 1 de setembro de 2015 ata o día da data. Neste apartado pódense examinar data, destino, *dieta* e o seu obxecto. Igualmente, de todas as xuntanzas e actividades do presidente publícanse na web da Deputación as correspondentes notas informativas que conteñen todos os datos posibles sobre lugar, día, obxecto e resultados, publicándose tamén nos perfís das redes sociais, onde a Deputación de Ourense lidera os *rankings* neste apartado tendo en conta a todos os gobernos provinciais en España. Cando se solicitou información adicional sobre calquera das viaxes, como non podía ser doutro xeito, foi facilitada. Concretamente o Grupo Socialista, no período indicado, formulou, a través do deputado don José Ignacio Gómez Pérez, diversas cuestións que obtiveron cumprida resposta e sendas contestacións de data 26 de outubro de 2015, 28 de abril de 2016, 9 de maio de 2016, 20 de xuño de 2017 e 27 de abril de 2017.

D.^a Elvira Lama Fernández, portavoz do Grupo Socialista: non cremos que as notas informativas teñan todos os extremos que lle acabamos de pedir aquí, pero de todas maneiras xa o faremos por escrito. O presidente da Deputación vén presumindo reiteradamente de facer públicos os datos sobre as decisións e acordos desta entidade, os seus datos económicos e demais información que deben ser accesibles para os cidadáns de acordo coa normativa en vigor en materia de transparencia, vostede que tanto se gaba de ser transparente e de que o cualifican así axencias internacionais. En diversas ocasións temos posto de relevo a falta de actualización na páxina web da Deputación de información fundamental desta entidade. Por isto, queremos saber cando se vai actualizar a información importante desta institución para que sexa accesible para os cidadáns. E concretolle, por exemplo, relación de contratos menores de obras en vigor, os últimos son de outubro de 2017; mesas de contratación, os últimos datos que aparecen na páxina son de 2015 e moitos enlaces lévannos a páxinas que están anticuadas e incluso a páxinas que conteñen datos do anterior mandato.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 21 de decembro de 2018
--

Sr. presidente: voulle dar lectura á contestación en relación coa pregunta que formula no escrito que me dirixiu. Os outros extremos que acaba de engadir neste intre, como figura na gravación desta sesión, seranlle respostados tamén por escrito. En relación co obxecto da pregunta en resposta á cuestión formulada e tendo en conta o informe elaborado polo director da Área de Transparencia e Goberno Aberto, indicar que hai varios métodos de análise e avaliación da transparencia institucional, non hai un criterio único homoxeneizado, todos miden como mínimo o cumprimento da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo goberno. Na actualidade, os máis destacados que avalían ás deputacións son: en primeiro lugar o INDIP, Índice de Transparencia Institucional, que mide o nivel de transparencia da Deputación, avaliando os datos e a información que se fai pública na páxina web, a través de 80 indicadores en 6 áreas. Na derradeira avaliación a Deputación de Ourense ocupou o posto 7, cun índice de cumprimento do 95,6% respecto aos 80 ítems que marca este indicativo. En segundo lugar, a Asociación Transparencia Pública Dyntra, mide o nivel de transparencia de forma dinámica en 187 indicadores distribuídos en 6 áreas. Este índice actualízase diariamente, e as propias deputacións avalíanse entre si, co que ao ser unha ferramenta colaborativa garante o cumprimento. A día de hoxe a Deputación de Ourense ocupa o primeiro posto cun índice de cumprimento do 87,17%. Na páxina web os datos actualízanse na medida do posible, sempre en cumprimento da Lei 19/2013, do 9 de decembro, e a maiores de todos os indicadores que marca a lei de transparencia, na web da Deputación Provincial tamén se publican outros de xeito adicional que os complementan e que levan a que a Deputación de Ourense se atope á cabeza no eido da transparencia das deputacións de España. Indicar así mesmo que, a maiores da información que se atopa publicada na páxina web, todas as peticións de información realizadas tanto polos grupos políticos como polos cidadáns, a través de transparencia, foron respostadas. Isto é o que me di o director da Área de Transparencia. ¿Algunha outra pregunta ou rogo?

D.^a Elvira Lama Fernández, portavoz do Grupo Socialista: como son nova na portavocía, estoume estreando, simplemente dúas cuestións ¿cal é a razón pola que o presidente non asiste ás reunións convocadas para consulta cos portavoces? Entendemos que neste órgano, que ten por obxecto que a Presidencia decida que puntos da orde do día poden entrar ao plenario e cales non, e incluso chegar a un certo consenso, se vostede está ausente pois loxicamente outros teñen que tomar as decisións por vostede.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 21 de decembro de 2018
--

Sr. presidente: confío plenamente en quen me representa, que é vicepresidente primeiro desta entidade. Estou ao momento informado de todas as cuestións que alí se dilucidan, e sei tamén o resultado das votacións, se é que se realizan.

D.^a Elvira Lama Fernández, portavoz do Grupo Socialista: outra cuestión ¿cal é a razón pola que vostede non asiste tampouco ás xuntas de goberno que preside?

Sr. presidente: pois é a mesma razón que lle acabo de dicir en relación coa xunta de portavoces. Somos un equipo perfectamente integrado, con catorce membros, e ao vicepresidente primeiro lle corresponden esas funcións. ¿Algunha outra cuestión? BNG, imos por orde.

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG: grazas señor presidente. Eu teño dúas cuestións. A primeira é que vostede ven de pronunciarse nos medios de comunicación a respecto do debate xurdido pola A-76. Se non lembro mal dixo literalmente que estamos en contra de todas aquelas modificacións que non se fan con consenso e máxima participación. Vostede parece falar en nome da Deputación, como se a Deputación fose só vostede, en todo caso ¿podería dicirnos cal é a alternativa que defende en canto á comunicación con Ponferrada?

Sr. presidente: fareille chegar un informe en relación co que me acaba de solicitar, pero tense que dar conta de que o máximo representante do goberno provincial é o presidente e cando o presidente fala, fala en nome dese goberno e posiciona á entidade á que representa.

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG: moitas grazas, agardo entón por esas explicacións por escrito. A segunda cuestión –xa saíu ao longo do día de hoxe no debate– ven a colación da noticia que sabemos tamén hoxe, de que a Deputación está obrigada a regularizar a cinco falsos autónomos no Paco Paz. Á parte do que xa se explicou nós pediríamos toda a información sobre este tema, e tamén preguntamos se hai máis casos como estes noutros servizos.

Sr. presidente: en relación coa cuestión suscitada xa o Sr. vicepresidente segundo, no debate correspondente, deixou clara cal era a posición e a situación en relación con ese tema.

D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz de Democracia Ourensana: una vez que se concluyó el último festival de cine, o pesadilla en Elm Street (como quieran), pues resulta que dio unas cifras el presidente de la Diputación y creo que hablaba de en torno a 1.000 espectadores y 21.000 euros de recaudación en entradas (más o menos, las cifras que se dijo

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 21 de decembro de 2018
--

públicamente o algo así). Nosotros hicimos un trabajo en el que enviamos a personal de Democracia Ourensana a todas las proyecciones para realmente sacar fotos y ver cuanta gente iba, y si nosotros multiplicamos en las proyecciones, digamos de 5 o 6 días por 5 proyecciones de media, a una media de 50, en algunas había 28, en las otras ciento y pico (una media de 50) nos da entorno a 1.500 espectadores. Si a esto le sumamos los días de inauguración y clausura, además era gratuito, pues nos puede dar a otros tres mil, con lo cual hay una diferencia, hay un 66% menos de los que se nos anunciaba, y además 3.000 euros si le ponemos las entradas obviamente esto va en torno a 10.000 euros el coste. Entonces ¿de dónde saca esas cifras? ¿Cómo se puede constatar? Estamos aquí ante una falsificación de datos o falsificación de cuentas o algo.

Sr. presidente: constareille por escrito.

D. Miguel Bautista Carballo, do Grupo Socialista: bos días. Un rogo e logo un desexo. Os socialistas de Viana levan pelexando pola estrada de San Agustiño. Neste último ano fixeron outra iniciativa, e esta semana reuniuse a comisión, comisión na que estaba Fran e tamén estaba eu, estaban os concelleiros de Viana que quixeron vir, e estaba Pablo (por certo, iso de palo se remas e palo se non remas non, como estás remando neste tema voute felicitar, porque a verdade quitarlle tantos cartos a unha eléctrica ... de verdade, é un tema que eu coñezo, e voute felicitar, pero ben). A cuestión é a seguinte: sabes que hai por aí unha carta, unha historia, eu pediría que se reunira canto máis pronto mellor esa comisión, que aclaremos cal é a situación e que aclaremos que é o que quere facer o grupo de goberno, que queren arranxar o que non queren arranxar. Quero dicir, por favor convóquenos canto antes (perdón presidente diríxome a Pablo porque é o que leva el, e diríxome a el con toda a boa vontade do mundo). É dicir, convócanos, os únicos que están a sufrir son os veciños, entón, por favor arranxar xa esa estrada, que si estamos no punto xa definitivo, pero non perdamos agora a visión. O desexo é para todo o mundo: paz, felicidade e feliz Nadal e próspero ano 2019 para todos e para todas, e amor.

Sr. presidente: tomamos nota neste apartado de rogos, preguntas e desexos. ¿Algunha cuestión máis? Pois se non hai sumámonos a todos eses desexos para todos. Grazas.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 13º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 13º](#).

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 21 de decembro de 2018
--

E, ás 14.40 horas do día 21 de decembro de 2018, o Sr. presidente deu por rematada a devandita sesión ordinaria do Pleno da Deputación de Ourense, da que se redacta a presente acta, que se asinará segundo o legalmente establecido. Dou fe.

O PRESIDENTE,

O SECRETARIO,